



REM (Revista de Estudos Miñoranos) e unha publicación anual do IEM (Instituto de Estudos Miñoranos) que ten como obxectivos: Divulgar a cultura e, en xeral, todo o referente ao patrimonio natural, histórico, artístico, arquitectónico, etnográfico, lingüístico, etc., dos tres concellos do Val Miñor; Promover a realización de estudos de todo tipo sobre os ámbitos sinalados; Impulsar calquera actividade encamiñada á divulgación destes aspectos; Fomentar a conservación e respecto polo patrimonio miñorano como un ben económico e cultural actual.



Revista de Estudos Miñoranos

REM

Nº 10/11  
2013

## Revista de Estudos Miñoranos

**Dossier “Porto do Molle” ■ O Val Miñor, un espazo social e local vulnerable, José R. Ojea Vidal | Transformacións espaciais no Val Miñor. O impacto do Porto do Molle, Xosé Manuel Souto González (Instituto de Estudos Vigüeses) | Porto do Molle como imán: das corredeiras á mobilidade sostible, David Reiner González | E se non funcionase?, Teresa Táboas Veleiro | Un casal do cabido de Tui fronte ao Porto do Molle. Documento do século XIV, Xulián Maure Rivas | Cartografía e toponimia na costa sur de Galicia, Gonzalo Méndez Martínez | Igadi: no Miñor, no Mundo, Xulio Ríos | Espazo Lectura: novos espazos lectores no Val Miñor, Concha Costas | Apuntamentos de Frei Martín Sarmiento no Val Miñor, Xurxo Martínez González | Os naufraxios do mar de Baiona. Xosé Lois Vilar Pedreira | Deleiba no patrimonio arqueolóxico. Xilberte Manso**

Homenaxe a Ferrín.  
Augaforte e augatinta.  
90x74cm. 2008



ESPECIAL ARTE

**Armando López Guerra, hoxe e na memoria.**  
X.L. Méndez Ferrín

**O peso da espontaneidade.** Armando Guerra

O MEU VAL MIÑOR

**Silencio de salitre.** Baldo Ramos

**Docemente agreste.** Mirta Gozza Coll

RETRINCOS

**Cum subit illius...** Demetrio López Garrido

**Francisco Fernández del Riego.** Xilberte Manso

AS NOVAS DO IEM







# Revista de Estudios Miñoraños

Nº 10-11 | 2013



## **IEM (Instituto de Estudos Miñoranos)**

### **Redacción e administración:**

Aula de Cultura "Ponte de Rosas"  
Avda. Da feira 10, baixo, 36380 Gondomar  
Apartado 30, 36380, Gondomar.  
Tel: 986360575  
680 644 490  
e-mail: [direccionminhor.org](mailto:direccionminhor.org)  
Web: <http://www.minhor.org>

**Director:** Carlos Méixome Quinteiro

**Coordinador da edición:** X. M. Rivas

**Asesoramento lingüístico:** Miguel Anxo Mouriño.

**Deseño da cabeceira:** Fernando Pol (+)

**Ilustración da cuberta:** Armando Guerra

**Fotografías:** Dos autores e do arquivo do IEM (B. Centelles, X. Manso e X.L. Vilar)

**Impresión:** Imagraf

© **Edición:** Obradorio Gráfico Nova Galicia Edicións ([www.novagalicia.com](http://www.novagalicia.com))

### **Depósito Legal:**

**I.S.B.N.:**

**I.S.S.N.:**



### **Revista de Estudos Miñoranos é unha publicación anual do IEM**

As opinións dos artigos non reflicten necesariamente as do Instituto de Estudos Miñoranos e son responsabilidade dos autores.

Pódese reproducir total ou parcialmente, sempre que se cite a procedencia.

---

## Índice

DOSSIER “PORTO DO MOLLE” .....	7
<b>O Val Miñor, un espazo social e local vulnerable,</b> José R. OJEA VIDAL .....	9
<b>Transformacións espaciais no Val Miñor. O impacto do Porto do Molle.</b> Xosé Manuel SOUTO GONZÁLEZ (Instituto de Estudos Vigüeses) .....	17
<b>Porto do Molle como imán: das corredeiras á mobilidade sostible.</b> David Reineró González .....	33
<b>E se non funcionase?</b> Teresa Táboas Veleiro .....	39
<b>Un casal do cabido de Tui fronte ao Porto do Molle. Documento do século XIV.</b> Xulián Maure Rivas .....	49
<b>Cartografía e toponimia na costa sur de Galicia.</b> Gonzalo Méndez Martínez .....	57
<b>Igadi: no Miñor, no Mundo.</b> Xulio Ríos. ....	67
<b>Espazo Lectura: novos espazos lectores no Val Miñor.</b> Concha Costas .....	77
<b>Apuntamentos de Frei Martín Sarmiento no Val Miñor.</b> Xurxo Martínez González .....	87
<b>Os naufraxios do mar de Baiona.</b> Xosé Lois Vilar Pedreira .....	93
<b>Deleiba no patrimonio arqueolóxico.</b> Xilberte Manso. ....	95



ESPECIAL ARTE.....	107
<b>Armando López Guerra, hoxe e na memoria.</b>	
X.L. Méndez Ferrín .....	109
<b>O peso da espontaneidade.</b>	
Armando Guerra .....	111
O MEU VAL MIÑOR.....	123
<b>Silencio de salitre.</b> Baldo Ramos .....	125
<b>Docemente agreste.</b> Mirta Gozza Coll .....	129
RETRINCOS.....	131
<b>Cum subit illius...</b> Demetrio López Garrido .....	133
<b>Francisco Fernández del Riego.</b> Xilberte Manso .....	135
AS NOVAS DO IEM.....	139
ÍNDICE DE COLABORADORES E COLABORADORAS.....	177



---

## DOSSIER PORTO DO MOLLE

---

- *Val minor, un espazo social e local vulnerable*
- *Transformacins Espaciais No Val Minor. O impacto do Porto do Molle.*
- *Porto do Molle como imn: das corredoiras  mobilidade sostible*
- *E se non funcionase?*
- *Un casal do cabido de Tui fronte ao Porto do Molle*







## *Val miñor, un espazo social e local vulnerable*

José R. Ojea Vidal

### PRESENTACIÓN

O espazo natural, político e social que constitúe o Val Miñor non está á marxe da dinámica dos cambios vertixinosos que se están a producir na sociedade. A crise actual significa o deceso da etapa anterior e a súa superación está unida a un cambio dos modelos económicos, sociais e políticos actuais. Este cambio está sendo provocado por innumerables forzas. A globalización, o cambio climático ou a escaseza de recursos económicos e enerxéticos producirán tensións e o seu impacto será positivo ou negativo en función da capacidade de adaptación ao cambio que teñan as sociedades nas que inciden. Neste artigo reflexiónase sobre algúns destes aspectos, os riscos que levan consigo e a necesidade de organizármonos socialmente para que a nosa actitude non se fundamente unha vez máis no “xa se verá!”.

### ANTE O IMPACTO DA GLOBALIZACIÓN

A globalización é unha forza imparable que está afectando intensamente a todas as sociedades. Nun informe recente de Nacións Unidas, elaborado pola Comisión Mundial sobre a Dimensión Social da Globalización, establécese que aqueles pobos que logren converter a globalización nunha forza positiva se poderán beneficiar das oportunidades que leva consigo e mellorar as súas condicións de vida. Isto sucederá na medida en que os efectos da propia globalización se vexan sometidos a unha mellor gobernanza en todos os planos, que só se poderá exercitar mediante a motivación e estimulación de redes de persoas e ideas así como mediante as interaccións económicas e sociais derivadas da propia globalización.

É preciso subliñar dous dos innumerables efectos que a globalización pode ter sobre as nosas vidas. Por unha banda, está o fenómeno da ‘deslocalización’ e, por outra, o ‘alcance global dos medios de comunicación’. Se ben o primeiro provoca unha forte diminución do emprego, o segundo implica que a industria do ocio e o turismo acceda a espazos naturais privilexiados provocando tensións nas culturas



locais que afectan de cheo ao sentido de identidade ou, o que é o mesmo, ao conxunto de valores que unen a un colectivo e sobre os que basean a súa proxección cara ao exterior.

Se un espazo local está dotado dunha estrutura de goberno solvente, unha economía equilibrada, unha herdanza cultural e unha estrutura social organizada que colabora activamente na gobernanza do seu ámbito, estará nunha situación privilexiada para manter a súa propia identidade e resistir ás imposicións non desexadas. Pero é aquí precisamente onde nos podemos atopar cun serio problema, posto que a miúdo aos galegos nos custa comprometer nos, deixamos actuar a outros, aceptamos as cousas tal e como veñen e reaccionamos só se as consecuencias non parecen adversas. Non ser previsores é unha actitude de moi alto risco nunha época na que os acontecementos se suceden rapidamente.

Contamos no Val Miñor cun modelo de desenvolvemento? Coido que non. É un mal punto de partida que non dispoñamos dun pacto local que recolla as inquedanzas futuras dos cidadáns da comarca que nos blinde ante o intrusismo de actuacións que, derivadas de intereses económicos que nos son alleos, poidan prexudicarnos e reconfigurar sen control o noso espazo social e natural

A finais dos anos 50, un grupo investidor estivo a piques de instalar en Monteferro unha grande refinaría de petróleo. É doado imaxinarse como sería agora o Val Miñor de levarse a cabo este proxecto. Todos somos coñecedores das feridas do noso espazo derivadas da ambición especulativa de determinadas persoas influentes en diferentes niveis de poder así como das mobilizacións sociais que permitiron deter outras aberracións urbanísticas tales como a urbanización de Monteferro ou o barco da Foz, por citar dous exemplos.

Os espazos locais son considerados compoñentes explícitos da Unión Europea. Unha integración estratéxica dos municipios do val acompañada dun modelo de desenvolvemento sostible desde múltiples perspectivas elaborado conxuntamente polos axentes sociais da área, sería imprescindible para consolidar a nosa identidade e proxectala ao mundo como referente dunha sociedade moderna, organizada, solidaria e comprometida co seu ámbito a través dun modelo económico sostible en todos os aspectos.

A identidade constrúese baseándose en valores que na nosa sociedade semellan estar a perderse. Hai quen cre que a fe, a familia e o traballo son valores que están desaparecendo. Desde o noso punto de vista, máis que perderse, os valores estanse a renovar. Froito da evolución da sociedade, están emerxendo cada vez con máis forza valores que para moitos de nós non existían ata hai pouco tempo: a liberdade, o acceso ao coñecemento, a sensibilidade polo medio ou a solidariedade. Quizais esteamos totalmente desadestrados no exercicio da posta en común destes valores, o que implica que como ente social ligado a un espazo local sexamos extremadamente vulnerables nunha sociedade inevitablemente sometida ás forzas da globalización.

O que nos debe mobilizar non é só pensar no noso benestar senón o feito de que os que agora residimos no Val Miñor somos meros administradores usufrutuarios dun patrimonio natural que non nos pertence e que pasará inevitablemente ás xeracións futuras. Cada unha das agresións ao medio que infrinxamos ou consintamos significará unha ferida permanente que as xeracións futuras e os nosos descendentes non nos perdoarán.

Os cidadáns do Val Miñor, ao igual que o resto dos cidadáns galegos, adoitamos ser individualistas e pouco sociables, o que na actualidade nos leva a unha perda total da nosa identidade. Observemos e aprendamos doutras sociedades que adoptan modelos de desenvolvemento e se organizan precisamente para non pasar desapercibidas. Desenvolvamos a nosa propia estratexia como colectivo a través dun debate social organizado. Lamentablemente, ata a data, ningunha institución se ten preocupado por estes aspectos, quizais por integrar unha lista de valores que por obsoletos e ineficientes están sendo cuestionados e precisan dalgunha alternativa.

## PORTO DO MOLLE: UNHA AMEAZA OU UNHA OPORTUNIDADE?

Como xa dixemos, a deslocalización é outra das consecuencias da globalización. Este fenómeno, non tan recente, ten dúas vertentes. Unha delas é o traslado das empresas que viñeron buscando ao noso país man de obra a baixo custo e que agora están deixando un considerable ronsel de desempregados. Pero a esta grave deslocalización, hai que engadir a chamada deslocalización do talento, tanto ou máis importante, provocada pola falta de oportunidades de traballo para persoas cualificadas no noso ámbito. Moitas destas persoas, cuxos custos de formación asumimos en Galicia, acaban sendo captadas por sectores emerxentes en sociedades máis dinámicas e avanzadas, e polo tanto rentabilizadas social e economicamente noutras rexións ou países, acelerando aínda máis a brecha que nos separa dos demais no tocante ao benestar.

A continuación, presentamos unha táboa que reflicte os pesos dos sistemas produtivos que xeran o 90% do Valor Engadido Bruto no Val Miñor.

	2005	2006	2007	2008	2005-2008
Construción	31,69%	30,44%	28,57%	25,86%	-18,40%
Industria auxiliar	11,85%	13,28%	12,99%	15,24%	28,58%
Maquinaria e equipo	11,02%	12,24%	12,72%	14,32%	29,98%
Agroalimentario	8,02%	7,93%	8,15%	9,38%	16,91%
Automoción e equipo transportes	10,76%	9,89%	10,38%	9,36%	-13,04%
Madeira e moble	6,25%	6,53%	6,40%	5,52%	-11,67%
Información e coñecemento	4,02%	4,08%	4,04%	3,93%	-2,22%
Turismo, viaxes e ocio	4,35%	3,67%	4,20%	3,23%	-25,89%
Naval	1,54%	1,72%	1,59%	2,42%	57,18%

Fonte: ARDÁN, Consorcio Zona Franca de Vigo

Se examinamos esta táboa detidamente, atopámonos con datos reveladores. O peso das actividades económicas empresariais da área está concentrado en poucos sectores que ademais son moi tradicionais. A construción, a industria auxiliar e a maquinaria e equipo representan máis do 50% da actividade total, no primeiro dos



casos cun crecemento negativo cando aínda a crise inmobiliaria estaba nos seus albores. Respecto ao turismo, viaxes e ocio, debemos destacar o seu relativo baixo peso no conxunto, –segundo os datos oficiais– cando existe a idea xeneralizada de que é un sector estratéxico. Estaranse a facer ben as cousas neste sector sorprendentemente superado polo sector da información e do coñecemento? Cando chegaremos a desprendernos do veo que nos impide ver a realidade?

Por outra parte é importante destacar a falta de sectores que, pola súa ausencia, provocan unha deslocalización do talento máis que unha deslocalización industrial. Estes sectores están ligados aos novos ámbitos tecnolóxicos que están a transformar a sociedade actual, é dicir as tecnoloxías da información e da comunicación, a aeronáutica, o medio, a enerxía e as biociencias, entre outros.

Un dos instrumentos das políticas de desenvolvemento locais e rexionais máis eficaces son as infraestruturas avanzadas entre as que se atopan os parques empresariais. Hoxe en día non se concibe un parque empresarial que non esixa ás empresas e actividades que teñan en conta temas como a xeración de emprego cualificado, a diversificación de sectores económicos (industria e servizos), a atracción de empresas de sectores emerxentes, a intransixencia coa aplicación de políticas de sostibilidade ambiental, a eficiencia enerxética e a facilidade dunha convivencia harmónica co territorio e os seus axentes sociais.

Nestes momentos, o parque empresarial Porto do Molle pode ser, polas súas características dotacionais, a situación estratéxica e o ámbito ambiental no que se atopa, a mellor dotación de solo empresarial de Galicia. Con políticas axeitadas de promoción e apoio pode ter a oportunidade de converterse nun referente único de desenvolvemento económico sostible, o cal sería moi desexable para os cidadáns do Val Miñor.

Mesmo antes de coñecer a tipoloxía definitiva das actividades que se van desenvolver, podemos asegurar que unha actuación desta magnitude vai ter un enorme impacto. Os parques empresariais actúan como focos de atracción para un importante volume de investimento privado e contribúen a dinamizar e facer máis competitivas aquelas áreas nas que se sitúan. Así mesmo, permiten crear postos de traballo directos ademais dos inducidos en sectores e servizos complementarios.

Segundo un estudo da APTE (Asociación Española de Parques Científicos e Tecnolóxicos), 2007, *Estudio del impacto socioeconómico de los parques científicos y tecnológicos españoles*, o impacto económico dun parque no total dunha provincia sería o seguinte con datos de Pontevedra:

**% sobre o PIB provincial: 3,49%,  
o que representa 229.754.714 €**

**% sobre o emprego provincial: 3,43%,  
o que representará en 2015: 4.506 empregados**

Estas cifras non deben sorprendernos. Se analizamos outros parques xa existentes en Galicia como Balaídos en Vigo, ou Arteixo na Coruña, veríamos como estas cifran están moi por debaixo das xeradas polos exemplos citados.

O esquema seguinte mostra os datos agregados de 192 empresas da área económica do Val Miñor:

**Incremento 5% anual 2008-2014, 2015 con impacto Parque**

	2006	2007	2008	2014	2015
<b>Valor Engadido</b>	90.585.505	98.709.913	99.863.718	133.826.933	370.272.994
<b>Emprego</b>	2.758	2.793	2.835	3.080	7.629

De cumprirse realmente esta previsión, estaríamos a falar de case 4.500 traballadores máis no Val Miñor que por todos os medios tratarían de vivir coas súas familias o máis preto posible do seu lugar de traballo, utilizando os servizos sociais da zona, os centros educativos, de saúde e ocio. Estas persoas demandarían luz, saneamento, auga, transporte, etc. Estase polo menos a planificar este impacto ou non é máis que un tema do que xa se falará no seu momento?

## ACTITUDE CIDADÁ ANTE OS CAMBIOS

Que facemos os cidadáns de Nigrán? Imos deixar unha vez máis que os acontecementos nos desborden ou imos organizarnos para que o impacto do inevitable sexa xestionado correctamente?

O Val Miñor atópase baixo a presión de acontecementos cunha enerxía transformadora sen precedentes. O seu corazón, que latexaba lentamente, vaise acelerar e cando isto sucede sen adestramento previo, as consecuencias adoitan ser irreparables. O corazón é a vida no val, unha vida moi agradable de momento por certo, e a cabeza que regula esta vida somos os cidadáns, as institucións e os axentes sociais. Non sería o momento dun cambio, dun pacto social a nivel do Val Miñor, de organizar un movemento cidadán que reflexione sobre o futuro proponendo ideas e facilitando a gobernanza? Pensémolo. Trátase dunha quimera?

As formas de goberno tradicionais, baseadas na imposición unilateral das normas, non teñen cabida nas novas sociedades emerxentes rexidas por unha complexidade máis rica e dinámica na que está en xogo o interese colectivo. É precisamente a través da gobernanza que se implican os axentes organizados en redes sociais nos problemas colectivos e na asunción de responsabilidades para colaborar na súa resolución. Tampouco teñen cabida os liderados excluínates, xa que é imposible que unha realidade complexa sexa analizada desde unha única perspectiva, o que provoca habitualmente que os cidadáns nos sintamos cada vez máis afastados da política ao non percibir que o que prima é o interese común e non o partidista.

Se os cidadáns do Val Miñor, de forma organizada, sentásemos en torno a unha mesa para falar sobre a situación actual, sobre os valores que compartimos e sobre como nos gustaría vernos no futuro, daríamos un gran paso. Por que? A resposta é sinxela: decatariámonos de que a nosa escala de valores coincide en diferentes aspectos tales como que a riqueza e o benestar están ligados a obxectivos sociais e ambientais, que como colectivo temos máis forza que actuando individualmente, que desde diferentes perspectivas defendemos os mesmos valores, que nos escoitarían e participariámonos na gobernanza se unimos as nosas voces, que a identidade



colectiva é relevante, que podemos aprender os uns dos outros e finalmente que construír valores comúns é un grande incentivo.

Hai dous anos, a empresa PSA Peugeot Citroën tivo a iniciativa de reunir en Vigo aos axentes sociais da cidade. A esta xuntanza asistiron unhas cincuenta persoas que durante dous días estiveron pechadas pensando en como mellorar Vigo. Nada máis entrar na reunión, cada un tivo que deixar na porta as súas responsabilidades e poñer a gorra de cidadán de a pé para debater nun plano de igualdade. Tiven a sorte de ser convocado e o que máis me gustaría destacar destas xornadas é o ambiente de entendemento, a transparencia e a cordialidade. Nunca me sentira tan preto dos meus concidadáns. Saíron moitas ideas que se recolleron nun informe chamado ARDORA 2006. Temo que desde o punto de vista da gobernanza non serviu de moito, pero aí están as voces dos cidadáns e o esforzo dunha empresa que basea o seu negocio na innovación e trata de motivar a sociedade do seu ámbito. Este tipo de procesos enmárcase no que coñecemos como ‘innovación social’.

Os cidadáns do Val Miñor necesitamos facer exercicios de innovación social utilizando as vantaxes que as novas tecnoloxías nos achegan ao eliminar as barreiras para a comunicación e o intercambio de ideas. As novas tecnoloxías facilitan que as redes sociais sexan posibles e se converterán pronto no medio de comunicación máis importante entre a sociedade, as institucións e as empresas. As destrezas desenvolvidas por unha sociedade no uso destes medios serán un factor clave para o desenvolvemento persoal, económico e social. A nosa mocidade xa está totalmente identificada con esta forma de relación.

Noutras sociedades estes procesos xa están iniciados. Existen tecnoloxías e modelos que nos poden servir de apoio. E logo que estamos esperando? Invítoos a ler o seguinte anuncio: se cumpre o perfil solicitado, vostede atópase entre as persoas responsables de iniciar este proceso.

### **Fontes consultadas**

Alexis P. Gonçalves (INOVA 2009). *Herramientas y Metodologías de Innovación*.

APTE (2006). *Estudio del Impacto Socioeconómico de los Parques Científicos y Tecnológicos Españoles*, Ediciones APTE, Campanillas (Málaga).

ARDÁN, Consorcio de la Zona Franca de Vigo.

Cabanelas Omil, José y Pablo Cabanelas Lorenzo (2009), *Construcción Social y Desarrollo en Redes*.

ONU (2004) Seminario Internacional “Desarrollo, Equidad e Integración” *Por una Globalización Justa: Crear oportunidades para todos*. Xenebra: OIT

Vázquez, Xosé Gabriel (2010), *Análise da Sociedade Galega*.

## **A N U N C I O**

### **PROXECTO CONSTRUCCIÓN SOCIAL NO VAL MIÑOR**

*Ofrécese participar nun importante proxecto de presente e futuro*

Búscanse cidadáns do Val Miñor que se sintan libres e queiran asumir os retos dunha sociedade moderna, global e en constante evolución. Fortemente identificados co seu ámbito natural, social, cultural e económico. Solidarios e comprometidos coa mellora colectiva para involucrarse no bo goberno e no desenvolvemento da gobernanza, facendo da sostibilidade e dos valores colectivos o seu máximo referente.

Necesítanse persoas extravertidas, introvertidas, pensadoras, observadoras, sensibles, organizadoras, intuitivas e innovadoras. A súa misión consistirá en participar nun proceso de recreación constante e mellora do seu ámbito para transferilo aos cidadáns do futuro nas mellores condicións posibles.

*Experiencia e coñecementos:*

Acreditarase experiencia nos sistemas produtivo, institucional e político, ciencia e educación, cultura e sociedade. Valoraranse coñecementos nun ou en varios destes ámbitos: empresas e administración, mobilidade e transporte, cultura e sociedade, medioambiente e sostibilidade, saúde e benestar.

*Condicións económicas:* Voluntariado

*Xornada laboral:* Horario libre

**AVISO IMPORTANTE**

Non se necesitan persoas con tendencia ao conformismo, vitimismo, inmovilismo, autoritarismo e moito menos ao control mediático ou manipulación política.





## *Transformacións Espaciais No Val Miñor. O impacto do Porto do Molle.*

**XOSÉ MANUEL SOUTO GONZÁLEZ (IEM)**

### INTRODUCCIÓN


O Val Miñor ocupa unha superficie próxima aos 150 quilómetros cadrados, administrativamente coincide cos municipios de Baiona, Gondomar e Nigrán, e funcionalmente está ensarillada na dinámica da Rexión Urbana de Vigo. As actividades tradicionais da poboación coincidían co policultivo típico do sur galego: millo, patacas, viñedo e pasto para o gando. Desde 1960 rexistrou unha forte transformación das súas actividades e paisaxe, o que determina un espazo periurbano na área rexida pola cidade de Vigo.

O que queremos sinalar como hipótese explicativa, que sirva de fio condutor ao lector é o seguinte: as transformacións rurais e as modificacións urbanas do Val Miñor están determinadas pola acción dos axentes sociais urbanísticos da área urbana de Vigo. Este proceso deu lugar a que nas terras e nas actividades do Val Miñor se produza un deterioro ambiental e unha sensación de “agresión urbana”, que ten a súa orixe en Vigo. Mudar esta situación de dependencia implica unha toma de conciencia por parte dos veciños do Val. Supón mudar a queixa pola protesta e polas alternativas cívicas e políticas, que son as que poden transformar as morfoloxías urbanas


En consecuencia se queremos explicar o impacto que pode provocar o parque empresarial de Porto do Molle necesitamos entender cómo funciona unha área periurbana e máis concretamente cómo se transforma a paisaxe e as actividades da poboación na rexión urbana viguesa. Para poder precisar as mutacións territoriais acudiremos a unha exposición de datos estatísticos do municipio de Nigrán e das súas parroquias. Nuns casos faremos as oportunas comparacións co total de parroquias do Val Miñor, o seu espazo comarcal, mentres que noutros faremos un estudo máis profundo sobre algúns lugares concretos de ámbito inframunicipal para entender mellor as transformacións territoriais que se levaron a cabo.



Figuras 1 e 2



Evolución porcentual número vivendas. 1970-1981.



Evolución porcentual número familias. 1970-1981.

Fonte: Elaboración propia sobre datos dos Censos de Poboación e Vivendas

**Cadro 1: EVOLUCIÓN DEMOGRÁFICA PARROQUIAL NO MUNICIPIO DE NIGRÁN**

Parroquia	Poboación 1986	Poboación 2009	Índice 100 en 1986
Camos	1354	1440	106,4
Chandebrito	463	517	111,7
Nigrán	2422	3726	153,8
Panxón	3274	3997	122,1
Parada	958	1172	122,3
Priegue	1704	2262	132,7
Ramallosa	3810	4907	128,8

Fonte: Padróns municipais, I.G.E.

**Cadro 2: EVOLUCIÓN DO NÚMERO DE FAMILIAS-FOGARES VIVENDAS NALGÚNS LUGARES DAS PARROQUIAS DE NIGRÁN**

Lugar (parroquia)	Fogares 2001	Vivendas 2001	% fogares 2001/1981	% vivendas 2001/1981
A Cruz (Camos)	33	32	14,3	13,8
Marín (Camos)	48	53	65,5	51,4
Tomadas (Chandebrito)	72	80	42,6	63,2
Canido (Nigrán)	153	458	337,1	573,5
Vilameán (Nigrán)	308	617	69,3	115
Gaifar (Panxón)	120	501	15,4	53,2
Patos (Panxón)	149	449	20,6	79,6
P. América (San Pedro)	71	562	36,5	26,8
A Ramllosa (S.Pedro)	203	388	136,1	162,2
O Viso (San Pedro)	126	177	2,4	34,1

Fonte: Elaboración propia sobre censos de poboación e vivenda de 1981 e 2001 e Nomenclátors de Poboación.

Este artigo vaise organizar en tres partes complementarias. A primeira pretende explicar o marco conceptual que nos permite entender as transformacións territoriais do Val Miñor, o municipio de Nigrán e os diferentes lugares parroquiais que imos analizar. En segundo lugar describiremos o proxecto do parque empresarial, tendo en conta o marketing territorial de Zona Franca e as denuncias da asociación ecoloxista Salvemos Monteferro, para avaliar as súas razóns en relación co marco explicativo. Por último faremos referencia ás implicacións que ten a transformación territorial sobre a vida cotiá dos veciños da comarca do Miñor.

TRANSFORMACIÓNS ESPACIAIS NO VAL MIÑOR. O impacto do Porto do Molle.

**Cadro 3: TRANSFORMACIÓNS DA POBOACIÓN ACTIVA NO VAL MIÑOR**

Parroquia	Poboación sector I en 1965	Poboación Sector I en 1975	Poboación construción 1975
Belesar	74,1%	52,1	24,8
Couso	87,1	55,6	16,9
Camos	48,1	23,2	28,8
Chandebrito	44,2	34,6	18,7
Parada	39,4	22,9	41,3

Fonte: Elaboración propia sobre Padróns municipais de 1965 e 1975

**Cadro 4. NÚMERO DE VIVENDAS PRINCIPAIS E SECUNDARIAS NALGUNHAS PARROQUIAS DO VAL MIÑOR**

Parroquia	Vivendas Principais	Vivendas Secundarias
Nigrán	648	428
Panxón	851	1405
San Pedro	981	1389
Santa Cristina	436	443
Gondomar	510	227
Vincios	432	172
Baiona (vila e arrabaldes)	1092	1400

Fonte: Censo de vivendas de 2001. IGE e INE


## DEFINICIÓN DE ZONA PERIURBANA

Tradicionalmente explicouse a paisaxe de Galiza, e a os modos de vida que a sostían, como unha oposición entre campo e cidade, incluso entre vila e aldea. Non imos recordar unha vez máis os nosos argumentos sobre a necesidade de entender estas oposicións como definitorias dos investigadores que desde os medios universitarios atopaban no rural a esencia dos valores galegos, atacados polo medio urbano.

Como teñen mostrado outros investigadores das ciencias sociais, a industrialización e o mercado acabaron coas oposicións rural/urbano; supéranse as diferenzas territoriais tradicionais e aparecen novas segregacións espaciais que son consecuencia das relacións sociais, rexidas polo sistema de cidades e polos seus axentes sociais.

A superficie periurbana podemos definila como aquel medio ou como unha paisaxe onde a expansión urbana sobre o campo é evidente. Aparece na nova configuración dos asentamentos, que fronte á anterior agrupación nuclear (aldeas ou barrios) vai espaxarse pola paisaxe que garda parcialmente trazas da morfo-

Figura 3



Fonte: páxina web do concello de Nigrán

loxía agropecuaria. En efecto, as parcelas agrarias están a miúdo abandonadas, en baldío social, agardando a súa transformación en solares para construción de vivendas. Os mercadiños tradicionais de produtos agropecuarios (como Sabarís) dá lugar a un mercado de produtos industriais e aparecen os centros comerciais. Os camiños e pistas dan paso a autovías e estradas de alta capacidade para facilitar a mobilidade da poboación que se espalla por unha superficie de uso case exclusivo residencial. Isto non é consustancial á área de Vigo, senón que aparece nas grandes cidades da Península Ibérica e tamén en Bélxica ou Francia por sinalar dous exemplos concretos.

Por que este tipo de crecemento? Pois sen lugar a dúbidas este aumento demográfico espectacular, sobre todo en Nigrán, Prieque e A Ramallosa (ver cadro 1) débemolo pór en relación con este proceso de periurbanización, que dá lugar a unha inmigración procedente sobre todo da mesma provincia e máis claramente desde Vigo, de tal xeito que neste municipio o destino principal dos seus emigrantes era o concello de Nigrán. Un proceso que se está a repetir no caso doutras parroquias do Val Miñor, como é o caso de Gondomar ou Santa Cristina de Ramallosa.

Figura 4



Vista aérea da zona do porto do Molle. Fonte: páxina web de Salvemos Monteferro.

Nigrán é un municipio que rexistra o maior crecemento da área urbana de Vigo, xunto con Pontearreas. Ademais é un municipio que rexistra un número de persoas menores de 16 anos superior ao de maiores de 65 anos, algo excepcional en Galiza. Con todo non ten unha poboación moza, pois a media de idade para o ano 2005 situábase nos 40 anos.

Que modelo de crecemento de expansión residencial aparece nas terras do Val Miñor e Nigrán?. Chegan persoas doutras comunidades e do estranxeiro máis das que emigran a eses lugares nos últimos anos; pero debemos diferenciar dous tipos de movemento: os desprazamentos de cambio de residencia definitivos e os que se producen ocasionalmente para ocupar vivendas secundarias (fins de semana e sobre todo no verán). Xunto a este incremento demográfico rexistramos un enorme inzamento do parque inmobiliario, superior ao rexistrado no número de familias, en especial nalgúns lugares das parroquias do litoral e máis accesibles á cidade de Vigo. O cadro 2 é revelador de como se vai rachar a tradicional similitude entre o número de familias (ou fogares) e os de vivendas, que aínda é perceptible en lugares de

*Figura 5*

*Simulación da construción final do parque empresarial. Fonte: páxina web de Salvemos Monteferro.*

*Figura 6*

*Rede viaria tradicional próxima a Porto do Molle. Fonte: Google maps.*

Camos, Chandebrito ou Parada. A explicación é moi simple: a construción de vivendas realizase non só coa expectativa de ser ocupadas por familias que as necesitan, senón para especular coa expansión residencial periurbana, en especial a través da segunda residencia.

Este tipo de crecemento é concustancial a calquera espazo próximo ás grandes cidades nos períodos de crecemento económico e do parque inmobiliario. As posi-



bilidades de edificar constitúen unha fonte de ingresos importante para os concellos, a mobilidade da poboación está asegurada polo transporte privado e as comunicacións polo teléfono e Internet. Por tanto Nigrán, tal como sucede no conxunto do Val Miñor aumenta o número de habitantes pola proximidade a Vigo e, sobre todo, o inzamento do número de vivendas é moi superior ás demandas reais da poboación, como puxemos de manifesto hai anos (*ver figuras 1 e 2*).

Este modelo de crecemento ponse de manifesto a partir dos anos sesenta do século pasado e vai vencellado a unha transformación da poboación activa, que se traslada desde as actividades agropecuarias e pesqueiras cara á construción. Unha transformación que implica un traballo pouco cualificado, como tamén comentamos (Souto González, Marta e Xosé M. 1991; 111-118).

Así o cadro 3 mostra as transformacións que tiveron lugar na composición da poboación activa entre 1965 e 1975 nalgunhas parroquias do Val Miñor

No que atinxe á paisaxe, o predominio dun modelo asentado na expansión inmobiliaria dá lugar a un aumento do número de vivendas secundarias (34,6% no ano 2001) e unha porcentaxe de vivendas baleiras que superaba o 10% en Nigrán, Panxón e A Ramallosa. Un modelo claramente insostible, pois supón un aumento de custos en infraestruturas e bens non renovables. Tal proceso dá lugar a que o número de vivendas secundarias sexa superior ás principais nalgunhas parroquias (Baiona, Panxón ou San Pedro) e que alcancen unhas porcentaxes relevantes noutras (Nigrán, Gondomar, Santa Cristina ou Vincios). O cadro 4 mostra con claridade o efecto deste proceso de expansión inmobiliaria que se produce baixo a dependencia do modelo económico especulativo, que ten a súa orixe no sistema territorial urbano español da segunda metade do século XX.

A estrutura empresarial reproduce a típica situación de empresas de autónomos e poucos asalariados. Así sobre 1400 empresas rexistradas polo IGE en 2008, 56,8% eran autónomos sen asalariados, mentres que da outra metade de empresas con asalariados o número de empresas con menos de 2 asalariados representaba o 24,8%. É dicir nove de cada dez empresas eran do propio traballador ou contaban con menos de cinco empregados. Por actividade había moitas máis empresas do sector de construción que industria; en concreto o número de empresas de construción multiplicaba por tres o número de empresas industriais.

O sistema produtivo tradicional, rural e agropecuario, practicamente desapareceu. O número de persoas que se declaran traballadores agrarios supera teoricamente o milleiro: (1097, segundo o Censo Agrario de 1999) cando no censo de poboación de 2001 só estaban ocupadas 119 persoas no sector agrario. Isto fala de inscrición para poder cobrar despois a pensión da Seguridade Social. Tal como xa explicamos hai anos, a agricultura deixou de ser unha actividade principal para ser unha actividade secundaria.

En consecuencia, os datos empíricos permiten mostrar que Nigrán, así como as súas parroquias e o conxunto do Val Miñor, desempeñan un papel secundario na funcionalidade da Rexión Urbana de Vigo. Vivendas secundarias, agricultura a tempo parcial, traballo pouco cualificado e dependencia do dinamismo económico urbano para mellorar a oferta ocio e solares.

Que pode pasar coa instalación do Porto do Molle? En principio podemos aventurar dúas hipóteses. A primeira indica que o Val Miñor seguirá cunha situación de dependencia e que os estragos que se causen no seu ambiente poden agravar aínda

máis a súa crise funcional, pola súa dependencia do uso residencial e turístico do medio. A segunda indica que se o Val Miñor favorece nos seus habitantes un modelo de gobernanza, coñecementos profesionais e actitude cívica pode mudar a súa situación. Ímolo ver no terreo das especulacións.

## O PARQUE EMPRESARIAL DO PORTO DO MOLLE

O parque empresarial do Porto do Molle sitúase entre as parroquias de Nigrán, Parada e Camos, sobre o val do río Muíños e ocupa máis de un millón de metros cadrados. Forma parte da expansión empresarial da Zona Franca, consorcio estatal constituído hai máis de cincuenta anos en Vigo e que se expandiu cara á súa rexión urbana. *Ver figura 3*

O Porto do Molle á altura de 2010 é unha extensión de pouco máis de un millón de metros cadrados (1.028.780 m<sup>2</sup>) que empeza a construírse. Forma parte do total de máis de catro millóns xestionados pola Zona Franca de Vigo, ao que haberá que engadir outra cantidade semellante cando se poña en funcionamento o Parque Loxístico Industrial de Salvaterra-As Neves, tradicionalmente coñecido como Porto Seco.

En consecuencia o Porto do Molle correspóndese cunha actuación propia da Rexión Urbana de Vigo. Tradicionalmente as parroquias do Val Miñor funcionaron dependendo das dinámicas da economía viguesa. Así o traspase da poboación activa do agro cara á construción, ou o aumento masivo de vivendas secundarias débemolo colocar en relación coas diferentes evolucións de Vigo, igual que os movementos pendulares laborais ou a especialización turística de Baiona, abandonando a actividade mariñeira que a caracterizaba.

O parque ocupa unha superficie que no seu tempo xa foi programada como un parque industrial, pero de escaso éxito entre as iniciativas locais, pois só se van instalar dúas empresas; unha o matadoiro e outra unha carpintería metálica. Entón ocupaba unha terceira parte da superficie actual e xa se realizaran algunhas expropiacións. Este proceso tivo lugar nos anos oitenta do século XX e provocou o estancamento demográfico de lugares próximos, como As Cartas en Parada. Con isto o que queremos sinalar é que xa existía unha expectativa de uso industrial ou comercial desde 1980.

As conversas mantidas co que foi nos anos iniciais deste século XXI o presidente da asociación de afectados pola expropiación da Zona Franca, indica que a ampliación se realiza entre 2003 e 2009. Un proceso extenso no tempo como consecuencia do elevado número de propietarios afectados. Neste período prodúcese compras de terreo e logo expropiacións polo carácter que se lle concede ao parque empresarial: infraestrutura necesaria para o desenvolvemento económico da comarca. Isto afectou ás relacións entre os veciños e á desconfianza nas forzas políticas.

As valoracións das terras oscilarán entre 200 euros/m<sup>2</sup> e 15€/m<sup>2</sup>, se ben o xustiprezo único final foi de 38,97€/m<sup>2</sup>. Unhas discrepancias que deron lugar a diversas reivindicacións e á constitución dunha asociación de afectados, que empezou nunha cantidade próxima aos 200 socios, pero que foi minguando ata practicamente a metade dos membros.

Segundo os datos facilitados pola Comisión de Afectados e polo Consorcio da Zona Franca<sup>1</sup>, o proceso de compra de parcela empeza no ano 1991, onde se van comprar máis de 1000 parcelas (1.017) a un prezo medio de 9,20 euros/m<sup>2</sup>. Máis tarde, no ano 2006 iníciase o proceso de expropiación sobre un total de 285 parcelas e 108 propietarios. O Xurado de Expropiacións de Galiza fixou o prezo final no ano 2008, nos case 40 euros por metro cadrado, como sinalamos. Como podemos apreciar resulta sorprendente que o xustiprezo sexa superior ás compras e vendas, se ben as datas son diferentes. En calquera caso podemos apreciar que os prezos se multiplican de media por catro, o que subliña a tendencia especulativa que existiu en toda España e que repercutiu na denominada burbulla inmobiliaria.

O proceso de expropiación non está pechado, pois aínda hai demandas presentadas. A estrutura da propiedade mostra a presenza de propietarios de diversa importancia. Así o tamaño medio dos propietarios sitúase en 1.882 metros cadrados, ou sexa moi próxima á parcela mínima edificable en solo agropecuario, pero non está igualmente repartido, pois sabemos que existían propiedades superiores aos 2.000 metros cadrados. Non obstante a parcela media é de 822, o que significa que o desenvolvemento urbano é complexo, pois debe procederse a unificar as parcelas dos propietarios (2,3 parcelas por propietario de media). Unha parcela media superior á que se rexistran noutros lugares das Rías Baixas e que pon de relevo a dificultade de acometer un proceso de desenvolvemento urbanístico a grande escala, como o que comentamos.

Non existían montes comunais, pois os terreos eran propiedade particular, pese a que Nigrán posúe unha importante cantidade de montes de comuneiros. O uso dos terreos era agropecuario e forestal (piñeiros e eucaliptais). Isto significa que a produción dos terreos estaba destinada sobre todo ao autoconsumo agrario e á venda dos produtos forestais.

O estudo do impacto debe superar a lóxica dos catro mil postos de traballo que se anuncian en avaliar cal pode ser o comportamento do Val Miñor e das parroquias máis próximas ante a edificación das industrias e servizos na parroquia de Nigrán. É necesario coñecer como pode influír na estrutura do emprego do Val Miñor a instalación dun parque empresarial que se “vende” como de nova xeración.

En efecto, o marketing territorial da Zona Franca invita a emprazarse no Porto do Molle a través de anuncios que subliñan as características novedosas deste parque empresarial, con naves bioclimáticas, fibra óptica, servizos de seguridade, gasolinera, infraestrutura de redes de augas pluviais e sumidoiros. Búscase atraer nos momentos de dificultade económica como o actual empresas que valoren as novas tecnoloxías e a sustentabilidade do territorio.

Precisamente este é un dos aspectos máis criticados pola organización Salvemos Monteferro e pola asociación de afectados pola expropiación. Referímonos aos problemas derivados da modificación do ciclo da auga. Por unha banda, o aumento no volume necesario para abastecer un concello en crecemento e todo un polígono como este. Isto implica unha análise das necesidades de auga potable e de abastecemento industrial para a toda a zona metropolitana, un ente administrativo que entendemos que é necesario e urxente, como xa argumentamos noutros momentos, en especial en aspectos como este. En calquera caso o problema é coñecido polo

gobierno local de Nigrán que nun estudo realizado sobre necesidades de auga indica para toda a zona do Miñor:

*Cómpre polo tanto aumentar a capacidade actual da planta potabilizadora de Condóminguez, canto menos ata os 500 l/sq, o que permitiría abastecer 64.800 habitantes nas horas de máxima demanda de consumo (equivalente a 450 l/sq) e a demanda prevista no Parque de Actividades de Porto Molle.*

Por outra banda, o risco ambiental de inundacións que poden afectar os terreos lindeiros co polígono, e os da parte baixa do río. Así o argumenta a organización Salvemos Monteferro:

*“As afectacións urbanísticas derivadas do desvío do río Nespereira, afluente do Muíños, convertido en canle artificial para que o polígono non perdesse metros cadrados de superficie útil, así como a propia construción desta canle, con toda a protección para o polígono é moi escasa para o lado dos terreos propiedade dos veciños”.*

Sobre este problema cómpre facer un estudo profundo, sobre todo despois do informe realizado por un grupo de enxeñeiros a petición da asociación de afectados:

*A urbanización da actuación Terciario-industrial do “Porto do Molle”, comportará a desaparición case que completa da chaira de inundación do río Muíños, repercutindo na capacidade e comportamento hidráulico do treito fluvial situado augas abaixo. A impermeabilización de máis de un millón de metros cadrados vai multiplicar por 4 ou 5 veces os caudais de augas de escorrentía cara ao río.”*

Estas razóns ben fundamentadas do equipo de traballo implican unha resposta por parte das administracións locais e autonómicas para evitar futuros problemas de destrución do medio terrestre e litoral, pola influencia que ten a auga de escorrentía e fluvial sobre o ecosistema do Val Miñor. As fotos aéreas do espazo antes da construción do parque e a simulación final do mesmo (figuras 4 e 5) mostran o seu enorme impacto sobre a morfoloxía do territorio municipal. O que debemos preguntarnos é cómo afectará a vida cotiá.

Así xa temos un precedente legal que mostra ben ás claras a necesidade de facer os traballos con rigor. Referímonos á Sentencia do Xulgado do Contencioso Administrativo número 2 de Vigo, que estima o recurso do matadoiro comarcal (MACOMUSA) e da asociación de veciños As Dunas contra a aprobación definitiva do parque empresarial. A argumentación xurídica subliña a necesidade dun proxecto de impacto ambiental que respalde a ordenación do parque empresarial.

A estrutura viaria de Nigrán e do Val Miñor en xeral está condicionada pola existencia de vías de escasa capacidade, como consecuencia de asfaltar moitas veces antigos camiños forestais e vías de comunicación intramunicipal, como é o caso nos lugares de Ceán ou Igrexa na parroquia de Nigrán, moi próximas ao Porto do Molle.

O exemplo da imaxe satélite recollida de “Google maps” nas proximidades do Porto do Molle (antes da explanación) é moi evidente do que dicimos. Pero desde o inicio do século XXI no Val Miñor atopamos unha vía de alta capacidade (AG-57, a Autoestrada de Puxeiros a Baiona) que racha coa paisaxe do Val e que foi realizada pola presión do sector turístico e residencial.

Non hai dúbida de que o emprazamento do parque empresarial suporá un aumento da mobilidade da poboación. Pero máis que ofrecer un discurso sobre novas infraestruturas, como se fai na análise de Salvemos Monteferro, entendemos que é preciso avaliar un plan de mobilidade integral, como logo comentaremos. En todo caso o parque empresarial xa ten a conexión directa coa autoestrada.

## AS REPERCUSIÓNS NO FUTURO COTIÁN

Como non dispoñemos de datos que nos permitan profundizar nalgúns aspectos fundamentais, como é o caso do estudo da propiedade do solo e as actividades anteriores ao parque, imos centrarnos nun conxunto de reflexións finais a xeito de ideas para debater. Partimos da constatación de que o futuro do parque é irreversible e que, por tanto, o que cómpre é que a súa realización comporte melloras para a vida cotiá dos veciños e palíe a situación de dependencia do Val Miñor respecto á área urbana de Vigo.

### *1.-O futuro do Val Miñor que debemos debater. A gobernanza territorial*

Desde o grupo de afectados e desde *Salvemos Monteferro*, e moitas outras persoas e colectivos, subliñan que “pensamos que nunca se debeu consentir situar un polígono de 1 millón de metros cadrados no Porto do Molle. Unha parte desa zona era ideal para o desenvolvemento urbano da vila, podéndose conservar a outra como humidal e zona de especial interese natural. Facer o que se fixo constitúe unha tremenda irresponsabilidade e unha acción directamente dirixida contra os intereses da xente de Nigrán”.

Na miña perspectiva non comparto esta opinión, pois segue a pensar nun desenvolvemento urbano residencial para Nigrán. Entendemos que iso supón relegar o Val Miñor a unha posición marxinal e estragar máis o solo. Si que comparto a necesidade de defender o humidal e a zona de especial interese natural.

En calquera caso o que cómpre definir é o papel que vai xogar o concello de Nigrán no desenvolvemento urbanístico do parque, pois será imprescindible a obtención previa de Licenza municipal. O parque aparece tipificado como solo apto para urbanizar de uso industrial e terciario, distinguindo diferentes usos, como son vivenda, industrial, almacéns, oficinas, comercios, centros de ensino, sanidade e outros equipamentos, espazos libres, infraestruturas de servizos. Todo isto está moi regulamentado, pero permitirá se así o decide o concello un debate público sobre as necesidades de equipamentos e servizos para non só as necesidades do parque empresarial, senón para o conxunto do municipio.

## 2.- O futuro sustentable do Porto do Molle

Para conservar a paisaxe hai que saber argumentar sobre *o deseño que se proxecta* para Porto do Molle segundo Zona Franca. O marketing territorial deste Consorcio informa das características do parque futuro nestes termos:

*“Construímos naves bioclimáticas basadas en una nueva arquitectura que conjuga la generación de espacios útiles, con la utilización de elementos naturales como las cubiertas vegetales. La utilización de energías renovables será una constante que se empleará en estas construcciones.*

*La senda fluvial es un espacio integrado en el parque y su recorrido peatonal permite seguir el curso fluvial hasta su desembocadura en la playa de Nigrán. Una escapatoria natural al estrés del trabajo diario.*

*Las naves bioclimáticas utilizan elementos naturales como las cubiertas vegetales para controlar los cambios de temperatura”*

Non hai dúbida de que do dito ao feito hai un longo treito. Pero haberá que saber organizarse e para isto é necesaria a gobernanza municipal. Volver convocar os veciños, tal como se recoñece nos propios documentos dos afectados:

*Este colectivo, a Asociación de Afectados e as Asociacións de Veciños de **todas** as parroquias de Nigrán, mantivemos, ao longo dos últimos meses, varias reunións co Alcalde e algúns concelleiros. Nalgunha delas participaron tamén os técnicos contratados por estas asociacións (avogados e enxeñeiros) para expoñer o máis claramente posible as nosas inxedanzas, sustentadas na lexislación vixente e nos informes de profesionais non vinculados a ningún tipo de intereses.*

Pero para isto parece preciso recompoñer a confianza entre as institucións políticas da democracia representativa e as organizacións sociais da representación directa dos intereses individuais:

*Curiosamente a estas xuntanzas cos representantes veciñais non asistiu nunca o concelleiro de urbanismo, o máis indicado, e tampouco ningún representante do BNG, grupo político que comparte co PSOE as responsabilidades do goberno.*

Tal como salientamos en liñas anteriores, a nota de Zona Franca ante a sentenza xudicial sobre a necesidade de impacto ambiental, implica que esta entidade é coñecedora da importancia de ditos estudos e que polo mesmo pode ser un asunto que se poida negociar e dialogar.

En concreto entendemos que é preciso levantar un listado de riscos ambientais, semellante ao realizado polos afectados. Risco de deterioro de infraestruturas (estradas e camiños). Risco de inundación da zona da depuradora de augas residuais. Risco de eliminación dun areal á desembocadura do río Muíños como é o de Praia América, de alto valor turístico (a 1,5 km de distancia). Risco de inundación de zonas poboadas augas abaixo.



Todos estes riscos se poden evitar, e sobre todo en función do Plan de Sectorización, avalialos para tomar as medidas necesarias e actuar nas zonas afectadas. O estudo dos riscos ambientais debe facilitar a integración paisaxística do Porto do Molle coa superficie das parroquias veciñas, coidando de conservar retallos do espazo agropecuario anterior.

Sabemos que a agricultura non é unha actividade produtiva, non só no Val Miñor senón na maioría das terras da unión Europea. É unha agricultura cun potencial ecolóxico, que afecta a sustentabilidade da paisaxe rural e así debe ser considerada. Por iso as zonas próximas ao río Muiños deben conservarse como “reserva agropecuaria non urbanizable”, solicitando as axudas económicas á unión Europea que sexa necesario.

Será necesario prever as mutacións e transformacións ambientais que se poden derivar das obras realizadas, tal como se comenta nos estudos dos veciños afectados:

*O valor ecolóxico dos ríos é, en xeral, maior que noutras zonas do territorio en función da súa superior diversidade biolóxica, singular flora e fauna (caracterizada por unha alta porcentaxe de endemismos), así como por mor do seu intrínseco papel como conexión entre os ecosistemas terrestre e acuático.*

### **3.-Plan de Mobilidade**

Entendemos que este é un aspecto esencial sobre o que non se reparou por parte da Zona Franca nin tampouco por parte da Comisión de Afectados. Tan só se fai referencia aos pouco máis de 150.000 m<sup>2</sup> de rede viaria e aparcamentos, pero non da mobilidade (peonil, ciclista, rodoviaria colectiva ou individual).

O futuro do parque empresarial e na súa repercusión na vida dos veciños dependerá do *deseño e uso dos espazos libres e zonas verdes*, ata un total de case 300.000 metros cadrados. Os espazos verdes implican unha mobilidade demográfica como actividade de ocio e lecer e polo mesmo haberá que prever como se chega ata aló e cómo se utiliza un espazo que está próximo a unha superficie empresarial e con tráfico intenso. Non é fácil.

Imos considerar, en primeiro lugar, a publicidade do Consorcio:

*“Su empresa está preocupada por el bienestar de sus trabajadores. Porto do Molle le ofrece una urbanización con más de 2000 plazas de aparcamiento público, con una oferta amplia de servicios.”* Isto significa que se construírán servizos de restauración, ensino, garderías, espazos comerciais, zonas deportivas e zonas verdes. É dicir, que suporá un desprazamento dos veciños de Nigrán a este emprazamento, polo que cómpre xestionar servizo público de transporte e aparcamento para os veciños.

### **4.-Innovación, emprego e ensino**

Porto do Molle artículase como Parque Tecnolóxico posto a disposición dunha serie de infraestruturas que potencie a innovación nas empresas. A mesma propaganda institucional subliña que *“Una red de fibra óptica propia y la competencia de*

*operadores dentro del propio parque que ya han tendido sus propias redes, facilita un entorno favorable a la innovación. Una apuesta decidida si consideramos los más de 100.000 m<sup>2</sup> que se orientan al área tecnológica”.*

Isto significa que no deseño do Porto do Molle pensouse nun parque tecnoloxicamente innovador, con servizos de calidade. Isto supón unha obra que determinará un labor de mantemento con traballos cualificados e outros con maior utilización de man de obra intensiva en horas e non tanto en cualificación. Así para manter os servizos informáticos de videovixilancia necesítase persoal especializado, pero para facer o labor de vixilancia exterior non. O que queremos argumentar é que un parque deste tipo condiciona a estrutura de emprego e estudo.

Pero todo isto non terá implicación no emprego do Val Miñor se non existe unha formación dos traballadores actuais e futuros para dar respostas aos retos da nova situación. Neste senso entendo que sería preciso organizar no Val Miñor un centro integrado e integral de formación permanente. Qué significa isto?

Un *centro integrado* é aquel que relaciona a actual oferta de ciclos formativos de formación profesional (existente en IES Escolas Proval, IES Terras de Turonio e IES Primeiro de Marzo) coa oferta de formación continua e ocupacional (a formación no emprego) que se fai desde sindicatos, concellos e academias.

O que atopamos na actualidade é unha oferta da formación profesional moi difusa: familias profesionais de administración (Xestión Administrativa, Administración e Finanzas), de electrónica, de Actividades Físico Deportivas e de Animación Sociocultural. Unha oferta que ademais non asegura os dous ciclos formativos (ciclo formativo de grao medio e superior). Isto non é unha oferta que poida dar resposta ás necesidades laborais dun parque empresarial como Porto do Molle.

*Centro integral* é aquel que relaciona as actividades formativas cun ciclo integral do campo profesional. Por exemplo se queremos desenvolver o turismo sería preciso abarcar desde restauración ata axencias de viaxe, pasando polo transporte e por marketing territorial. Isto significa que é preciso estudar as características das empresas que se asentán en Porto do Molle e ver como afectarán a nova situación laboral. Un reto para o que se debe preparar o Val Miñor desde as instancias de goberno local.

Seguramente hai máis elementos do parque empresarial que merecen a análise precisa e rigorosa. Pero entendo que será necesario agardar o establecemento das primeiras empresas para comezar a saber como se vai materializando o proxecto e comprobar se existe vontade de implementar un plan de gobernanza municipal. Deste xeito poderemos comprobar se as regulamentacións e expectativas teñen posibilidades de ser cumpridas para beneficio da comunidade.

#### NOTAS

1 Caso de considerar a unidade topográfica comareal deberíamos incluír a parroquia de Zamáns (Vigo), pois aí ten o nacemento o río Miñor.

2 Tomamos como referencia: Dossier à destination des professeurs de l'enseignement secondaire. La périurbanisation en Belgique: comprendre le processus de l'étalement urbain Novembre



2002. Laurent. Université de Liège - Département de Géographie, Sart Tilman B11 (P12) n°2, Allée du 6 Août, B-4000, Liège. AA.VV. L'habitat peri-urbain, Métropolis, núms. 41-42, vol. V

3 Referímonos á publicación de SOUTO GONZÁLEZ, Marta e SOUTO GONZÁLEZ, Xosé M. O Val Miñor, entre as transformacións rurais e as innovacións urbanas, Vigo: Cámara de Comercio, 1991.

4 Sobre do traballador simbiótico ou o proceso de urbanización do campo galego, Revista Galega de Estudos Agrarios, número 5, 1981, 107-148

5 Agradecemos a atención mostrada por Danilo Iglesias na conversa mantida no seu local comercial de Nigrán o día 12 de agosto de 2010.

6 Queremos agradecer á Zona Franca de Vigo os datos facilitados sobre o número de parcelas e proceso de expropiación.

7 Segundo a información consultada nos medios de comunicación no verán de 2010 todo isto constituía: "un lugar idóneo para el desarrollo de la actividad económica y en una zona especialmente atractiva para los trabajadores de su organización. Porto do Molle constituye una respuesta del Consorcio de la Zona Franca de Vigo (CZFY) donde ha invertido más de 105 millones de Euros".

8 Por exemplo en SOUTO GONZÁLEZ, Xosé M. (coordinador). *Áreas metropolitanas galegas*, Santiago: Xunta de Galicia, 2009.

9 *Informe Técnico : Análise de deficiencias na documentación relativa ao proxecto de urbanización. Parque empresarial-terciario "Porto do Molle" (Nigrán). 1.5.- Sobre a incoherencia da documentación sometida a información pública e a declaración de efectos ambientais*

10 O sistema hidrográfico desemboca en ecosistemas acuáticos moi fráxiles e do máximo interese para o mantemento e a conservación dos recursos (Ría de Vigo, Espazo Natural Protexido da Ramallosa, Brañas das Xunqueiras e do Carregal), e, ademais, nas concorridas praias do municipio, polo que cómpre asegurar a axeitada preservación da súa diversidade biolóxica e da calidade das súas augas.

11 A noticia que está recollida de Vigo al minuto.com (periódico dixital) vai acompañada dunha explicación da Zona Franca sobre os servizos que ten realizado para asegurar a mellora ambiental do municipio (depuración de augas e construción de zonas verdes, así como as naves bioclimáticas). Unha mostra máis da importancia do elemento ambiental no deseño do parque.

12 O brutal incremento de vehículos que van circular polos viais do Val Miñor: 1.000 camiións diarios e 4.000 vehículos, segundo estimacións da propia Zona Franca, que se veñen sumar a unha densidade de tráfico en aumento constante e imparable

13 Aínda que a consulta se realizou no ano 2010 e así consta na mesma foto, o certo é que a imaxe representa a situación entre 2008 e 2009.

14 En concreto no artigo 42 do plan de sectorialización (sobre equipamentos terciarios) afirmase o seguinte: "Corresponde este uso a los locales e instalaciones dedicadas al público con fines de ocio, recreo o esparcimiento como: casinos, salas de fiesta, discotecas, cines, teatros, bingos y similares, así como los locales de hostelería, entendiéndose por estos los destinados a consumir en su interior alimentos o bebidas, como bares, restaurantes, cafeterías y similares.

2. Dentro del uso de equipamientos se establecen las siguientes Clases:

- a) DOCENTE.
- b) SANITARIO-ASISTENCIAL.
- c) SOCIO-CULTURAL.
- d) DEPORTIVO.
- e) SERVICIOS PÚBLICOS"

## ***Porto do Molle como imán: das corredoiras á mobilidade sostible***

---

**DAVID REINERO GONZÁLEZ**

Moitas son as voces a favor ou en contra do polígono comercial de Porto do Molle. A súa ubicación xunto a un río, a perda ambiental que supón a explanación de un millón de metros cadrados dunha antiga fraga e mesmo o impacto sociolóxico que pode ter un polo comercial desa envergadura sobre a vida tranquila dos barrios veciños son algúns dos argumentos contrarios. Pola contra, a creación de emprego, a centralidade do polígono con respecto aos tres concellos do Val Miñor ou a necesidade de solo na comarca para grandes empresas e mesmo para reinstalar industrias existentes agora noutras zonas menos acaídas aparecen como elementos de defensa desta actuación.

En calquera dos dous casos, o feito é que as obras están xa ben avanzadas e non ten sentido preguntarse polo que pasaría se o proxecto fose distinto ou non se fixese. A pregunta agora non é que sería, senón que será. Como vai cambiar a vida dos miñoranos e que queda aínda por facer para que Porto do Molle sexa unha oportunidade de crecemento económico para a comarca.

Nesa liña as infraestruturas de comunicación e as interrelacións de mobilidade do polígono coa súa contorna son chave para o futuro do proxecto. De feito, a elección do emprazamento de Porto do Molle para o novo polígono comercial do Val Miñor xa determina, por si soa, as modalidades de acceso dos seus usuarios, primando fundamentalmente o tráfico rodado e, en menor medida, o peonil.

A súa ubicación lonxe de calquera eixo ferroviario fai que quede descartada esa comunicación, ao igual que a marítima. Pero no caso de Porto do Molle estas carencias non deben ser vistas como unha eiva senón como unha elección predeterminada pola propia filosofía do polígono: comercial, de servizos, terciario ou como se lle queira chamar, no que o espazo para o sector secundario, que tamén o haberá, será en todo caso menor e dirixido a unha industria de carácter lixeiro. Todas esas son actividades que non requiren de grandes e extraordinarios desprazamentos de materiais, para o que son apropiadas as comunicacións férreas ou marítimas, senón de constantes aínda que menores subministracións por parte de diversos provedores dirixidas tamén a unha gran variedade de empresas destinatarias. E para iso o medio de transporte máis axeitado, pola súa flexibilidade, é desde logo, e sen complexos, o viario.



## ACCESOS VIARIOS

Pódese dicir que Porto do Molle existe porque ao seu carón pasa unha vía de alta capacidade. Ese elemento, a autoestrada autonómica Vigo-Val Miñor (AG-57), e o seu ramal a Praia América, fixeron que Porto do Molle fose visto como un excelente emprazamento –xunto coas súas características orográficas e xeográficas– para este tipo de polígono comercial. Isto é, sitúase á beira dunha vía que ten capacidade de sobra para acoller máis tráfico do que xa ten a día de hoxe e que comunica non só coa cidade de referencia, Vigo, senón, o que é máis importante, co seu principal nó de comunicacións viarias, Puxeiros.

## VÍAS DE ALTA CAPACIDADE INFRAUTILIZADAS

De todos os aspectos anteriores, un dos máis importantes na relación creada polígono-autoestrada é a capacidade desta última para seguir recibindo tráfico. Porque actualmente a AG-57 ten unha intensidade media diaria (IMD) de tráfico, segundo os datos de 2009 da Xunta de Galicia, de 11.615 vehículos, cifra que está moi lonxe, por exemplo, non xa do tráfico da AP-9 na ponte de Rande (máis de 50.000 vehículos diarios), senón doutras vías que comunican a cidade coa área metropolitana, como o corredor do Morrazo (16.000), ou mesmo da intensidade de tráfico das estradas convencionais do Val Miñor, que analizaremos máis adiante.

A cifra da AG-57, en todo caso, é unha media, pero nin sequera nos momentos máis conflictivos se dispara, de xeito que no mes de agosto non é quen de superar os 16.000 vehículos diarios, cantidade relativamente reducida para unha vía de alta capacidade de catro carrís. Ademais, o tráfico é o medido á altura de Vincios, e cuantifica polo tanto o groso dos movementos entre o Val Miñor e Puxeiros, polo que a intensidade no ramal que se dirixe cara Praia América e que dará servizo a Porto do Molle é moi inferior, por baixo dos 5.000 vehículos de media. E nin sequera coa recente reforma dos enlaces para facilitar os movementos internos no Val Miñor é de agardar un incremento substancial do tráfico. Tampouco outras variables, como o incremento na última década –moi moderado– ou o tráfico pesado –pouco máis de 500 camiións diarios, o 4,6% do tráfico total– poñen en cuestión a funcionalidade da autoestrada. En conclusión, a AG-57 ten capacidade para dar servizo a Porto do Molle e, á súa vez, o polígono axudará a rendibilizar unha vía con tráfico reducido para as súas características de altas prestacións.

## VÍAS CONVENCIONAIS QUE XA NON SON FUNCIONAIS

Porén, se Porto do Molle si dispón, grazas a autoestrada, de bos accesos para a longa e media distancia, así como para as mercadorías, os tráfico de curto percorrido non empregarán a AG-57. Os usuarios de Nigrán e boa parte dos de Gondomar, Baiona e mesmo dos de Vigo –o que creará o problema que se analiza no seguinte punto– optarán polas vías convencionais, axeitadas para o tráfico de proximidade. Pero esas, ao contrario que a autoestrada, presentan xa unha inten-

sidade de tráfico elevada. Con criterios técnicos, mesmo se podería dicir que, en verán, son vías xa colapsadas e que, polo tanto, non cumpren a súa función.

Así, a estrada vella Vigo-Baiona, a PO-552, a seguinte en importancia tras a autoestrada pola súa proximidade a Porto do Molle, ten unha intensidade de tráfico superior aos 15.000 vehículos entre o centro de Nigrán e A Ramallosa, con máis dun 3% de vehículos pesados. E o mesmo ocorre coa estrada costeira, a PO-325 sobre a vella vía do tranvía, tamén con preto de 15.000 coches diarios de media pero con cifras que se disparan durante o verán, pola súa proximidade ás praias, a máis de 20.000. Mesmo a terceira estrada autonómica da zona, a PO-332 Nigrán-Vincios, que podería ser empregada tamén para o acceso á parte alta do novo polígono, ten unha intensidade próxima aos 5.000 vehículos diarios, notable para o tipo de vía que é.

A comparación, necesaria para comprender o alcance destas cifras, é sinxela. As vías convencionais do Val Miñor teñen moito máis tráfico que a autoestrada e en toda Galicia só hai unha vintena de estradas cunha intensidade media diaria superior aos 15.000 vehículos.

Á marxe destas estradas, a obra do polígono tamén suporá a mellora na permeabilidade entre barrios como A Carrasca ou Parada co Ceán ou Camos, pero estas serán actuacións que non pasarán da reformulación dos camiños anteriormente existentes para converterse en rúas interiores do polígono. En todo caso, a zona que resultará a curto prazo máis beneficiada coas novas conexións será a da Carrasca, que terá enlaces directos tanto á autoestrada como ao polígono e, a través del, a outras zonas de Nigrán antes inalcanzables de xeito tan directo.

## **NOVA RONDA DE TRAZADO NEGOCIABLE PERO EXISTENCIA IMPRESCINDIBLE**

Con esta situación sobre a mesa é cando aparece a necesidade de crear outra vía de acceso a Porto do Molle. Vía que non debe ser de altas prestacións –para iso xa está a autoestrada– pero si de alta capacidade. Ou polo menos de maior capacidade que as estradas convencionais xa existentes, aínda que mantendo ou incluso mellorando no resto a configuración urbana desas vías. Unha nova estrada que ao tempo se integre o mellor posible no territorio e contribúa a ordenar, co reparto de cargas e aproveitamentos, os crecementos urbanísticos espontáneos que hai anos se están a producir no interior dos concellos miñoranos sen poder ser cualificados en ningún momento como asentamentos tradicionais. De aí a necesidade de impulsar ou cando menos comezar a planificar a xa coñecida como Ronda periurbana que dea continuidade á xa contemplada no Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Vigo. Unha vía de máis capacidade e calidade que atravesase as parroquias interiores de Nigrán e, xa que logo, supoña un novo acceso a Porto do Molle.

Esa Ronda xa está incluída nos plans de infraestruturas da Xunta como un vial que, a partir da de Vigo, chegue ata Baiona e mesmo teña continuidade tamén por esta última vila. A súa concreción material aínda está lonxe de ser unha realidade. Tampouco é unha necesidade inmediata. Pero a responsabilidade cara o futuro obriga a comezar a estudar o seu trazado e integralo no novo PXOM de Nigrán para que, cando sexa que se constrúa, resulte o mellor posible ambiental e socialmente.



As formas en que se acometa a Ronda poden ser debatidas, pero a súa existencia non pode estar en cuestión. E nese debate os partidos locais e movementos sociais deberían coidarse de crítica de xeito demagóxico. Os primeiros, porque os que agora a condean antes a impulsaron, e viceversa. E os segundos, porque ao tempo que cargan contra a “desfeita” e as “expropiacións” dos terreos onde viven ou onde desexarían construír novas vivendas, esixen aos responsables políticos que se lles dean mellores accesos ás súas propiedades. Isto é, aqueles que no seu momento construíron sen retranquear muros e sen ter en conta os mecanismos urbanísticos de compensación para reservar terreos nos que poder instalar servizos –non só infraestruturas, tamén dotacións– son os que agora critican as dificultades que teñen para acceder ás súas vivendas por vellas corredeiras pero ao tempo néganse a resultar afectados polo interese xeral.

Por outra banda, ante as cada vez maiores restricións á construción residencial na costa, o crecemento no interior dos concellos miñoranos é imparable. E é un crecemento que se vai producir haxa ou non infraestruturas axeitadas. Canto mellor será que unha gran avenida urbana ordene, a un e outro lado dela, as novas construcións a que estas se espallen de xeito desordenado e consumindo solo por todo o termo municipal.

Se no caso da AG-57 se pode dicir que Porto do Molle se fai porque existe unha autoestrada anterior, no caso da Ronda non se vai construír a nova vía porque exista Porto do Molle. A Ronda, como a de Vigo, é necesaria de por si, para ordenar o urbanismo caótico do que xa non é rural e tampouco consegue ser urbano. Pero a Ronda, postos a facela, non poderá obviar a existencia, xusto na metade do seu trazado, dun novo polígono que será un polo de atracción para toda a comarca.

## TRANSPORTE PÚBLICO E SOSTIBILIDADE

Feita a análise das novas infraestruturas viarias, non se pode caer na simplicidade de pensar que están destinadas en exclusiva ao transporte de mercadorías ou ao insolidario vehículo particular. Fronte as visións máis críticas, que ven nos múltiples accesos viarios de Porto do Molle toda unha promoción do coche particular como medio de acceso, esas mesmas estradas son o soporte perfecto para que se articule sobre elas un bo sistema de transporte público co medio máis acaído a Galicia e a súa dispersión poboacional: o autobús.

Porque está moi ben eloxiar as vantaxes do ferrocarril de proximidade, pero as vías xamais chegarán aos 30.000 núcleos de poboación de Galicia. Pola contra, xa que as estradas, por esa dispersión intrínseca nosa, son unha realidade secular, hai que atopar o mellor xeito de rendibilizalas. E o bus, ou o minibús nas zonas de menor demanda, é un modo barato e flexible.

Porén, a dificultade que atopará Porto do Molle para subirse ao autobús é a da existencia de contratos concesionais que outorgan dereitos adquiridos ás empresas de transporte público que xa prestan servizo na zona. Isto é, ATSA é a concesionaria da liña Vigo-Baiona cunhas determinadas condicións e calquera cambio nelas non pode ser impulsado en solitario pola administración ou polos empresarios do polígono, senón que debe contar coa complicidade da concesionaria, que do contrario podería exercer os seus dereitos mesmo ante a xustiza. E o mesmo que

ATSA fai o percorrido pola beira oeste do novo polígono, Melytour, concesionaria da liña Vigo-Gondomar por Vincios, abeira o parque polo leste. Serán ambas empresas as que decidan se lles é rendible modificar os seus percorridos para atravesar Porto do Molle ou cando menos facer novas paradas nas súas proximidades. E será a Xunta a que dirima as posibles diferenzas entre ambas por posible competencia. Pero da existencia desas novas paradas e da frecuencia das súas viaxes dependerá a sostibilidade da nova área comercial.

Un bo momento para negociar esas modificacións no transporte público é o actual, coa Xunta en pleno proceso de implantación de servizos metropolitanos con abonos que abaratarán notablemente o custo das viaxes. A posibilidade de introducir bonificacións para as empresas en determinados servizos que a administración considere prioritarios pode abrir unha porta para unha rápida implantación desas paradas no polígono que fagan máis atractivo o emprego do transporte público que do particular.

## ESTACIONAMENTOS

Para incrementar o uso do transporte público non só hai que mellorar o seu servizo e promocionalo. Outra das medidas pode ser a penalización do transporte privado, directa ou indirecta. Parte desa penalización xa ven dada polo feito de que o emprego da autoestrada, o xeito máis cómodo para acceder a Porto do Molle, suporá o pago dunha peaxe. Pero outra variable que decantará a balanza cara o uso do transporte público ou do vehículo privado será a dificultade ou facilidade para estacionar este último.

Neste punto, non está de máis lembrar que o polígono de Porto do Molle é promocionado por Zona Franca como un exemplo de sostibilidade. As naves bioclimáticas que se están a levantar, con vexetación nas cubertas e preparadas para aproveitar as enerxías renovables, a integración co río, as súas zonas verdes, perderán parte do seu sentido se os seus traballadores e usuarios empregan o vehículo particular, o máis insostible de todos os modos de transporte, para desprazarse a Porto do Molle. De nada servirá a limitación de emisións de CO<sub>2</sub> que prevé Zona Franca grazas ao deseño innovador dos seus edificios, nin os 280.000 metros cadrados de zonas verdes, unha cuarta parte da superficie total do polígono, se os 150.000 metros cadrados de rede viaria e zonas de estacionamento son vistos como unha chamada a empregar o vehículo particular.

Porén, resulta difícil aventurar se esa gran superficie destinada a estacionamento e circulación interior será suficiente. Todo dependerá tanto do número de traballadores que albergue o polígono como da afluencia de visitantes. Pero se as prazas de estacionamento non son suficientes para dar cabida a todos os vehículos particulares que se despracen a el, o problema rematará repercutindo tamén nas vías de comunicación, que serán empregadas como estacionamentos espontáneos, como xa ocorre na maioría dos polígonos galegos. Para evitar iso, e ao tempo incentivar o uso do transporte público, as medidas pasan desde a sanción aos vehículos mal estacionados, cuestión que dependerá dunha Policía Local con escasos recursos, ata a regulación do estacionamento, coa implantación de amplos espazos reservados a



carga e descarga ou de sistemas de pagamento como a zona azul ou verde (cobro a todos os vehículos privados ou só aos visitantes e compradores, eximindo do pago aos traballadores da zona debidamente acreditados).

Ningunha destas dúas medidas, impopulares pero efectivas, apareceu aínda no debate público, pero se non son impulsadas desde un comezo ás administracións resultaralles moito máis difícil implantalas logo. A decisión tense que ir tomando, outra cousa é que a súa implantación efectiva poida ser adiada durante un tempo para garantir un exitoso arranque do polígono sen merma da súa competitividade.

## ACCESOS PEONÍS

Volvamos agora ao comezo deste artigo. Descartados os medios marítimo e ferroviario, o movemento de mercadorías en Porto do Molle quedaba reducido ás infraestruturas viarias. Pero as mercadorías son só un dos dous tipos de tráfico que vai impulsar o polígono. O outro son as persoas, tanto traballadores como consumidores, e non todas van empregar o vehículo privado nin o transporte público. Os residentes nas inmediacións do parque comercial, unha poboación que se multiplica notablemente durante o verán, deben dispor das infraestruturas axeitadas para poder desprazarse camiñando. E de momento non hai grandes medidas tomadas ao respecto. As principais, de feito, foron desenvolvidas á marxe do polígono, aínda que agora poidan ser redibilizadas polos novos movementos.

A senda peonil que discorre ao longo do río Muíños foi impulsada polo Concello de Nigrán en colaboración coa Consellería de Medio Ambiente cando esta aínda estaba desligada da de Infraestruturas. Era unha senda pensada para a natureza, pero o seu trazado privilexiado e a accesibilidade que dará aos espazos verdes e hosteleiros do polígono deberían facer reconsiderar as súas funcións para potenciala. E o mesmo sucede coas melloras peonís que se están a acometer na estrada do Ceán, que deberían ser continuadas cara o interior do polígono. Senón, teremos un espazo completamente urbanizado como será Porto do Molle desligado da trama urbana do resto do concello que non invitará a acceder a el empregando o medio máis sostible de todos: o peonil.

## CONCLUSIÓNS

Porto do Molle xa non é un proxecto distante. É unha realidade inmediata que modificará os costumes dos miñoranos e os seus desprazamentos. Ata o de agora a responsabilidade de sacar adiante o novo polígono recaeu na Zona Franca, pero hai tempo que o resto de administracións xa debían terse implicado máis nos ámbitos das súas competencias. Corremos o perigo de que a oportunidade económica se convirta nun caos de tráfico que complique a vida tanto dos residentes como dos visitantes. Pero para evitar esa situación non son necesarios grandes investimentos a curto prazo. As infraestruturas (numerosas tanto viarias ou peonís) e os servizos (dúas empresas de transporte público na zona) xa existen. Só é necesario potencialos e orientalos a unha maior funcionalidade e sostibilidade.

## *E se non funcionase?*

---

TERESA TÁBOAS VELEIRO

No serán dun outono que nos abraia novamente coa súa luz, e mentres camiño polo Porto do Molle no concello de Nigrán polas beirarrúas dunha área pensada para acoller empresas, e polo tanto co claro fin de xerar riqueza e emprego, noutrora, en tempos de bonanza e tamén de insensatez, reflexiono sobre as mutacións que esta crise está comezando a provocar na orde económica e tamén na orde social.

E aínda sen pretender ser visionaria, ocórreseme un exercicio de imaxinación prospectiva sobre o tránsito que potencialmente se podería dar entre a situación anterior á propia crise e a que nos espera no futuro.

Boa metáfora do que pretendo transmitir podería ser o destino incerto desta área pensada inicialmente para albergar proxectos empresariais, xerar emprego e riqueza, entendendo, como se entendeu sempre, que a empresa é o lugar onde se substancia ou se facilita a materialización dunha boa parte dos proxectos vitais das persoas.

Pero cavilo tamén sobre a insensatez e a irracionalidade que trouxo da man un sistema especulativo e depredador que alimentou e se alimentou do estrago ecolóxico e do saqueo dos recursos naturais, así como dun consumismo exacerbado. Un modelo caracterizado por unha continua fuxida cara a adiante, sen máis límite que o provocado pola ausencia do beneficio inmediato.

Esta especulación deuse tamén nos parques empresariais, infraestruturas de iniciativa pública destinadas a facilitar o exercicio dun dereito fundamental como é o dereito ao traballo. Parques empresariais, onde se mercaban e vendían parcelas, sen ningunha intención de xerar enfoques alternativos cara a unha economía de base produtiva, onde simplemente se trataba de comprar, vender e revender nunha secuencia perversa de lucro rápido. A análise do acontecido e o vaticinio como perspectiva de futuro do que posiblemente sucederá se este modelo, que xa está amosando dramaticamente a peor das súas caras, non funcionase. Esta é a base deste artigo sobre o Porto do Molle. A representación do que pode ser este espazo no prazo de dez anos, como unha metáfora, establecendo unha relación de identidade entre o modelo neoliberal que nos arrastra nunha fonda crise económica, social e política, e o Porto do Molle como reflexo dunha área planificada cun fin que pode non chegar a cumprirse.





Reflexionar de tal maneira que para referirme ao primeiro utilizo o segundo como comparativa proxectada no tempo, de xeito que o fundamento sexa a relación entre un e outro. Outra visión do que podería ser este espazo no ano 2020, mediante un tránsito cara a outro modelo no que vaian vinculadas obrigatoriamente as cuestións medio ambientais. A idea doutra dimensión económica que ten que xurdir do fracaso dunha época e neste caso coa intervención sobre un espazo proxectado como peza do engranaxe dun motor que está a fallar e que nos debe servir para non repetir os mesmos erros. Aquilo que tan ben concretou Aldous Huxley na súa frase: “ *quizais a máis grande lección da historia é que ninguén aprendeu as leccións da historia*”.

Este documento é unha vía utópica para achegarnos a outra realidade, un exercicio que amosa o desacougo que provoca este momento no que debemos de mudar a natureza deste anaco de territorio intervido, xerando unha nova linguaxe aberta a un diálogo coa contorna, unha linguaxe que vaia penetrando nas realidades circundantes tamén mutantes, moi lonxe da planificación primixenia pensada como unha illa, sen a elaboración pormenorizada das preexistencias, referencias, pautas e ritmos que establecía o lugar, é dicir, do sedimento do tempo. Este é un dos moitos exemplos do resultado dunha economía que degradou a vida social, cultural e medio ambiental, xa que o Porto do Molle, ademais dunha clara función no equilibrio do sistema hídrico, tiña outros usos relacionados co sector primario.



Porén, o Porto do Molle será o soño do que sucederá se isto non funciona, se o uso para o que foi ideado non chegase a concretarse por mor dunha crise sistémica que obriga a repensar o futuro. Será polo tanto unha aposta por unha nova cultura entre sociedade e natureza que camiñe cara a novas fórmulas de xestión dos recursos naturais, construída ao redor do social e do colectivo, transformándose nunha avanzada cara á construción doutro modelo, será unha proposta para establecer formas de produción e de consumo que contribúan a transitar dunha crise económica, ecolóxica e social a un modelo alternativo, reorientando o uso do solo, xa que o modelo industrial no que se baseou a súa construción irá seguramente desprazando a produción de bens de consumo co fin de atopar unha man de obra cada vez máis barata. Velaí a posibilidade de que queden sen desenvolver proxectos que estaban na base argumental da planificación do Porto do Molle. Por iso hai que convertelo nun novo escenario, nun laboratorio de alternativas, dado que ese territorio, intervido polo desexo de que se implantasen industrias que xerarían riqueza e crearían postos de traballo, pode ver o seu futuro truncado.

Pero malia iso, tamén pode ser un momento de oportunidade para mudar a relación e a conexión co territorio circundante que se mantivo como resistencia “civilizatoria”, como se se tratase dun territorio premoderno ou preindustrial percibido como absurdo, dado o menosprezo do actual modelo cara ás actividades económicas vinculadas ao sector primario.

Sen embargo existe un elemento que pode servir como detonante, como alicerce desta alternativa de futuro. Estou a falar da construción de 40 naves bioclimáticas proxectadas polo Consorcio da Zona Franca de Vigo cos criterios da arquitectura sostíbel, é dicir utilizando, por exemplo, cubertas vexetais para non chocar co contorno e facer que se convertan nun controlador térmico, ou apostando claramente polas enerxías renovábeis mediante a incorporación de paneis fotovoltaicos.



Naves bioclimáticas construídas na área empresarial no Porto do Molle no Concello de Nigrán



Gráficos de Maureen Hart que reflicten a relación que se ten que establecer entre a economía, a sociedade e o medio ambiente. Tradicionalmente os tres funcionaron sen relacionarse e os indicadores da calidade de vida facíanse medindo os tres por separado. Nun modelo sostíbel hai que medir os tres en conxunto e os indicadores da calidade de vida terán que medir os límites para que a relación entre os tres sexa respectada coidando os límites e a proporción de cada un.

Esta será a primeira pedra que utilizaremos para a construción utópica do futuro Porto do Molle. Ao mesmo tempo e partindo dos sistemas xerais de zonas verdes que se sitúan principalmente ao carón do río Muíños e que actualmente serven como elemento separador da realidade existente, faremos dende este eixo a interconexión cos territorios que o rodean mediante corredores verdes. A proposta é reconvertelo nunha **Plataforma Tecnolóxica de Xestión Ambiental** que xere en todo o territorio circundante usos e equipamentos que teñan todos como denominador común un modelo económico no que primen criterios distintos dos que nos levaron á actual crise.

## O PORTO DO MOLLE COMO PLATAFORMA TECNOLÓXICA DE XESTIÓN AMBIENTAL.

Descrición metodolóxica do proxecto.

### 1.-Área xeográfica



Imaxe satelital da área na que se atopa o Porto do Molle.



Fotografías aéreas antes e despois dos movementos de terra levados a cabo para a construción da área empresarial do Porto do Molle no concello de Nigrán.



Planificación actual do parque empresarial.

## 2.-Xustificación do proxecto

Existe a necesidade de crear un sector produtivo sostíbel, neste caso relacionado coa investigación, innovación e xeración de áreas dedicadas a novas propostas medio ambientais, agroindustriais, creación de novos sistemas silvopecuarios e agroforestais, reorientando desesa maneira o uso actual. Dende aí actuarase ademais sobre os ecosistemas do lugar, co fin de potenciar a súa recuperación. Para formular alternativas de cambio social partindo do fracaso do actual modelo, un dos aspectos fundamentais será o diálogo permanente entre os diferentes actores, como fórmula para acadar procesos máis participativos. Ademais, as actividades de investigación que alí se desenvolvan terán que darse nun contexto de continuo diálogo con toda a comunidade científica. Esta deberá elaborar e difundir mediante publicacións e seminarios todos os resultados que alí se dean co fin último de que a sociedade civil se sinta parte dese novo modelo e dos avances científicos que alí se acaden. Esta plataforma do Val Miñor desenvolverá sinerxías para conseguir finalmente oportunidades de negocio que ao mesmo tempo xerarán oportunidades de traballo.

### 3.-Obxectivos

O obxectivo será o de transitar cara a unha estrutura económica na que primen os sectores vinculados ás cuestións medio ambientais, unha economía en clave de “re-”: recuperar, reciclar, rehabilitar. Sempre respectando os recursos naturais e atendendo especialmente ao sector primario, xa que neste modelo utópico para o Porto do Molle e o seu territorio circundante, os recursos naturais e a súa explotación teñen que ter unha valoración correctora na que se deberán considerar o seu custe e os beneficios sociais e non só os privados. Será preciso recuperar tamén as formas seculares da tenencia do territorio en Galiza como é o caso do monte en man común, unha modalidade de procesos de propiedade e participación colectiva, converténdose este elemento nun dos alicerces para un manexo diferente do sector forestal, tendo en conta ademais que a extracción dun recurso renovábel é distinto doutros procesos produtivos, xa que as ganancias dun período determinan o do seguinte. O desenvolvemento desta plataforma de negocio terase ademais que facer dende dentro, nunha intervención selectiva que busque vantaxes comparativas dinámicas cara aos mercados internacionais, é dicir, promovendo a xeración do progreso técnico pero tendo en consideración as capacidades propias do lugar.

Trátase de propoñer a creación dos chamados núcleos endóxenos micros a partir da propiedade comunal e das empresas de produción social, é dicir, novas formas empresariais nas que as pequenas cooperativas sexan claves na resposta aos problemas do desemprego. Estes núcleos estarán interrelacionados coas empresas tradicionais e coa investigación.






Diagrama e vista aérea de Letchworth a 55 km de Londres. Foi a primeira cidade-xardín cunha superficie de aproximadamente 1860 hectáreas e 33.000 habitantes. Tratábase dunha cidade integral.


A partir deste modelo alternativo de investigación e produción, tenderase entón a crear unha relación maior de participación da sociedade civil, formulándose novos retos e debuxando porén un modelo estrutural e formalmente contrario ao que rexeu nas últimas décadas e que provocou no territorio circundante unha forte urbanización sen conciencia dos seus límites e cuxos estragos aínda non se teñen comprendido en toda a súa magnitude.

Un urbanismo voraz que trouxo da man unha auténtica ruptura co pasado, de aí que non exista continuidade co presente, senón que este é claramente unha mutación. Porén, nesta exposición para o Porto do Molle e a súa área de influencia, faremos o mesmo exercicio que o dos socialistas utópicos do século XIX coas súas propostas de cidade-xardín fronte a unha realidade de segregación social e insalubridade que traía a revolución industrial.

Non debemos esquecer que a planificación urbana sempre é a tradución dun modelo económico, e así podemos comprobalo no Val Miñor, onde, nos últimos anos, o planeamento urbanístico non foi máis que o vehículo, a coartada instrumental perfecta para a especulación. Aquilo que Charles Fourier, o socialista francés da primeira metade do século XIX e pai do cooperativismo, definiu como: “A arte de comprar por tres francos o que vale seis, e de vender en seis o que vale tres.”

Por iso é precisamente agora cando este modelo socioeconómico e territorial está cambaleándose agravado por unha crise financeira, cunha retracción no consumo e un incremento dramático do desemprego. Agora é cando se comeza a potenciar cada vez máis unha maior conciencia da sostiabilidade, máis como consecuencia da falla de cartos que como un exercicio intelectual que permita comprender a súa nece-

## Hipótese do Limiar (Max - Neef)



side. Tamén é certo que as solucións que se están a tomar polo momento non serven, porque está errada a diagnose e polo tanto o remedio; de aí que se estea actuando sobre o remate do proceso de produción e do consumo, deixando sen afrontar con valentía as cuestións estruturais que están aínda sen resolver. Por este motivo, no ámbito da planificación territorial, por exemplo, o único modelo urbano sostíbel que se pode propoñer é un modelo plurifuncional, de proximidade e de auto-suficiencia, que permita reducir cada vez máis os desprazamentos, na liña dunha mobilidade responsable. Curiosamente, as propostas máis vangardistas camiñan cara a unha planificación territorial e urbanística de modelos moi similares aos tradicionais, é dicir, dos asentamentos rurais agrarios que, por certo, tanto se desprezaron nos últimos anos. Un claro exemplo é cando se fai esa división contundente entre urbano e rural nas propias clasificacións do solo. Velaí unha dualidade na que o primeiro é sinónimo de riqueza e de especulación, é dicir un solo cheo de oportunidades, fronte a un espazo estático, inútil e sen valor. Esta catíveza de miras trouxo como consecuencia un grave dano no sistema de valores tradicionais do noso país que mudou por mor destas políticas urbanísticas. O solo, que secularmente sempre tivera un gran valor pola súa alta produtividade agrícola, converteuse nun lastre que había que tentar recualificar a urbano.

Velaquí entón como esta nova planificación territorial e urbanística ten que formularse para ser un denominador común de beneficio mutuo no que os ecosistemas terán que xogar un papel central e onde o modelo económico que o determine terá que ser medido non utilizando índices como o PIB, é dicir, maneiras de medir inexactas e erróneas que só teñen en conta o incremento da produción e da venda de bens e servizos. Nesta proposta para o Porto do Molle primarán as medidas do benestar e da saúde dos ecosistemas, tal e como defenden economistas como o francés Serge Latouche. Os índices que teremos que empregar serán o índice



*O Porto do Molle será pioneiro ademais na implantación dos criterios que recolle a axenda da UNESCO e que aparece neste gráfico*



*Proxecto experimental Universidade de Estocolmo sobre núcleos urbanos sostibéis*





do desenvolvemento humano, do desempeño ambiental e da pegada ecolóxica. Haberá que volver localizar a economía para que os bens sexan producidos preto do lugar de consumo, evitando así os custos ambientais do transporte e a ditadura do mercado na produción sen límite.

*“Fai falla ser tolo ou quizais economista para crer que o crecemento pode ser indefinido nun planeta con recursos limitados”  
Serge Latouche.*

Políticas onde a mobilidade responsable, a sostibilidade social, a identidade cultural, o espazo público como artífice da cohesión social, a xestión da auga e a biodiversidade ou as enerxías e os materiais renovábeis serán as que definan as novas intervencións sobre o territorio.

E se fronte á barbarie dos últimos anos sobre o noso territorio, se por mor desta fonda crise se transita cara a outro modelo menos voraz co territorio, e se o Porto do Molle neste exercicio utópico é a metáfora do que ten que ser, e porque os grandes avances da historia da humanidade non foron froito da casualidade, senón que precisaron sempre dun esforzo da intelixencia resultado do acougo e da reflexión, é polo que invoco para rematar unha espléndida frase da obra Otelo de Shakespeare:

***“Se despois de cada treboada veñen as quietudes, oxalá entón que os ventos sopren ata espertar a morte”***

## *Un casal do cabido de Tui fronte ao Porto do Molle*

*Documento do século XIV*

---

**XULIÁN MAURE RIVAS**

*A Valentín Arias (+) e Xavier Senín, prolíficos tradutores galegos, incansables animadores á lectura, adestradores dun futuro noso.*

### SITUACIÓN NO ESPAZO E NO TEMPO

En números anteriores desta revista fomos entregando distintas mostras do patrimonio documental do Val Miñor, referentes todas elas á igrexa de Santa María de Baiona e pertencentes ó fondo do Arquivo Diocesano de Tui. Neste número da *Revista de Estudos Miñoranos*, dedicado en parte ó polígono industrial do Porto do Molle, presentamos un documento singular no que o cabido da catedral de Tui afora no ano 1331 (era de MCCCLXIX ) un casal, sito no lugar que chaman o Outeiro, nunha zona de laxes (as *lageas*) na freguesía de Nigrán. Xoán Domingues e a súa muller María Martíns reciben a foro este casal con todas as súas pertenzas a condición de que “*laurem et aproueitem et pobrem et mantenam as casas et herdamentos, que nom falescam|<sup>o</sup> per mingua de lauor*”.

Hoxe, case setecentos anos despois, pouco queda deste casal agás do seu nome e as laxes onde estivo asentado, que estremen coas recentes instalacións das naves climáticas no Porto do Molle. Dous pardiñeiros son testemuñas do que foi unha unidade produtiva de titularidade eclesiástica, aforada a uns veciños de Nigrán do século XIV. Ademais do topónimo “Outeiro”, que se conserva no camiño que vai cara a rúa dos Pazos, quedanos este documento que hoxe convertemos en letra viva para historiadores, antropólogos, lingüistas, pero sobre todo para os veciños do Val Miñor, que precisamos saber de onde vimos e cara onde imos, saber quen foron e quen van ser os organizadores do noso territorio.



Laxes e pardiñeiro do casal do século XIV, sito no lugar do Outeiro na freguesía de Nigrán



Pardiñeiro medieval do Outeiro (arriba). O mesmo aproveitado para unha obra ilegal (abaixo)

## NOTAS HISTÓRICAS

A evolución da propiedade en Galicia produce nos séculos XII e XIII unha acumulación patrimonial centrada principalmente nos mosteiros cistercienses, os mosteiros beneditinos e os cabidos catedralicios<sup>1</sup>. O casal do Outeiro, que no 1331 era propiedade do cabido de Tui, fora mercado no século anterior polo famoso bispo e historiador Don Lucas de Tui. Tanto o Padre Flórez como Avila y La Cueva<sup>2</sup> dan noticia de documentos do Arquivo Diocesano de Tui que refiren como o mes de agosto de 1244 o bispo Do Lucas merca o “casal das lageas” no Val Miñor e en abril de 1245 o mesmo bispo mércalle a unha tal dona Dominga o “casal do Outeiro” en Nigrán. Destes casais o último é o que foi aforado polos cóengos tudenses en 1331. O paso da titularidade do bispo ó cabido non era infrecuente nestes séculos medievais. Xa no ano 1156 o rei de Galicia, de León, de Castela... interveu para corroborar o reparto de bens a medias entre o cabido e o bispo de Tui e así superar a disensión (*ad removendam dissensionem*) que había entre eles. O texto en latín deste documento conciliador *Bona Tudensis Ecclesiae* está recollido no apéndice XIII do tomo XXII da *España sagrada* do P. Flórez<sup>3</sup>. En 1279 o rei Afonso X o Sabio confirma este documento e é posible que nestas transaccións e convenios o casal do Outeiro de Nigrán pasase a formar parte do patrimonio capitular.

## EXPRESIÓNS FORMULARES

“*Et por foros*” é unha expresión equivalente a outra máis frecuente “*et por dereituras*” que case sempre aparecen despois de concretar a renda que se debe pagar cada ano polo ben aforado. Esta expresión fai referencia a pensións miúdas que o foreiro pagaba tradicionalmente ademais do foro principal. O *Elucidario* de Viterbo na entrada “*direituras*” explica que “*havia, antigamente, moitos prazos intitulados de doze foros porque outras tantas eran as pensões que pagavam, algumas das quais ou quase todas, além da principal, eram insignificantes, e se entendían pelo nome de dereituras*”. As cláusulas iniciadas por “*et por foros*” ou “*et por dereituras*” case sempre preceden as cláusulas de vasalaxe, como “*seian obedientes et serventes*”, “*vasalos fieis mandados et obedientes*”... polo que parece que as *dereituras* tiñan como función recoñecer o señorío ó que se debe un *servizo* –palabra esta usada en sintagmas semellantes nalgúns documentos de foro: “*et por servizo*”– confesando así a condición de servo ou vasalo.

Non era infrecuente nos séculos medievais en Galicia que os mordomos dos distintos señoríos se presentasen, mesmo con armas, a cobrar rendas de foros dos que os seus señores non eran titulares e a única lei que tiña vigor era a lei do máis forte. Eran daquela todos os nobres, grandes e pequenos desbordados no seu despotismo e na súa cobiza, dirixida a usurpación violenta e enganosa dos numerosos bens de bispados, cabidos, mosteiros e igrexas, como afirma o historiador García Oro<sup>5</sup>. Os bispos mediante os seus meiriños, mordomos ou vicarios, asoballan sen piedade ós mosteiros e as persoas sometidas ao vasalaxe; os mosteiros combatían entre eles, incluso os da mesma orde como os cistercienses de Armenteira e os de Melón, causándose vítimas e numerosos danos materiais<sup>6</sup>.

Ante esta situación tan estendida de inseguridade, no mesmo documento de foro inclúese unha cláusula de fidelidade ó cabido de Tui: “*Et deuem a seer uassalos obedientes do dito cabidoo et nom lle pararem outro sseñor deante polas súas dereituras*”. Non consintan en facerse vasalos doutro señor, pagándolle antes as *dereituras* propias do cabido. Outro documento da época, do mosteiro de San Clodio do Ribeiro, nunha cláusula semellante, establece que “*et se nos uos outro señor pararmos a rostro, que o moesteyro rezeba o dito casar per sua outoridade*”<sup>7</sup>. Estas fórmulas do tipo “*non lle paren outro señor arrostro*” aparecen desde finais do século XIII a principios do XVI en documentos dalgúns centros eclesiásticos da diocese de Tui<sup>8</sup>.

## POLA MEDIDA DO AÇOUGE DE BAIONA

Os foreiros do casal do Outeiro de Nigrán tiñan que dar cada ano ó mordomo ou recadador das rendas do cabido de Tui –ademais de mantelo o día que se achegase a cobrar– dúas fanegas e media de pan, “*medeo millo et medeo ceueyra*”<sup>9</sup> equivalente a unha teiga de trigo pola medida do mercado público de Baiona ou sesenta libras pequenas<sup>10</sup>. Ademais cada ano polas festas do Nadal tiñan que dar ó cabido de Tui dous celamíns de trigo pola medida de Baiona (pouco menos de dez litros), tres azumes de viño (algo máis de seis litros), tres capóns e un carneiro. As



Casas e pardiñeiros do Outeiro na actualidade, a rentes do Porto do Molle



O lugar do Outeiro queda incrustado na nova área industrial do Porto do Molle



medidas do azougue de Baiona de feito estaban en uso en todo val Miñor e son as que asumiron os cóengos de Tui no documento de aforamento do seu casal de Nigrán.

A capitalidade de Baiona no Val Miñor está ben documentada non so na área comercial senón tamén nas institucións notariais, eclesiásticas e sanitarias. Da colección *Documentos Medievais de Santa María de Baiona (1274-1531)* sacamos as seguintes referencias: “Eu Marti Perez, notario del Rey en Bayona et en Miñor” (1274); “Eu Gonçaluo Fernandes, notario publico jurado por el Rey en Bayona de Miñor et em seu alfoz” (1350); “morador eno dito arçiprestado de Miñor” (1388); “et o outro terço he do spital de Santi Spiritus do val de Miñor” (1450). Os notarios públicos, os arçiprestes e o hospital do Val de Miñor estaban en Baiona e as medidas que se usaban no comercio eran as do mercado de Baiona.



## NORMAS DE TRANSCRICIÓN E LECTURA

Para unha cómoda lectura do texto é conveniente ter presente os seguintes criterios de transcripción.

- As maiúsculas e minúsculas obedecen ás normas do sistema gráfico actual. O mesmo vale para o uso de acentos e puntuación.
- Hai palabras que levan supraescrito un ´ como en «ano» ou en «mill». Indica que no orixinal manuscrito leva un til, signo xeral de abreviación, que non ten correspondencia fonética.
- O dígrafo <ll> pode corresponder tanto ó fonema palatal /ʎ/, que aparece nas palabras «moller» ou «fillo», como ó fonema /l/ das palabras «mill» ou «polla», que se deben ler “mil” e “pola”.
- As palabras abreviadas transcríbense na súa forma plena, indicando en *cursiva* as letras abreviadas. Así a palabra «not<sup>o</sup>» transcríbese como *notario*.
- Cando o til de nasalidade <~> vai sobre unha vocal con valor de nasal implosiva, transcríbese cun *n/m* en letra cursiva; por exemplo, «cãpaa» ou «cõ» transcríbense *campaa* e *com*.
- Respéctanse os dobres usos dos grafemas <u> e <i>, cos seus valores de vocais e consoantes. Así atopamos «uida ou laurem » que hoxe escribiríamos con <v/b> «vida ou labren», e tamén «ias » que na ortografía actual leva o grafema <x> «xaz».

En xeral seguimos as normas de transcripción de uso máis frecuente nos documentos galegos, publicadas polo profesor Ramón Lorenzo (1988).

## TEXTO DOS DOCUMENTOS

Casal do *cabidoo* en Nigrãa. Era de mill<sup>l</sup> e CCCLX et noue anos<sup>l</sup>, noue días de setembro. Sabiam todos quantos este público estromento virem que sendo dom Affonso Rodrigues dayam da Iglesia de Tui et o cabidoo desse logar juntados per som de *campaa* eno<sup>l</sup> cabidoo<sup>l</sup> da claustra dessa Iglesia segundo he de costume, mĩ, Pero da Lagea, *notario público* jurado da çidade et do bispado de Tui pola Iglesia, presentes as testemuñas que adeante som scriptas, esses dayam et cabidoo *derom* et entregaron a foro a *Joham Domingues* de<sup>l</sup> Barro, morador en Nigrãa, et a súa moller *María Martins* en súa vida d’anbos et de hũu fillo d’anbos despoys delles, qual nomear o postrimeiro delles a seu saymento, o casal que esse cabidoo ha eno logar que chaman o Outeyro que<sup>l</sup> he ena<sup>l</sup> frigesía de Nigrãa, que iaz a as lageas, com todas súas perteeças, per tal pleito et condiçon que esse *Joham Domingues* et súa moller et o dito fillo *laurem* et aproueitem et pobrem et *mantenam* as casas et herdamentos que *nom falescam*<sup>l</sup> per mingua de lauor.

Et *deuem* aa dar en cada huu ano<sup>l</sup> ao dito cabidoo, ou a aquel que o ouuer de rrecadar por el, dúas fanegas et medea de pam, medeo millo et medeo ceueyra, et seer ende hũa teiga de trigo, pola<sup>l</sup> medida do açouge de Bayona, ou *sasseenta* libras pequenas en peite se as ante o dito cabidoo quiser.

Et *deuem* a dar por foros en cada hũu ano<sup>4</sup> ao dito cabidoo dous çeramiins de trigo pola dita medida de<sup>6</sup> Bayona et tres açumbres de viño et tres capões pola festa de Natal et hũu carneyro. Et *deuem* aproueer de comer et de beuer o home do dito cabidoo en quanto os moordomarem. Et *deuem* a seer uassalos obedientes<sup>7</sup> do dito cabidoo et *nom* lle pararem outro sseñor deante polas súas *dereituras*.

Et se quiserem uender ou apeñorar o *dereito* que ouuerem eno<sup>8</sup> dito casal (deuenno a dar) por rasom da bemfeytoría que y<sup>9</sup> fese<sup>rem</sup> deuenno a dar ao dito cabidoo, tanto por tanto, ante que a outro. Et se o dito cabidoo *nom* quisser, deuenno a dar aa tal pessoa que seia ygual das súas et que page as súas *dereituras* ao dito cabidoo.<sup>9</sup> Et a saymento da postrimeira pessoa o dito casal *com* toda súa bemfeytoría deue ficar ao dito cabidoo. Et qualquer das partes que contra esto ueer et *nom* *complir* como dito he, peyte a outra<sup>10</sup> parte que o *complir* et aguardar *quiñentos marabedis* de qual moeda correr. Et o *estromento* fique firme. Feito en Tui eno<sup>8</sup> dito lugar, era et día sobreditos. Testemuñas que *forom* presentes: Dom Viçente Barreyros,<sup>11</sup> arçidiago de Cerueyra, Dom García Manteyga, arcidiago da Labruia, Pero Lourenço, Pero Fernandes, coengos e outros<sup>12</sup>.





- NOTAS
- 1 Este documento encóntrase no Arquivo Diocesano de Tui, nos Protocolos de Lagea II, 17 rº.
  - 2 Pallarés/Portela 2007, 9
  - 3 Flórez 1798, 128 e Avila y La Cueva 1995, 214-215
  - 4 Flórez 1798, 273-278
  - 5 Ver García Oro 1977, 16-17
  - 6 Villa-Amil 1971, 286-287
  - 7 Lucas Álvarez, Manuel / Lucas Domínguez, Pedro (eds.) (1996): El monasterio de San Clodio do Ribeiro en la Edad Media: estudio y documentos. Sada / A Coruña: Edicións do Castro (Publicacións do Seminario de Estudos Galegos). 451
  - 8 Maure 1998, 1019-1032
  - 9 O millo do século XIV en Galicia era o que hoxe chamamos *paínzo* ou *millo miúdo*. Ceveira era o nome xenérico de cereais, designaba todo tipo de gran frumentáreo.
  - 10 A teiga era unha medida de capacidade variable segundo as localidades. Nalgúns sitios unha teiga equivalía a cinco fanegas (Cal Pardo, 167); de ser así, aquí parece que unha fanega de trigo equivale a dúas de mestura de millo e ceveira, e tería un prezo de sesenta libras pequenas.
  - 11 Maure Rivas, X. *Patrimonio documental do Val Miñor. Documentos Medievais de Santa María de Baiona (1274-1531)* Inédito

## BIBLIOGRAFÍA

- AVILA Y LA CUEVA 1995.- *Historia civil y eclesiástica de la ciudad de Tuy y su obispado*. Tomo III. Os Bispos de Tui. Consello da Cultura Galega.
- CAL PARDO, ENRIQUE 1984. *El monasterio de San Salvador de Pedroso en tierras de Trasancos*. A Coruña: Diputación Provincial.
- FLÓREZ 1798.- Henrique Flórez. *España Sagrada*, tomo XXII. *De la Iglesia de Tuy desde su origen hasta el siglo décimo sexto*. Madrid.
- GARCÍA ORO, JOSÉ 1977. *Galicia en la Edad Media. Iglesia, señorío y nobleza*. Santiago de Compostela: Bibliófilos Gallegos.
- LORENZO 1988.- RAMÓN LORENZO: (1988) "Normas para a edición de textos medievais galegos" en Dieter Kremer (ed.) *Actes du XVIIIe Congrès International de Linguistique et Philologie Romanes*, T. VI. Tubingen: Max Niemeyer Verlag, 76-85.
- LUCAS ÁLVAREZ, MANUEL / LUCAS DOMÍNGUEZ, PEDRO (eds.) (1996).- *El monasterio de San Clodio do Ribeiro en la Edad Media: estudio y documentos*. Sada / A Coruña: Edicións do Castro (Publicacións do Seminario de Estudos Galegos).
- MAURE 1998.- Xulián Maure "«Non lle paren outro señor arrostro». Nota sobre o léxico xurídico do galego medieval" en Dieter Kremer (ed) *Homenaxe a Ramón Lorenzo*, T. II. Vigo: Ed. Galaxia.
- PALLARÉS/PORTELA 2007.- Mª del Carmen Pallarés Méndez e Ermelindo Portela Silva. *Gran Historia de Galicia*, tomo V *De Xelmírez aos Irmandiños. A Galicia Feudal (séculos XII-XV)*, Vol 2, O encadramento social e a loita polo poder. A Coruña, 2007, Arrecife Edicións Galegas S. L.
- VILLA-AMIL 1971.- José Villa-Amil y Castro. "Rodrigo Gómez: Cuadro histórico de las costumbres de la nobleza gallega en el siglo XIII" en Grial IX nº 33.
- VITERBO, 1965. Joaquim de Sta. Rosa de Viterbo. *Elucidario*. Porto - Lisboa: Livraria Civilização.

## *Cartografía e toponimia na costa sur de Galicia*

---

**GONZALO MÉNDEZ MARTÍNEZ**

*Departamento de Xeociencias Mariñas e  
Ordenación do Territorio. Universidade de Vigo  
mendez@uvigo.es*


### **Baiona, 26 de xullo de 2005**

Queremos agradecer a invitación do Instituto de Estudos Miñoráns, a través de don Xosé Lois Vilar, para vir falar dun tema que nos apaixoa.

Estruturamos a conferencia e as correspondentes imaxes como un percorrido pola historia da cartografía galega, a través dos documentos máis senlleiros e analizando con máis detalle aqueles que ofrecen máis información ou novidades no que respecta á toponimia do sector costeiro que vai de Monte Ferro á desembocadura do Miño.

A cartografía antiga de Galicia reflicte o interese e progresivo coñecemento que sobre o seu territorio tiveron tanto os cartógrafos do país como os estranxeiros. A súa evolución é paralela ó desenvolvemento dos avances científicos e técnicos, ó progreso nos procedementos de medición, ó coñecemento sobre a forma da Terra, etc. Asemade, reflicte procesos territoriais, sociais, políticos, económicos, culturais e artísticos. O interese da cartografía como reflexo da evolución do territorio e dos proxectos sobre o mesmo é enorme. Nela quedan plasmados tanto os procesos de organización interna dos países, como pequenos plans de ámbito local ou preitos de lindes, chegando en ocasións a presentar plans e proxectos que nunca chegaron a executarse, como foi o caso da base naval das Illas Cíes no século XVIII.

Os documentos cartográficos impresos de Galicia máis antigos coñecidos, o pequeno mapa do Isolario de Benedetto Bordone (1528), as cartas náuticas de Waghenauer (desde 1584) e os mapas de Metellus (1595) e Ojea (1603), amosan a pervivencia dunha documentación antecedente, que é tronco da historia da cartografía da Europa occidental e mediterránea. Referímonos ós mapas atribuídos a Claudio Ptolomeo, repetidamente publicados dende finais do século XV e á cartografía náutica maiorquina ou catalana. Nos inicios non é evidente, pero pronto se producirá un proceso de progresivas revisións, posteriormente levantamentos, e de incorporación das melloras á información preexistente. Como as novidades e máis importantes progresos viran frecuentemente da man da cartografía náutica, establecerase unha prevalencia desta sobre a cartografía coro-



Mapa de Galicia de Johannes. Metellus (1595)



«Descripcion del Reyno de Galizia» de Hernando de Ojeda (1603)

gráfica, do interior do país: así, os novos perfís da costa fixados polas cartas náuticas iranse incorporando ós mapas do país que acomodarán ou recolocarán o resto da información. E así se producirá polo xeral ata entrado o século XX. Durante o século XVI prodúcese en Europa un espectacular desenvolvemento da cartografía, paralelo ó do coñecemento xeográfico e ó doutras disciplinas, así como ó da imprenta. Neste tempo, Galicia, como outros territorios semellantes, non é obxecto de representación por si mesmo senón dentro do marco peninsular ou no seo de ámbitos máis amplos. A finais do século publicáronse os primeiros documentos cartográficos centrados en Galicia, os cales influirán decisivamente na documentación posterior.

A cartografía e a información xeográfica xerada por Claudio Ptolomeo de Alexandría no século II foi base para a produción de diferentes documentos cartográficos no Renacemento. Un amplo número de autores, editores e gravadores publican a Xeografía tolemaica cos seus mapas nos séculos XV e XVI. Pronto, os mapas de Ptolomeo vense complementados con mapas “modernos”. Podemos atopar no islario de Benedetto Bordone (¿1460-1531?) o impreso máis antigo do noroeste ibérico (excluíndo, evidentemente, os diversos mapas de toda a península impresos desde finais do século anterior). Publicado en Venecia en 1528 co título «Libro de Benedetto Bordone, nel qual si ragiona de tutte l'isole del mondo» foi reimpresso en diversas ocasións. Non se trata propiamente dun mapa de Galicia. Nel podemos ver unha serie de illas, herdeiras das Casitérides que outros mapas situaban no noroeste peninsular e que aquí aparecen con nomes de algunhas illas galegas mesturados cos das Azores.

Entre os antecedentes da cartografía occidental da época moderna tamén hai que considerar, como dicíamos, ós portolanos manuscritos maiorquíns ou cataláns. Neles é posible atopar representacións da costa noroccidental peninsular, que se ben carece de detalle e padece de frecuentes erros, leva rotulados diversos topónimos do noso interese. Estes topónimos son en xeral bastante repetidos de uns manuscritos a outros no sector correspondente á costa galega. Baiona, Redondela, Pontevedra, Corrubedo, Noia, Muros, Fisterra, Muxía, A Coruña, Betanzos, Santa Marta de Ortigueira e Viveiro son os nomes que soen aparecer representados, se ben con diferentes grafías. Así, Baiona aparece como *Baiona de Mignor* na carta de Battista Agnese de 1544, como *Baiona* na de Diogo Homem de 1561, como *Bayona* noutra do mesmo autor e ano, tamén como *Bayona* nunha de Joan Riezo (Joan Oliva) de 1580 na que aparece tamén o topónimo *Phanisal*, posiblemente asociado ó cabo Silleiro. Por último, tamén *Baiona* aparece na carta de Baldasaro de Maiolo Visconte de 1588 na que as illas Cies aparecen baixo o nome de *Baiona*.

O cartógrafo holandés Lucas Jansz Waghenaer é coñecido na historia da cartografía por ser o autor do primeiro atlas náutico normalizado impreso. As costas de Galicia aparecen representadas xa neste primeiro atlas náutico, o «Sphiegel der Zeevaert» (O Espello da Navegación) publicado en holandés en 1584. Posteriormente se realizaron outras edicións en diferentes linguas, destacando a feita en latín en 1586 como «Speculum Nauticum», a inglesa en 1588 como «Mariner's Mirrour» ou a francesa en 1590 como «Miroir de la Navigation». Durante o século progresárase no desenvolvemento dos derroteiros e dos perfís que progresivamente nos ían acompañando, máis agora os mapas que se engaden convértense no centro da obra.



Mapa da ría de Baiona de Pedro Teixeira (ca. 1634)

O atlas representa a costa europea desde Noruega e o mar Báltico ata Portugal, que eran áreas de especial interese para os patróns ingleses e holandeses. A costa galega representábase dividida en tres tramos por motivo da súa extensión e disposición. Así, das vintetrés cartas que compuñan o primeiro conxunto impreso, tres correspondían a Galicia. Se observamos a zona correspondente á costa sur de Galicia, atopamos os nomes de *Monforte* (como unha localidade na zona de Panxón), *Baiona*, *C. de Phaselis* (cabo Silleiro), *Monstro* (Mosteiro de Oia) e *Islas de Baiona* (illas Cíes), representando a baía ou ría de Baiona sobredimensionada e cun detalle maior que as áreas próximas.

O mapa de Galicia que atribuímos a Johannes Metellus é un pequeno mapa do extremo noroccidental peninsular, que contén importantes erros e que consideramos foi copiado da parte correspondente do mapa do conxunto peninsular publicado por Ortelio en 1570 e consecuentemente herdeiro de tódolos mapas que integran a serie que lle serve de fonte de información (Hieronymus Cock, Pyrrho Ligorio, Vincenzo Luchini, Paulo di Forlani Veronese). Constitúe o primeiro mapa impreso coñecido no que Galicia aparece representada de forma independente. Baixo o dobre título “Galitia” e “Galizia hisp.” presenta Metellus un pequeno mapa gravado en cobre en escala non determinable pola indefinición das súas unidades métricas. Leva ó verso un texto en latín titulado «Galiciae Regnum» e procede do atlas «Hispania tabulis aeneis expressa» publicado en Colonia en 1595. Neste mapa os topónimos da zona son Monforte, Baiona, Moestro e A Guarda.

O primeiro atlas moderno uniforme impreso coñecido é o «Theatrum Orbis Terrarum» de Abraham Ortelio. A «Descrición del Reyno de Galizia» de Hernando Ojea publicada dentro del Teatro del Orbe de Ortelio constitúe o primeiro mapa impreso cun trazado cartográfico realizado expresamente para Galicia. Aínda que a primeira edición do atlas de Ortelio saíse do prelo en 1570, o mapa de Galicia de Ojea non entrará a formar parte do mesmo hasta 1603, nunha edición de Vrints. A transcendencia do mapa de Ojea ven dada por ser o primeiro mapa de Galicia na súa totalidade debuxado expresamente e impreso, formando parte dun atlas que tivo ampla difusión. Este mapa, a pesares dos seus moitos erros, non foi superado en moito tempo e, por moi copiado, deu orixe a unha longa familia documental. As grandes empresas editoriais radicadas nos Países Baixos colaboraron á divulgación do mapa de Ojea mediante versións máis ou menos modificadas do mesmo. Destacan pola súa ampla difusión as versións da familia Hondius e de Blaeu a escala semellante do orixinal. Ademais destas versións foron numerosas as realizadas para atlas de pequeno formato por diversos editores. Con máis densidade toponímica que todas as obras anteriores, ó sur de *Vigo* e *Bouças*, o mapa de Ojea trae os nomes de *Moserte*, o que noutros era Monforte e puido rematar co tempo como Monte Ferro, *Gondomar*, *Val de Minor*, *R. Ramallosa* (río Miñor), *Bayona*, *C. Siluro* (Cabo Silleiro), *Hoya M.*, *Guardia*, *Yslas de Bayona olim Cicas et Insulae Deorum* e *S. Martin* (a máis meridional das illas Cíes).

Gerhard Mercator, cartógrafo, xeógrafo e matemático naceu en 1512 en Rupelmonde (Flandes) e finou en 1594 en Duisburg. En 1569 publicou o seu famoso mapamundi coa proxección conforme que se coñece como Mercator e supuxo un importante avance á navegación. Adicou grande parte do seu tempo á formación dun gran conxunto cartográfico orixinal que foi publicado en 1595 co título «Atlas, sive cosmographicae meditationes de fabrica mundi et fabricati figura», dando orixe ó

termo atlas para designar ó conxunto de mapas. En 1604 son vendidas as pranchas dos seus mapas a Jodocus Hondius quen realizará desde entón en Amsterdam diversas edicións dos atlas. O mapa «Gallaecia Regnum» baseado na obra de Ojea foi publicado a partires de 1611 nas distintas versións do atlas de Mercator editadas pola familia Hondius e posteriormente por Janssonius e os seus herdeiros.

Alcanzado o éxito pola obra de Waghenaer, diversos cartógrafos e editores de mapas desenvolven traballos recopilatorios con vistas á publicación de novos atlas náuticos. Entre estes traballos podemos destacar por motivos diversos os de Blaeu, Robert Dudley, Van Keulen, Le Neptune François, Renard e Mount & Page. Nos anos 1646-47 publícase o primeiro atlas náutico feito por un inglés. A obra leva por título «Dell'Arcano del Mare» (Secretos do Mar) e o seu autor e editor foi Sir Robert Dudley (1573-1649), xeógrafo, enxeñeiro e explorador. Publicou o atlas en Florencia, a partires dunha compilación, tratándose do primeiro atlas con cartas trazadas en proxección Mercator. Encargouse do seu gravado Antonio Francesco Lucini. A toponimia desta carta destaca polos frecuentes erros na localización dos lugares, como situar Camiña ó norte do Río Miño e Santa Trega ó sur.

En datas próximas a 1630, Pedro Teixeira Albernás (1575-1662), cosmógrafo portugués pertencente a unha familia dedicada á cartografía náutica, realiza por encargo da coroa o levantamento das costas peninsulares, resultando tanto un rumbo conservado co título “Descripcion de las costas y puertos de España” como sendas coleccións de mapas manuscritos, distintas entre si, conservadas en Uppsala (Suecia) e Viena (Austria).

Na Biblioteca da Universidade de Uppsala consérvanse, entre outros, dous mapas da costa galega que comprenden desde Ribadeo a Fisterra e desde Fisterra á desembocadura do Miño. Este último ofrece unha serie de topónimos que podemos ver con máis detalle nos mapas do atlas conservado na Biblioteca Nacional de Viena. Entre estes mapas da costa, debuxados como vistas de paxaro, atopamos o correspondente á ría de Baiona. No seu extremo superior distínguese a *Isla de Toralha* e o *Cavo destay*. Seguindo a costa atopamos *Monte de Ferro*, *Las Estelas*, *Garmaña*, *Puente de Ramalloza*, *Puente de Savaris*, *Puente Nueva*, *N.S. del Burgo*, *Puente del Burgo*, *Pescadaria*, *Bayona*, *Mon Real*, *S. Ant<sup>o</sup>.*, *Torre del Principe*, *Concheira*, *Monte de S. Roque*, *Río de Burado*, *Cavo de Silleiro* e *Islas de Bayona*.

A finais do século XVII publícase un novo atlas náutico que terá fonda repercusión na cartografía terrestre ou corográfica. É o atlas náutico «Le Neptune François» no que se insire, entre outras a «Carte des costes septentrionales d'Espagne depuis Fontarabie jusqu'a Bayonne en Gallice» que recolle case que a totalidade da costa galega. Publícase en París en 1693, tratándose dunha obra oficial, feita por orde do rei, fronte ás anteriores obras de iniciativa privada. A carta é copia do manuscrito de Minet e de Gennes, que foron os encargados do levantamento das costas setentrionais e occidentais españolas. As pranchas recollen varios tramos de costa, reducindo considerablemente o número de páxinas da obra. Xunto ó trazado da costa engádese información sobre os produtos adquiribles nalgúns portos. Do atlas realizáronse varias edicións entre 1693 e 1773, incluso unha contrafeita no mesmo ano 1693.

Cos primeiros documentos sobre Galicia iníciase entón as series do que podemos chamar modelos cartográficos, é dicir, o emprego de trazados cartográficos



Mapa do bispado de Tui de Rosendo Amoedo (1766)

semellantes por distintos autores, moi evidente na cartografía corográfica e non tanto na náutica. Estas representacións son reiteradamente copiadas e reproducidas durante o século XVII ata a aparición do segundo modelo, o iniciado pola «Carte des costes septentrionales...» en 1693, e incluso despois. O mapa de Ojea converterase nun claro exemplo da tendencia dos cartógrafos a copiar das distintas fontes existentes e da escasa incorporación de modificacións nas sucesivas copias. Dito mapa será modelo único durante un século e compartirá outro século máis co segundo modelo. Así, nos novos mapas do conxunto peninsular, a parte correspondente a Galicia será copiada de Ojea, ó igual que outras áreas o foron das súas respectivas novas representacións, adaptándose todas para formar o conxunto. A nova configuración da costa dada pola «Carte des costes septentrionales d'Espagne depuis Fontarabie jusqu'a Bayonne en Gallice», publicada en 1693 en París no atlas náutico «Le Neptune François», ten rápida aceptación e asimilación na cartografía territorial, xerando un novo modelo cartográfico, perceptible tanto nos mapas de Galicia como nos do conxunto peninsular. O mapa «Il Regno di Galicia» de Giacomo Cantelli da Vignola, publicado en Roma en 1696 por Domenico de Rossi é un bo exemplo da mencionada adaptación continua dos mapas ás novas informacións cartográficas.

Fronte á habitual publicación de mapas no estranxeiro, o século XVIII coñece unha serie de achegas realizadas desde a propia Galicia. Son, entre outros, os mapas das dioceses galegas inseridos na «España Sagrada. Theatro Geographico





Historico de la Iglesia de España» do pai Henrique Flórez de Setién y Huidobro. Entre eles, o mapa do “Obispado de Tuy” de Rosendo Amoedo, datado no ano 1766, correspondente á antiga provincia de Tui, con indicación dos arciprestados, poboacións, camiños, etc. Nel podemos distinguir os nomes de *Islas Estelas, Panjon, Nigran, Ramallosa, Bayona, Cabo de Monte Real, N.S. de Cela, Punta de Lobos, Oya, La Guardia e Punta de Sta. Tecla*.

Cara a finais do século XVIII iníciase en España a cartografía científica baseada en levantamentos mediante coidadosa triangulación. Son os traballos de Vicente Tofiño de San Miguel para o «Atlas Marítimo de España». Vicente Tofiño de San Miguel (1732-1795), militar, cartógrafo, matemático e astrónomo, iniciou a súa carreira militar en Infantería, pasou logo a Artillería e en 1757 incorporouse definitivamente á Armada atraído pola súa boa preparación matemática e astronómica. Destinado á «Academia de Guardias Marinas» de Cádiz é nomeado director da mesma en 1768 e desde 1776 o seu cargo esténdese ás academias de Ferrol e Cartaxena. En 1783 recibe do ministro de Mariña, Antonio Valdés, o encargo de realizar o levantamento cartográfico das costas de España, dedicándose a iso desde ese ano hasta 1788. É precisamente nesta importante empresa onde se enmarcan os seus traballos sobre Galicia. O levantamento realizouse seguindo o método usado por Picard e La Hire no mapa de Francia, combinando operacións terrestres e marítimas. O propio Tofiño expón no prólogo do primeiro tomo do *Derrotero* cal foi o método aplicado: “levantando nuestras orillas con una serie de triángulos continuados, desde el primero, cuya base se midiese con exactitud, la consiguiesen todos ellos”. O levantamento cartográfico das costas galegas foi acometido pola expedición de Tofiño durante 1786 e 1787.

Tomás López y Vargas Machuca (1731-1802) é, sen lugar a dúbidas, unha das figuras máis coñecidas da historia da cartografía española. Os mapas producidos no estudio de Tomás López son o máis claro expoñente da denominada cartografía de gabinete. Tomás López confeccionou varios mapas do territorio galego a diferentes escalas. En Galicia, Tomás López é coñecido polo seu «Mapa Geographico del Reyno de Galicia: Contiene las Provincias de Santiago, Coruña, Betanzos, Lugo, Mondoñedo, Orense y Tuy» publicado en Madrid no ano 1784. O mapa representa Galicia na súa totalidade, establecendo os límites das súas sete provincias. Foi impreso en Madrid en catro follas, a unha escala próxima a 1:332000, expresada en modo gráfico en tres unidades diferentes: “Leguas Geográficas de España...”, “Leguas de 20 al grado...” e “Leguas Legales de 5000 varas cada una...”. As coordenadas son fixadas con “Longitud oriental del pico de Teide, ó de Tenerife”.

Xa no século XIX destaca o grupo de científicos e intelectuais formados na Universidade de Santiago coa moi coñecida figura de Domingo Fontán. Outro aspecto moi importante deste período é a existencia dun proceso de coñecemento xeográfico e levantamento cartográfico de Galicia, co fin principal de alcanzar unha máis correcta organización e administración do territorio e do que os resultados principais foron a división en provincias, partidos e concellos e a delineación da «Carta geométrica de Galicia» por Domingo Fontán (1788-1866). Desde 1817 e durante dezasete anos, dedicárase á elaboración da súa “Carta Geométrica”. Para Fontán a resolución dos problemas de Galicia, o seu desenvolvemento, as comunicacións, a organización, facía necesario o levantamento dun preciso mapa do terri-

torio En 1834 presenta o manuscrito, ante a Raíña Gobernadora, pero a necesidade de dispor dun bo gravador para a publicación da carta fixo que non fose impresa hasta 1845, levándose adiante o labor en París por L. Bouffard, quen polas súas grandes dimensións (215 x 234 cm) gravouno en doce seccións. Pola súa escala (1:100000) permite un detalle nunca antes acadado, cuestión que se percibe claramente na riqueza toponímica recollida no manuscrito: *M. Ferro, C. Sentauro, Estela de Tierra, Estela del Mar, Is. Estelas, Pta. del Castro, P. Gaiteras, Panjón, P. Ramallosa, S<sup>a</sup>. Crist<sup>a</sup>. de Ramallosa, Burgo, Pta. del Burgo, Bayona, Pta. de la Foz, Pta. Sanson N., Pta. Sanson S., Pta. de los Hornos, Baredo, Cabo Silleiro, Pta. de Montador, Mougás, Viladesuso, Pedornes, Villar, La Riña, Chabella, Estero de Hoya, Hoya, Punta de Genete, La Guardia, Punta de Sta. Tecla e Camposancos.*

Xa a finais do século XIX e principios do XX diversas campañas hidrográficas permitiron un mellor cartografado das nosas costas e os traballos do Instituto Geográfico para a confección do Mapa Topográfico Nacional a escala 1:50000, iniciados en 1870, aínda que para esta zona foron nos anos coarenta do século XX, deron como resultado uns mapas que xa son de todos coñecidos.

É todo. Moitas grazas.

(A exposición contou con sesenta e unha diapositivas)

## *Igadi: no Miñor, no Mundo*

**Xulio Ríos**

*Fundador e director do IGADI*

O Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional (IGADI) forma parte da fisonomía asociativa e cultural da comarca miñorana, se ben coa especial característica dun perfil vocacional e preferentemente orientado cara o exterior, claro que sen perder de vista as súas orixes e, moi ao contrario, tratando de reivindicalas e dignificalas poñendo en valor o vínculo internacional que asoma como característica común dunha área xeográfica como o Miñor que combina, entre outros, o protagonismo na xesta colombina, unha referencia histórica de tanta significación para Galicia como o Conde de Gondomar (embaixador de Felipe II na Corte de Inglaterra) ou o dilatado relato diaspórico galego que deixa a súa pegada na xeografía humana, en edificios ou entornos emblemáticos (como unha Praia chamada América) que, de novo, universalizan os nosos atractivos máis singulares.

O IGADI é unha entidade sen ánimo de lucro constituída formalmente en 1991 e que ten como obxectivos fundamentais analizar o mundo desde aquí e proxectar a Galicia no contexto internacional. Esas dúas facetas definen unha acción que aspira a combinar o labor de análise coa xeración de propostas que poidan permitir a formulación de estruturas e proxectos orientados a mellorar as capacidades de Galicia nun mundo en cambio.

O IGADI asume como sinal de identidade un carácter híbrido, no que tanto se poden advertir as funcións propias dun *think tank* con vocación académica e socialmente influente, como tamén as derivadas da implementación das súas iniciativas, colmando as necesidades que require a súa xestión. En ámbalas dúas dimensións, o rigor e a profesionalidade emerxen como referentes esenciais e en ambas as dúas procura gardarse un equilibrio indispensable para incidir na creación dese pensamento exterior que debe facilitar o avance da nosa colectividade, comprometéndose de xeito activo na súa implementación real, se ben evitando que as dinámicas de xestión, especialmente pesadas cando se abordan con escasos medios, acaben por condicionar a dinámica de funcionamento ata hexemonizar de forma absoluta a súa actividade e impedir o desenvolvemento dun labor igualmente creativo.

Camiño das dúas décadas de existencia, o IGADI afirmase continuador da tradición universalista do galeguismo histórico (figuras como Plácido Castro ou Lois Tobío son así referentes obxecto de estudo e reivindicación e o segundo foi membro do Consello Asesor) e desempeña o seu labor cunha clara vocación de servizo público, en condicións de plena autonomía, indispensable para fomentar unha actividade plural e transpartidaria, apostando por asentarse como un espazo de encontro no que todas as sensibilidades e disciplinas poidan desenvolverse de forma leal e eficiente. As institucións e a sociedade en xeral teñen no IGADI un instrumento colaborador das súas estratexias de acción exterior.

O *Centro de Información e Documentación Internacional Contemporánea (CIDIC)*, conta cunha hemeroteca especializada e recibe máis dun cento de publicacións relativas a asuntos internacionais, ben sexa en formato papel ou electrónico, mediante subscripción ou a través de intercambios. Trimestralmente, edita un Boletín de Sumarios. Na hemeroteca consta a información sistematizada (sobre evolución política, economía, sociedade, relacións exteriores) indispensable para achegarse aos conflitos máis relevantes da sociedade mundial contemporánea, con especial atención para os espazos xeográficos de maior significación para Galicia e tamén na orde global. Entre as publicacións recibidas figuran as máis destacadas no tratamento dos asuntos mundiais en diferentes linguas, convertendo ao IGADI nun centro de referencia único no seu xénero en Galicia. Os citados fondos son consultados por profesores e estudantes, por ONGDs, responsables públicos ao igual que a biblioteca especializada en temas internacionais e unha incipiente videoteca especializada en temas chineses, os únicos fondos que poden ser obxecto de préstamo.

O IGADI conta tamén con varios *programas de investigación* en curso: Paradiplomacia; Seguridade, Conflitos e Alternativas no Sistema Internacional; e Cooperación Internacional ao Desenvolvemento. Esta iniciativa permite afondar na dimensión analítica e regularizar a colaboración dos investigadores asociados ao centro, radicados en diferentes países, estendendo así a rede de persoas comprometidas coas nosas actividades. En *Paradiplomacia* analizamos o marco teórico sobre o que se sustenta a paradiplomacia mundial definindo os eixes subtemáticos prioritarios da paradiplomacia galega. En *Seguridade, Conflitos e Alternativas no Sistema Internacional*, analizamos tanto as tendencias globais como algúns estudos de caso aínda que procurando transcender a conxuntura. Nese marco, préstase unha atención especial ao proceso de integración que representa a ALBA. En *Cooperación* analizamos o modelo e sistema galego suxerindo vías e fórmulas para o seu enriquecemento permanente. Os programas de investigación, cun promedio de cinco persoas en cada un, representan unha aposta singular do IGADI por implicar e formar especialistas en determinadas áreas de interese para Galicia ou para significar a presenza de analistas galegos ou vinculados a Galicia nalgúns materias a nivel global. A súa dinamización reflíctese na elaboración de materiais de análise, editados en formato electrónico ou papel, ou cristalizan en publicacións que pasan a engrosar os catálogos das principais editoriais galegas.

A *formación*, por outra banda, constitúe un ámbito de interese que se concreta na participación en cursos organizados por diferentes Universidades ou centros de estudo, tanto públicos como privados, en Galicia ou fóra dela, así como por outras entidades preocupadas pola obtención dunha suficiencia académica cualificada.

Tamén mediante a promoción de cursos e iniciativas propias, como cursos de verán ou o Curso de información e relacións internacionais, levado a cabo en diferentes edicións en colaboración coas Facultades de Xornalismo e de Ciencia Política da USC. Por outra banda, a elaboración de manuais universitarios ou a participación en tarefas de Profesor Consultor en determinadas áreas en cursos on line (Universitat Oberta de Catalunya ou Instituto de Altos Estudos Universitarios) forman parte da dinámica habitual de actividades.

No eido da *asesoría*, o IGADI desenvolve a súa actividade, preferentemente, en colaboración con diferentes administracións públicas ou os seus organismos autónomos no marco de convenios estables cos departamentos relacionados coa proxección exterior. Así mesmo, presta os seus servizos a empresas inmersas en procesos de internacionalización das súas actividades, tratando de infundir unha nova cultura empresarial que preste a debida atención non soamente ás perspectivas estritamente mercantís senón tamén ás implicacións políticas que subxacen na aproximación a certos mercados.

A consideración de Galicia como unha autonomía no mundo e o compromiso coa acción exterior alentan a implicación do IGADI en iniciativas con diversas institucións e entidades para plasmar unha alianza que fomente un proceso plural e converxente de internacionalización con identidade. No IGADI faise un seguimento diario de canto acontece en Galicia ou no mundo e que garda relación coa nosa proxección exterior. Dese “*Diario exterior*”, accesible ao público semanalmente na páxina web, complementado con diferentes análises referidos ás temáticas de maior relevancia do exercicio, xurde o *Anuario exterior de Galicia*, que publica a Xunta de Galicia.

Por outra banda, esa preocupación pola política exterior galega facilitou no seu día a elaboración do Libro Branco da Acción Exterior de Galicia, o primeiro documento desta natureza no estado autonómico español, froito dunha ampla reflexión participativa que contou co apoio da Xunta, instada e coordinada dende o IGADI, quen tamén tomou parte na elaboración das Bases Estratéxicas da acción exterior (no bipartito), e forma parte do recién creado Consello de Acción Exterior de Galicia.

O IGADI tamén está presente á hora de pular reflexións estratéxicas sobre a proxección exterior da cultura galega (dende a dinamización da propia Comisión de acción exterior do Consello da Cultura Galega), ou os procesos de internacionalización da nosa economía en xeral ou de sectores produtivos concretos. A preocupación por fomentar o interese social polo internacional esténdese a todos os eidos e comprende non só a Xunta de Galicia senón tamén outros ámbitos como o propiamente local, incidindo na posta en valor daqueles aspectos que poden permitir unha mellor inserción global das súas actividades (irmandamentos, por exemplo), ou de instancias como a Real Academia Galega para favorecer unha maior presenza internacional.

Nesa perspectiva, a abordaxe da diáspora como capital relacional na sociedade global constitúe unha achega substancial formulada dende o IGADI para entender a emigración dende unha nova perspectiva, proxectando o seu valor como activo de futuro e menos como expresión dunha Galicia subdesenvolvida que non foi quen de reter aos seus fillos. A organización da diáspora como tal, entendida como



proxecto do país e non de calquera formación política concreta, permite tender pontes cualificadas entre a sociedade de orixe e as de destino sempre e cando sexamos quen de perseverar no compromiso e viabilizar ideas que aporten progreso a ambas partes, como xa acontece con outras diásporas polo mundo adiante.

## ÁREAS PRINCIPAIS DE ESTUDO

As principais áreas xeopolíticas de estudo son: América Latina, Mundo Chinés, Oriente Medio, Países da Lusofonía, Europa –con especial atención ao mundo celta, integración europea e o Leste- e o espazo da antiga URSS.

Do seguimento do acontecer nestas realidades xurden os *IGADIPaper* (documentos de análise dunha conxuntura concreta con frecuencia quincenal), as *Guías exteriores* (que abordan cada mes unha crise ou problema internacional baixo o formato de preguntas e respostas), os *Informes de Situación* (xeralmente orientados a fornecer as claves dun problema que interesa aos decisores galegos). Tamén cabe sinalar as *Guías de Conflitos*, mais ocasionais e centradas na explicación dos factores determinantes dun conflito de baixa intensidade ou alta duración (Palestina ou Sáhara, por exemplo). No eido electrónico, complementábase cos *Monográficos* (onde se recollen diferentes puntos de vista analíticos sobre unha temática concreta) ou *En Foco* (unha escolma de webs que poden axudar a comprender un determinado problema de actualidade). Todo iso contribúe a salientar que, efectivamente, “en Galicia temos opinión do Mundo”, unha opinión que aspira non só a expresar en galego as pautas de análise comunmente presentes noutros medios senón a significar puntos de vista orixinais derivados da nosa propia forma de ser, de ver e de estar no mundo.

## OBSERVATORIOS

O “*Observatorio de la Política China*” ([www.politica-china.org](http://www.politica-china.org)), é un proxecto promovido polo IGADI que conta co apoio de Casa Asia, un consorcio promovido polo Ministerio de Asuntos Exteriores e Cooperación, formando parte, á vez, do seu Consello Asesor. O obxectivo deste observatorio consiste en efectuar un seguimento permanente da evolución no mundo chinés prestando atención ao seu sistema político e legal, a política exterior, Taiwán, as nacionalidades minoritarias, os dereitos humanos, ou a seguridade e defensa. O IGADI tamén promoveu e xestiona a Rede Iberoamericana de Sinoloxía na que participan máis de vinte especialistas dunha ducia de países (Arxentina, Brasil, Colombia, Cuba, Chile, México, Perú, Portugal, República Dominicana, Venezuela ademais de España). Ademais de múltiples análises e estudos, o OPCh publica o “*Informe Anual de la Política China*” e constitúe unha entidade hoxe indispensable para achegarse á comprensión do mundo chinés gozando de recoñecemento internacional.

O Programa *Minzu*, de intercambio de experiencias en materia de autonomías entre España e China, sitúa a Galicia como referente analítica do impulso descentralizador na China contemporánea, contribuíndo á redacción dos estatutos das cinco rexións

autónomas de China e fomentando o intercambio de experiencias e o asesoramento en materia legal, académica e institucional. Este programa xestiónase conxuntamente co Instituto de Etnoloxía e Antropoloxía da Academia de Ciencias Sociais de China e conta co apoio de diferentes institucións e gobernos do Estado español. Ao seu abeiro realízanse traducións ao chinés de documentos legais básicos da autonomía galega, organízanse estadias de estudo, programanse cursos de formación na materia (en colaboración coa Escola Galega de Administración Pública) e promóvense conferencias e misións para achegar unha mellor comprensión e coñecemento das utilidades da descentralización, un factor que pode contribuir de modo relevante ao fomento dos procesos de democratización no xigante oriental. O programa artéllase en base a dúas dimensións: política e académica.

Por outra banda, o *Observatorio Galego da Lusofonía*, OGALUS, pon o acento na lingua ao promover o seguimento analítico da actualidade xeral dos países integrantes da lusofonía xerando propostas de sensibilización e dinamización da cooperación galego-lusófona a todos os niveis, xa sexa na orde política, económico-comercial, cultural ou outras. O IGADI reivindica a lusofonía como un dos espazos xeopolíticos básicos aos que Galicia debería prestar máis atención, a fin de aproveitar a vantaxe comparativa que supón a lingua para identificar e alentar dinámicas de intercambio e progreso con estes países, pensando non só en Portugal ou nos lusoafrikanos senón tamén en Brasil, unha economía emerxente con importantes potencialidades que Galicia podería aproveitar máis e mellor.

O IGADI promoveu en 1997 a creación do *Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade* ([www.fondogalego.org](http://www.fondogalego.org)) e hoxe exerce, desde Baiona, a Secretaría Técnica desta asociación de municipios e deputacións. O Fondo Galego agrupa a máis dun cento de entidades (representando a máis do 80% da poboación galega) que poñen en común as súas accións de cooperación ao desenvolvemento, tanto no eido da sensibilización como de xestión de proxectos e constitúe, xunto ás ONGDs e a Xunta de Galicia, o terceiro pilar máis significativo da cooperación internacional en Galicia. O IGADI aporta ao Fondo xestión, teorización e implicación na orientación estratéxica, sendo depositario do seu día a día por acordo unánime dos seus socios, procurando salvagardar, exento de protagonismos, un ámbito de convivencia que fai realidade a esixencia de que para ser eficaces e eficientes na loita contra a pobreza nos países do Sur, resulta indispensable que sexamos capaces de cooperar aquí, entre nós mesmos, a fin de rendabilizar os nosos esforzos para maior beneficio das colectividades parceiras dos nosos proxectos de cooperación. En virtude destas circunstancias, participase de modo activo nos órganos de consulta e deliberación existentes en Galicia (Comisión Interterritorial e Consello Galego de Cooperación ao Desenvolvemento) para orientar esta política pública.

A achega que o IGADI fai ao Fondo Galego e ás dinámicas de cooperación na nosa comunidade incide na mellora das súas capacidades técnicas e da calidade, insistindo na importancia de promover variables de especialización que singularicen a cooperación galega, tanto no xeográfico como no temático.

Por outra banda, a creación e impulso da *Fundación Plácido Castro* (2001), coa participación dos concellos de Cambados, Corcubión e Vilagarcía de Arousa –todos eles de importancia na traxectoria vital de quen fora, entre outros, secretario de relacións internacionais do Partido Galeguista–, ademais da Asociación de Tradutores





Galegos, serve para reivindicar a obra e o pensamento dunha figura singular do galeguismo histórico. A Fundación organiza unha Conferencia Anual no seu nome, que en 2010 vai pola XI edición, ademais do único Premio de Tradución de Galicia dotado economicamente, entre outras actividades.

Así mesmo, o *Foro Iberoamericano*, celebrado anualmente no mes de marzo, actualiza os vínculos históricos de Baiona e Galicia con América Latina, tratando de diversificar os contidos dunha relación con esta efeméride na que predominan os contidos lúdicos e engadir un compoñente intelectual que abra posibilidades a un achegamento diferente e que mesmo sirva como acicate para despertar novas opcións para a potenciación e diversificación do turismo local. Os Coloquios euroamericanos, en outubro, engaden profundidade de análise e pluralidade de visións a temáticas contemporáneas. Baiona pode, neste sentido, apoiándose no seu protagonismo histórico, aspirar lexitimamente a converterse nun entorno de referencia para abordar as temáticas iberoamericanas, recabando, con ideas, confianza e sentido da oportunidade, apoios de todo tipo de instancias, tanto españolas como europeas ou internacionais. Só se precisa un pouco de amplitude de miras.

## INTERVENCIÓN SOCIAL

A intervención social, unha preocupación constante non tanto dende o plano da mobilización como da incidencia, plásmase na elaboración e publicación de numerosas tribunas e espazos de opinión sobre problemas, conflitos e tendencias internacionais en numerosos medios de comunicación (de prensa, radio e televisión) e revistas especializadas, tanto ocasionais como de forma periódica, tanto de Galicia como de fóra dela. É frecuente atopar analistas do IGADI en medios como *El País*, *La Vanguardia*, *Diario El Correo*, *Jornal de Galicia*, *Vieiros*, entre moitos outros, pero tamén en publicacións de entidades do terceiro sector ou en movementos alternativos, confirmando unha vontade de intersección eminentemente plural. Algunhas destas análises igualmente están presentes nun canal propio, *IGADITV*, en Youtube. Esa ampla presenza converte ao IGADI e aos seus analistas nun think tank de referencia.

De vello, o IGADI *aposta pola lingua galega*, unha práctica normalizadora que reivindica un uso e presenza normal do noso idioma nun eido no que está escasamente ausente e onde se advirten resistencias fácticas importantes á hora da súa admisión en ámbitos caracterizados pola incultura xenófoba. Así mesmo, o IGADI desenvolveu un amplo labor de tradución ao galego dos principais instrumentos internacionais. Ese compromiso co noso idioma motivou no seu día certo recoñecemento coa entrega dun Premio Peña Novo.

A colaboración cos organismos do sistema de *Nacións Unidas* materialízase nunha relación preferente orientada a difundir en Galicia o seu ideario, participando en actividades e conmemoracións e colaborando de forma activa con diversas axencias especializadas. Neste sentido, o IGADI exerce a delegación da UNRWA (organismo de Nacións Unidas para os refuxiados palestinos) en Galicia.

A rede *ORBALIA*, de periodistas interesados na información internacional (en

colaboración co Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia), organizada e dinamizada polo IGADI, ten por obxecto dar maior visibilidade nos medios de comunicación á información e análise internacional e a centrala nos intereses exteriores galegos. Se ben a superación desta eiva non está en exclusiva, nin moito menos, nas mans dos xornalistas, sen dúbida estes poden contribuir a abrir espazos nos medios a unha información internacional que fuxa dos estereotipos, elaborada en función dos nosos intereses e prestando atención a aqueles eidos de maior significación para Galicia sen por iso deixar de situarse na vangarda dos debates globais.

## PUBLICACIÓNS

Ademais da colección *Texturas Internacionais*, con media ducia de obras no mercado, no eido das publicacións destaca a revista semestral de estudos internacionais, *Tempo exterior*, creada en 1997 e refundada no ano 2000, con 19 números no mercado. Tempo exterior, que conta cun amplo Consello Académico, é un lugar de encontro para a reflexión e o debate, co obxecto de ir perfilando as bases comúns de actuación da sociedade galega no mundo. Incorporada ao Catálogo de revistas científicas e académicas LATINDEX (<http://www.latindex.unam.mx/>), trátase da única revista deste tipo existente en España publicada nunha lingua periférica. Publica tamén o *Igadi Annual Report*, un compendio analítico sobre a situación mundial, e o informe anual sobre a acción exterior de Galicia, que chamamos *We in the World* (Nós no Mundo).

O establecemento de sinerxías e a potenciación da converxencia con entidades que, dentro de Galicia ou fóra dela, comparten obxectivos semellantes, xustifican a formalización de alianzas e a integración en diferentes redes globais (como o Consello Español de Estudos Iberoamericanos ou a Rede de centros de investigación en Asia Oriental). Así, o IGADI mantén relacións de cooperación e intercambio con centros similares de numerosos países dos cinco continentes (Portugal, Arxentina, China...), desenvolvendo actividades en conxunto, intercambiando información e instrumentando programas de interese común.

O IGADI acolle tamén a *estudantes en réxime de prácticas* tuteladas. Nos últimos anos, ademais de estudantes galegos e doutras zonas do estado, acolleu a orixinarios de Alemaña, Austria, Irlanda, Italia, Polonia, Portugal, e Xapón. Igualmente estableceu estadias académicas de diversos profesores, en especial de China, dunha duración trimestral. Nas prácticas tamén participan licenciados matriculados nos dous Masters de cooperación internacional ao desenvolvemento existentes en Galicia (das Universidades de Santiago de Compostela e Coruña).

A *estrutura* do IGADI inclúe un equipo básico permanente liderado polo seu Director, no que se inclúen analistas, webmaster e persoal de administración, complementado cunha rede de investigadores asociados en Arxentina, Marrocos, Palestina, Xapón e EEUU e un importante número de colaboradores, dentro e fóra de Galicia, que de forma desinteresada prestan o seu apoio ás súas actividades. O Consello Reitor, plural a todos os niveis, achega un complemento de alta significación para a avaliación, mellora e actualización permanente dos seus



obxectivos e actividades. Sen a complicidade e o altruismo de tantas persoas, cada unha ao seu nivel, movidas todas elas por un sólido respecto mutuo, enorme xenerosidade e compromiso, nada disto sería posible.

O traballo en equipo, cunha alta dose de autonomía e responsabilidade individual, xunto á coordinación e a colaboración no desenvolvemento das diferentes tarefas, é un principio de actuación que forma parte dese estilo que caracteriza o proceder dos membros do IGADI. Un “Decálogo” resume a ética do seu comportamento e compromiso co proxecto, a sabendas de que a súa natureza é máis social ca empresarial e que sempre requirirá unha considerable dose de militancia e vocación, sen por iso deixar de aspirar a unha dignificación profesional a todos os niveis.

Pódese acceder á axenda completa das actividades desenvolvidas dende 1998 en [www.igadi.org](http://www.igadi.org). Esta páxina web atópase entre as cen máis importantes de Galicia (<http://galiciawebs.com/>) e recibe varios miles de visitas diarias, nun 70% procedentes de entornos xeográficos situados fóra de España. Nela poden atoparse miles de artigos (e outras fontes documentais complementarias) clasificados por áreas xeográficas e temáticas que reflicten o labor dos seus analistas e colaboradores máis estreitos.

## MARCO CONTEXTUAL

O mundo experimentou destacados cambios nos últimos anos, avanzando con paso máis decidido cara a multipolaridade e o multilateralismo, o cal, de confirmarse, pode implicar un cambio substancial na configuración do sistema de poder internacional. A mundialización segue avanzando en parello á intensificación dos procesos de integración e cooperación rexional, xerando múltiples e novos mecanismos de interrelación con potencialidade dabondo para dar lugar a novas correntes e fluxos, políticos e económicos, na orde internacional. Non hai contradición entre ambos procesos que se desenvolven con natural complementariedade.

Ese sistema internacional acentuou a súa transformación gradual dende o marco dunha superpotencia coexistindo con outras potencias, herdeiro da guerra fría, ata a multipolaridade, cun progresivo reaxuste do poder mundial, visibilizando así os cambios que está experimentando o sistema mundo, con novas reorganizacions e reestruturacions tan significativas e profundas que proxectan un novo equilibrio de forzas.

A crise financeira internacional de 2008, por outra banda, puxo fin a un relativamente longo período de crecemento económico en Occidente e aventura un reaxuste profundo da balanza de poder global que semella acelerar o desprazamento do epicentro do planeta do Atlántico ao Pacífico. Esta crise acentuou a intensidade dalgúns variables que indican posibles orientacións do sistema internacional: a interdependencia crecente, cambios xepolíticos de gran alcance, maior significación do progreso tecnolóxico, o inexorable avance da mundialización económica, a urxente consideración dos problemas ambientais, o declive da economía estadounidense, a emerxencia de China e outros actores como Brasil, etc.

Esas manifestacións veñen a confirmar que nos atopamos no epicentro dunha gran transformación sistémica que pode derivar nunha sociedade internacional multipolar e na que o multilateralismo gañará consistencia día a día.

Todo o mundo confía en que a comunidade internacional aprenda da crise financeira, cunhas raíces que numerosas voces relacionan co descontrol dunha política económica liberal e non intervencionista a ultranza aplicada polo goberno estadounidense. É o momento de promover reformas para unha nova orde financeira e económica xusta e inclusiva, expresión dun ambiente institucional democrático que permita avanzar cara ese mundo de xustiza, paz e prosperidade que debuxan uns Obxectivos do Milenio (2015) máis afastados na súa consecución conforme a data se aproxima.

Hai un denominador común nestes procesos: a aceleración do segundo tempo da transición iniciada co derrube do muro de Berlín (1989) e o fin da hipótese do mundo unipolar (2008), abrindo camiño a novas configuracións, explicitadas, por exemplo, na conformación do G-20, en superación do G-8, como expresión da emerxencia de novos actores globais que xa non poden ser obviados e do avance inexorable do multilateralismo.

Nesta prolongada inflexión dos tempos, Galicia debe estar atenta e fuxir do inmediatismo e a improvisación na súa acción exterior, a sabendas de que os cambios xeopolíticos que se están producindo a nivel planetario e en Europa así como os retos globais que suxire a mundialización aféctanlle de maneira clara sen que poida evitalo. Non valen cálculos a curto prazo. Cómpren políticas de longo percorrido baseadas nunha ampla e plural alianza que nos permita exemplificar esa concepción da nosa Terra como unha autonomía tamén no mundo con intereses específicos que pode e debe desenvolver nun marco de lealdade satisfactoria co propio Estado, dotándose de instrumentos capaces e suficientes.

Estar á altura do tempo que vivimos esixe un compromiso efectivo coa idea de que Galicia debe estar presente no exterior e unha avaliación continuada e permanente dos desafíos a superar e, polo mesmo, das tácticas e estratexias a adoptar co propósito de evitar o agravamento da nosa condición periférica. Moitas das nosas opcións están fóra e precisamos abordalas con xenerosidade, espírito aberto e seriedade, cunha proposta global e ben acaída. Pensar o mundo en clave galega significa tirar proveito dos nosos activos internos, da nosa presenza exterior e proxectalo todo con dinamismo nas tendencias do presente.

Coa entrada en vigor do Tratado de Lisboa, Europa inicia unha nova fase no seu devalar histórico a prol da integración. Galicia aposta pola consolidación dese proceso que debe facilitar unha maior cohesión das políticas internas e tamén unha singular emerxencia con voz propia no concerto global. Asemade, as circunstancias específicas da nosa Comunidade obriganos a amosar unha especial querencia nesta etapa por asegurar unha adecuada defensa dos nosos intereses tanto no que atinxe á percepción dos fondos europeos como á definición das políticas agrícola ou pesqueira, esenciais no noso tecido produtivo.

Galicia precisa unha presenza reforzada no exterior, apostando pola cidadanía e por abrir espazos de concertación e influencia para os poderes descentralizados. Podemos visibilizar a nosa existencia participando igualmente en diferentes



obxectivos da axenda internacional e situándonos na vangarda das tendencias que apostan pola diversidade cultural, a reforma do sistema internacional, un novo paradigma baseado na sostibilidade, a redución da pobreza ou a promoción dos dereitos humanos. Nese proxecto está o IGADI.

## CONCLUSIÓN

O valor esencial do IGADI é a súa independencia, un principio difícil de facer valer nunha sociedade onde o poder, entendido nun sentido amplo (dende o goberno pero tamén dende a oposición) acostuma a reclamar adhesións inquebrantables a cambio de apoios mínimos, sen comprender que o exercicio dunha lealdade crítica e colaboradora é unha garantía indispensable para a madurez e o progreso sociais. Esa independencia é a que pode permitir asentar unha cultura que valore estes recursos como un espazo de intersección no que Galicia pode afinar as súas potencialidades para acertar na súa proxección exterior.

Ao IGADI sóbralle ideas e entusiasmo. ¿Que lle falta? Comprensión e apoio suficiente da sociedade galega e das súas institucións. Paradoxalmente, a case vinte anos da súa creación, o IGADI aínda é mellor entendido e valorado fóra ca dentro do noso propio país, ese mesmo que, paradoxalmente, serve de acicate das súas ilusións e proxectos.

## *Espazo Lectura: novos espazos lectores no Val Miñor*

**CONCHA COSTAS**

*Presidenta de Espazo Lectura  
<http://espazolectura.blogspot.com>*

O Val Miñor acolleu nestes últimos cinco anos o nacemento e consolidación dun proxecto singular de fomento da lectura promovido por Espazo Lectura, unha asociación que se constituía formalmente en xaneiro de 2008 co obxectivo de desenvolver actividades de promoción do libro e a lectura arredor de tres piares fundamentais: a sensibilización, a dinamización e a formación. Cinco anos despois, Espazo Lectura mantén no Val Miñor un programa que, ademais doutras iniciativas puntuais, ten a súa base nas propostas continuadas, de periodicidade fixa, unha programación estable que inclúe máis de cen actividades ao ano, tanto para público infantil como adulto, que é posible grazas ao traballo entusiasta e rigoroso dun amplo equipo humano de voluntariado da lectura: vinte e cinco persoas que coordinan clubs de lectura, organizan sesións de dinamización lectora na Casa da Lectura, contan contos na Biblioteca Municipal e nas escolas da zona, preparan actividades de formación, elaboran guías de lectura, deseñan materiais e moitas outras tarefas que fan posible un proxecto que demostra que se pode vivir a lectura como algo individual e silencioso pero tamén como unha actividade socializadora e compartida.

### **O CONTOMAR: HISTORIA DUNHA SEMENTE**

O xermolo deste proxecto atópase nunha actividade que un grupo de persoas comezaron a realizar na Biblioteca Municipal de Gondomar en febreiro de 2006: o Contomar, un contacontos semanal para nenos e nenas de máis de tres anos. A Biblioteca Municipal de Gondomar non tiña naquel momento ningunha actividade de dinamización, nin infantil nin de adultos, e o Contomar conseguiu encher de familias e de vida aquel espazo que comezou a converterse en punto de encontro cos libros e a lectura. Case sete anos despois, o Contomar segue fiel á súa cita semanal: cada luns, ás 18:00h, unha media de corenta nenos e nenas asisten durante unha hora a unha sesión de contos na que son os propios pais e nais os



Un dos contatacontos en CONTOMAR.

que contan as historias, sempre en galego e sempre con libro, porque o que o Contomar busca é achegar as persoas ao libro e á lectura, facer de mediador e romper a barreira de distancia que moita xente aínda sente respecto do libro e das bibliotecas.

Nestes sete anos de vida, o Contomar foi arroupando o carácter afectivo da lectura coa incorporación de novas nais e pais e foi adestrando a complicidade e fidelidade dos nenos e nenas con propostas como os *cumprecontos* ou as estrelas de asistencia. Cando un neno ou nena está de aniversario, convertémolo en protagonista dunha parte da sesión: cantámoslle os parabéns, contámoslle o seu conto preferido, dámoslle un pequeno agasallo e celebra na biblioteca o seu *cumprecontos*. Ademais, os nenos e nenas que participan na actividade reciben un carné anual no que, ao remate de cada sesión, lles poñemos unha estrela de asistencia, o que nos permite homenaxear ao final da tempada os nosos campións dos contos. Ademais das sesións habituais en que son as nais e pais os que contan contos, procuramos complementar o proxecto con encontros con autores e autoras e sesións especiais, tanto de contadores e contadoras profesionais como de compañías de teatro ou grupos de música que traballen a partir de contos, nun esforzo por establecer un diálogo entre a literatura e outras artes e expresións culturais.

Logo destes case sete anos de Contomar, valoramos moi positivamente o feito de que esta actividade se consolidase cunha importante participación de xente e que se convertese nun punto de encontro no que nais e pais comparten cos seus fillos e fillas unha experiencia de lecer vencellada aos libros e a lectura, que ten como espazo de referencia a Biblioteca Municipal, un servizo público que debe actuar como auténtico motor de dinamización cultural e como elemento compensador de desigualdades sociais.

## OS CLUBS DE LECTURA: ESPAZOS PARA A CONVERSA ARREDOR DOS LIBROS

Aquela semente inicial agromou e medrou arredor dun grupo de persoas preocupadas pola lectura como actividade de ocio, pero tamén como camiño para mellorar o nivel cultural e a calidade de vida dunha sociedade. A finais do ano 2007 esa reflexión fai que se dean os primeiros pasos para a creación de espazos estables de conversa arredor do libro e a lectura, tamén para o público adulto. Constitútese formalmente Espazo Lectura e comeza a xestarse unha proposta de actividades diversificada na que os clubs de lectura van ter un protagonismo especial. Baixo unha fórmula común (grupos de persoas que len un mesmo libro, cadaquén pola súa conta, para logo reunirse e conversar sobre esa lectura), Espazo Lectura bota a andar catro clubs de lectura: o club de lectura compartida *Lendo contigo* (para nais e pais e para nenos e nenas de 7 a 11 anos), o club *Sete vidas* (de narrativa), o club *Lecturas debuxadas* (especializado en banda deseñada) e o club de formación lectora (sobre libros relacionados co fomento da lectura).

### O club de lectura compartida *Lendo contigo*

Desde decembro de 2007 funciona o club de lectura compartida *Lendo contigo*, dirixido a nais e pais e a nenos e nenas de 7 a 11 anos. Cada mes propónse un libro para leren na casa os nenos e nenas e o seu pai ou a súa nai e logo, o último sábado do mes, reunímonos na Biblioteca Municipal para conversar sobre o libro e manter un encontro co autor ou autora. Os nenos e nenas reciben unha pequena guía de lectura na que se lle propoñen preguntas, buscas de información e xogos que permitan un mellor aproveitamento da lectura. Ademais, dispoñen dun pasaporte lector no que lles imos poñendo selos que deixan constancia das diferentes etapas da súa viaxe pola lectura. Desde a sesión inicial, da man de Agustín Fernández Paz e o seu libro *Un tren cargado de misterios*, son moitos os autores e autoras que pasaron polas sesións do *Lendo contigo* e compartiron cos nenos e nenas reflexións sobre os seus libros: Miguel Vázquez Freire, Antonio García Teijeiro, Fina Casalderrey, Cándido Pazó, Xavier López Rodríguez, Paula Carballeira, María Reimóndez, Concha Blanco, Ana M<sup>a</sup> Fernández, Gloria Sánchez, Xabier P. Do Campo, Susana Lamela, Xerado Quintiá, Elvira Riveiro, Xosé A. Neira Cruz, Antón Cortizas, Jacobo Fernández, Xosé L. Vilar, Pepe Carreiro, Manuel Janeiro, Xelís de Toro, Roberto Salgueiro, Marica Campo, Fausto Isorna, Silvestre Gómez Xurxo, María Solar, Diego Rey, Ramón Caride, Daniel Ameixeiro ou Francisco Castro. Con este club de lectura preténdese fomentar a lectura como actividade compartida dentro do ámbito familiar e estimular nos nenos e nenas o hábito da lectura crítica, así como favorecer o coñecemento dos autores e autoras da nosa literatura e a conversa arredor da lectura.

### O club *Sete vidas* e o club *Lecturas debuxadas*.

A carón das propostas estables dirixidas ao público infantil, xurdiron a finais do 2008 outras específicas para público adulto, dous clubs de lectura de periodicidade mensual que se celebran na Biblioteca Municipal. O primeiro martes de cada mes celebra as súas sesións





Reunión de SETE VIDAS.

o club *Sete vidas*, dedicado a ler narrativa, e o terceiro martes réunese o club *Lecturas debuxadas*, especializado en banda deseñada.

O club *Sete vidas* propón cada mes a lectura dunha novela ou dun volume de relatos, maioritariamente da literatura galega, aínda que tamén inclúe de cando en vez traducións doutras linguas para o galego. As sesións de conversa arredor do libro complementáanse en moitas ocasións cun encontro co autor ou autora, ou co

tradutor ou tradutora, e mesmo con outras iniciativas como a proxección dalgunha película, a asistencia a algunha montaxe teatral ou a participación nun roteiro literario, iniciativas sempre relacionadas cos libros propostos. Nestes dous anos de vida do club mantivéronse encontros con autores e autoras como Miguel Anxo Murado, Gonzalo Navaza, Xurxo Borrazás, Rosa Aneiros, Begoña Caamaño, Pilar Buela, Manuel Portas, Alberto Lema, Xosé Cid Cabido, An Alfaya, José Luís Prieto, Santiago Lopo, Xulia Alonso, Agustín Fernández Paz, Miguel Anxo Fernández, Víctor Freixanes, Pedro Feijoo, Antón Riveiro Coello ou María Xosé Queizán, así como con tradutores e tradutoras como Xoán Abeleira, Mona Imai ou Isabel García Fernández.

O club *Lecturas debuxadas* funciona cunha fórmula semellante ao *Sete vidas*: cada mes propónse a lectura dun cómic e o grupo réunese o terceiro martes de cada mes para conversar arredor desa lectura, tanto respecto dos contidos como da parte gráfica, conversas que se complementan de cando en vez coa presenza de autores e ilustradores (Jacobo Fernández, Kiko da Silva, David Rubín, Manel Cráneo, Ramón e José Manuel Trigo, Dani Montero, Brais Rodríguez ou Alfredo López *Tokio*), o que nos permite tamén ir ampliando o coñecemento da situación actual da banda deseñada en Galicia.

## O Club de Formación Lectora

Dependente da Oficina de Formación, o Club de Formación Lectora celebra as súas sesións arredor de libros especializados no ámbito da lectura, a animación lectora ou calquera outro tema directamente relacionado co libro (estratexias de fomento da lectura, librerías, bibliotecas, edición, talleres de lectura, etc) co obxectivo de debater, reflexionar e aproveitar esas lecturas para mellorar a eficacia do traballo que se está facendo desde Espazo Lectura. É unha iniciativa pensada especialmente para garantir a formación continua e a reciclaxe daquelas persoas vencelladas coa organización ou que traballan ou colaboran con ela. Nese club de lectura léronse, por exemplo, libros como *La magia de leer*, de José Antonio Marina; *Como unha novela*, de Daniel Pennac; *El rumor de la lectura*, do Equipo Peonza; *Los demasiados libros*, de Gabriel Zaid; *Tras las líneas*, de Daniel Cassany; *Atravesar o espello*, de Xavier Seoane; *Metamorfosis de la lectura*, de Román Gubern, ou *10 ideas clave de animación a la lectura*, de Juan Mata.



Xeira na CASA DA CULTURA.

## A CASA DA LECTURA

A Casa da Lectura é unha experiencia singular, unha biblioteca e un centro de dinamización en torno ao libro e a lectura no ámbito rural. Inaugurada en maio de 2009 grazas a un acordo co CEIP Souto-Donas, co Concello de Gondomar e coa Consellería de Cultura na antiga escola de Educación Infantil de Donas, acolleu desde a súa apertura todos os mércores sesións semanais de dinamización desenvolvidas por un variado equipo de contadores e contadoras que, partindo sempre de dous ou tres libros, fanlles aos nenos propostas relacionadas con outras áreas de expresión e con diferentes aprendizaxes. Ademais, grazas ao acordo establecido por Espazo Lectura con doce editoriais galegas que se fixeron socias-protectoras da asociación, a Casa da Lectura acolle tamén unha actualizada biblioteca que lles ofrece servizo de préstamo ás familias que participan nas sesións de dinamización dos mércores e, en xeral, a todos os usuarios e usuarias.

As sesións de dinamización da Casa da Lectura son nestes momentos un dos proxectos máis innovadores e orixinais de Espazo Lectura, pois están permitindo experimentar diferentes fórmulas para achegar os nenos e nenas ao mundo do libro e a lectura, presentándoa como unha porta que se abre a outras experiencias, coñecementos e aprendizaxes.

Por outra banda, a Casa da Lectura, ademais de ser a sede da asociación, acolle outras sesións de actividades ou grupos de dinamización como as Noites golfas, o Comando Le ou os Contos en cueiros, así como a sesión anual da Fogueira dos versos. Ademais, Espazo Lectura está a traballar nun ambicioso proxecto co que quere converter a Casa da Lectura nun futuro Museo do Conto.



## O Comando Le

O Comando Le é un grupo de activismo cultural dirixido a rapaces e rapazas de 12 a 15 anos que se constituíu dentro de Espazo Lectura en outubro de 2012. Ten unha periodicidade mensual, aínda que sen data nin hora fixas, xa que os horarios dependen do tipo de actividade que realicemos en cada caso. Cada trimestre achegámonos a un tema diferente a través do cine, as conversas, a música, os debates, as saídas e, por suposto, os libros.

Co Comando Le, Espazo Lectura pretende ofrecer un espazo no que os adolescentes, partindo da lectura, a música, o cine ou outras expresións culturais, poidan reflexionar e debater sobre diferentes temas que lles interesen e compartir con rapaces e rapazas da súa idade as súas reflexións, experiencias e recomendacións.

## Contos en cueiros

*Contos en cueiros* é unha actividade dirixida a bebés de 0 a 3 anos e as súas nais e pais que pretende crear un espazo de encontro no que as cancións, os contos e os xogos son o xeito de achegarmos os máis pequenos á lectura. As sesións, sen periodicidade fixa, desenvólvense na Casa da Lectura os sábados á mañá.

A actividade inaugurouse en novembro de 2012 coa charla “Os bebés tamén len”, impartida por Ana Abelenda, contacontos e especialista en animación á lectura en Educación Infantil, e continuou en decembro dese mesmo ano coa actuación de Guillermo Fernández e Xabier Díaz, que ofreceron un concerto de *Arrollos de salitre*, un disco de nanas e arrollos destinado especialmente a bebés.

## Oficina de formación e publicacións

Un dos piares fundamentais do traballo de Espazo Lectura é a formación, tanto para as persoas que colaboran activamente na organización das actividades como para as que asisten ás diferentes propostas. O labor de formación inclúe visitas a bibliotecas ou a espazos e actividades que permitan mellorar os coñecementos arredor do libro e a lectura, charlas e conferencias, a organización de xornadas como as de *Lendo en familia* (Centro Neural de Gondomar, 2009) e tamén o club de formación lectora, do que falamos anteriormente.

Espazo Lectura mantén tamén unha liña de publicacións na que se inclúen, por unha banda, edicións singulares como o libro *Os ollos do Contomar*, un libro de imaxes dalgunhas das actividades e textos sobre a lectura, e, por outra banda, unha colección de pequeno formato *–Lecturas da grampa–* na que se van incluíndo diferentes propostas (recomendacións de lecturas, consellos e orientacións para fomentar a lectura no ámbito familiar, información sobre as actividades...)

## OUTRAS ACTIVIDADES

Ademais destas actividades estables de periodicidade semanal ou mensual, a programación de Espazo Lectura inclúe outras propostas de carácter anual ou



Noite na biblioteca.

puntuais como obradorios de ilustración para público infantil nos que participaron ilustradores como Chus Ferrín, Óscar Villán, Fino Lorenzo ou Kiko da Silva; obradoiros de escrita para adultos, como o celebrado baixo a dirección do poeta Carlos Negro; numerosas sesións de contos dirixidas aos centros de ensino da zona; as *Noites golfas*, espectáculos interdisciplinares relacionados co libro e a lectura a través da música, o teatro, a performance...; e accións lectoras como a iniciativa *Book-crossing no Val Miñor* (desenvolvida no ano 2008 en colaboración cos tres concellos do Val Miñor), a campaña *Onde hai libros hai futuro* (desenvolvida no ano 2010 nos centros de ensino primario da comarca) ou a Sentada Lectora organizada en abril do 2012 para encher a alameda de Gondomar de xente lendo.

Dentro destas actividades anuais, destacan dúas dun xeito especial:

- O *Dar de ler coma quen dá de beber*, unha sesión de lecturas compartidas en voz alta que Espazo Lectura convoca cada ano arredor do Día do Libro. Durante aproximadamente tres horas, unhas trinta persoas van lendo fragmentos de libros da súa elección que queren recomendar e compartir cos demais, co obxectivo de que poidan servir como convite de lectura para as persoas que asisten. A primeira edición desta actividade, celebrada no ano 2008, tivera lugar na Biblioteca Municipal, pero as seguintes celebráronse en diferentes espazos públicos da vila, co obxectivo de transmitir a idea da necesidade de levar a lectura a novos espazos onde non é habitual.

- A Noite na Biblioteca. No mes de xuño, Espazo Lectura organiza cada ano a *Noite na biblioteca*, unha iniciativa que permite que 30 nenos e nenas queden a durmir na Biblioteca Municipal e poidan participar nun amplo programa de actividades que se divide en dúas partes. A primeira parte



comeza de tarde, nas prazas que están arredor da Biblioteca Municipal, e está aberta a todas as persoas que queiran participar: contacontos, obradoiros, concertos de música, ciclobiblioteca, etc. Na segunda parte xa só participan os trinta nenos e nenas inscritos que, logo de cear na biblioteca, enchen as colchonetas de sacos de durmir e participan até a mañá seguinte en numerosas actividades: xogos de pistas pola biblioteca, maxia, teatro, contacontos, lecturas compartidas...

Por último, Espazo Lectura pecha todos os anos a súa tempada de actividades coa *Fogueira dos versos*, unha noite de lume, poesía e contos que se celebra na noite de San Xoán na Casa da Lectura.

## AVALIACIÓN

Espazo Lectura fai unha avaliación positiva do desenvolvemento e da resposta da xente diante das actividades, así como do recoñecemento e da proxección do proxecto de fomento da lectura que realiza. É significativo que se conseguise consolidar en Gondomar un programa de fomento da lectura con 12 actividades mensuais estables, cunha vontade clara de continuidade e hábito e coa implicación do Concello de Gondomar e dos centros de ensino da zona. É destacable que se conseguise manter un volume importante de encontros con autores, sesións de teatro e contacontos e sesións de dinamización lectora moi diversas que están facendo que Gondomar comece a ser xa unha referencia no ámbito do libro e a lectura.

Os aspectos que desde a asociación consideramos máis destacables do proxecto son os seguintes:

- A consolidación dun equipo humano de voluntariado da lectura, con vontade de formarse e de desenvolver o traballo que fai cun elevado nivel de esixencia. Hai un equipo dunhas vinte e cinco persoas que coordinan clubs de lectura, contan contos na Biblioteca Municipal e nos centros de ensino da zona, organizan actividades de formación, deseñan campañas e materiais, preparan sesións de dinamización lectora na Casa da Lectura, etc. Son persoas con perfís profesionais moi diversos, sen ningunha vinculación en moitos casos co mundo do libro, que foron quen de integrarse de forma activa no proxecto nun proceso que supuxo altas doses de ilusión e de formación.

- Proxección da lectura como elemento dinamizador na relación cos fillos e fillas. Son moitas as familias que comentan que, desde que participan nas actividades, falan de libros cos fillos, comparten máis momentos de lectura e conseguiron abrir unha canle de comunicación na que os contos e a lectura teñen un papel importante. Ademais, para os nenos e nenas é motivo de orgullo que a súa nai ou o seu pai conte contos na biblioteca para todos os demais nenos e nenas, co que se reforza a afectividade e a relación a través da lectura.

- Formación das nais e pais no ámbito da literatura, sobre todo da literatura infantil en lingua galega, e, en xeral, en todo o relacionado co fomento



*Senda lectora.*

da lectura. Un dos obxectivos que se cumpren a través dos distintos clubs de lectura e, moi especialmente, a través dos contacontos é a de servir de guía e orientación aos lectores e lectoras á hora de seleccionar as súas lecturas, acudir ás librerías, coñecer a obra de determinados autores, recoñecer editoriais e coleccións, etc. Tanto o Contomar como as actividades que se realizan na Casa da Lectura constitúen un referente para os nenos e nenas á hora de escoller libros nas bibliotecas, para as nais e os pais á hora de acudir a unha librería, proporcionándolles unha ampla selección de libros de calidade que logo constitúen unha guía importante para as familias cando mercan libros.

- Creación en Gondomar dunha programación estable de referencia pola que levan pasado nestes cinco anos 60 autores, tradutores e ilustradores e 20 espectáculos de contacontos, música e teatro. Nese sentido Gondomar está a converterse nun punto de referencia cunha oferta regular e continuada no ámbito do libro e a lectura ou de espectáculos de diverso tipo en relación con títulos literarios, autores, ou co tema da lectura en xeral, configurándose como auténticos puntos de encontro.

- Establecemento dunha rede de colaboración cos centros de ensino da zona e coas editoriais que son socias-protectoras. Espazo Lectura traballa desde os seus inicios incentivando a participación e implicación conxunta coa escola e coa familia na lectura e nos libros, colaborando activamente cos centros de ensino do Val Miñor, nos que se imparten charlas e contacontos, e difundindo, a través deles, a información das nosas actividades, de xeito que procuramos a concienciación e implicación da familia na importancia da lectura como «investimento educativo».

- Dinamización da Biblioteca Municipal e implicación do Concello de Gondomar na programación. As actividades de Espazo Lectura contribuíron, sen dúbida, a aumentar o número de usuarios da Biblioteca Municipal e a arroupala cun programa de dinamización do que carecía, axudando a que cumpra a súa función social de espazo vivo que favorece o encontro cos libros e a lectura.

- Recuperación da antiga escola de Educación Infantil de Donas como Casa da Lectura, un espazo dedicado a actividades estables de dinamización



lectora nunha contorna rural, cunha proposta novidosa que explora diferentes vías de achegamento ao libro e á lectura.

- Normalización da lingua galega. Espazo Lectura realiza a totalidade das súas actividades en lingua galega e promove as súas accións de dinamización arredor do libro en lingua galega (sempre que é posible). Neste sentido, un dos aspectos que sinalan as persoas que participan nas actividades é que estas serviron para abri-lles novos espazos de uso do noso idioma, para favorecer a presenza do galego nas relacións cos fillos e fillas e, en xeral, para coñecer e valorizar o idioma e a literatura galega.

Un dos maiores logros e satisfaccións para os responsables da organización é a de conseguir converter en lectoras a numerosas persoas que non estaban familiarizadas co libro e a lectura. Nese sentido, o traballo de Espazo Lectura dirixese moi especialmente a sensibilizar e, sobre todo, conseguir que persoas non lectoras atopen o goce da lectura. O traballo de seguimento e valoración que fixemos con algunhas persoas que deron conta da súa experiencia a partir da súa integración nas actividades de Espazo Lectura indícanos que o resultado é altamente positivo. De feito, os lemas dalgunhas das nosas nosas campañas de sensibilización e fomento da lectura baséanse precisamente nese feito: «Ler cámbiache a vida» ou «Únete á rebelión da lectura».

## MIRANDO CARA AO FUTURO

O proxecto de Espazo Lectura recibiu nestes cinco anos de vida o recoñecemento de tres premios que supuxeron unha importante proxección das actividades dentro e fóra de Galicia: o 2º premio de dinamización sociocultural Everest, convocado para proxectos desenvolvidos en todo o estado español; o Premio Irmandade do Libro da Federación de Libreiros de Galicia, na modalidade de fomento da lectura; e o premio Fernández del Riego á difusión no ámbito editorial e cultural, concedido en 2010 pola Asociación Galega de Editores. Ademais, Espazo Lectura foi convidada a presentar o seu proxecto en diferentes xornadas e encontros: na Biblioteca Almeida Garrett do Porto (Portugal); na Biblioteca Municipal do Porto (Portugal); nas V Xornadas de Dinamización Sociocultural de Everest, celebradas en León en xuño de 2010; nas xornadas *Pequeños lectores, grandes mundos*, organizadas por Ibaizábal e Alhóndiga-Bilbao nesta cidade os días en outubro de 2010; nas V Jornadas Aragonesas de Bibliotecas, Lectura e Escritura, celebradas en Ballobar en abril de 2011; así como en numerosos simposios e xornadas celebradas en diferentes cidades e vilas de Galicia. Para todo o equipo humano que colabora no proxecto de Espazo Lectura resulta gratificante e ilusionante participar nunha iniciativa de creación colectiva coma esta, que constitúe ademais un reto e un desafío para o futuro: consolidar e ampliar a oferta de actividades, mantendo o nivel de ilusión e de esixencia para achegar os libros e a lectura á sociedade, para conseguir cidadáns e cidadás que fagan da lectura unha ferramenta de crecemento e mellora social, un obxectivo que latexa no espírito da nosa campaña *Gondomar, lendo para medrar*.

Gondomar, xaneiro de 2013

## *Apuntamentos de Frei Martín Sarmiento no Val Miñor*

XURXO MARTÍNEZ GONZÁLEZ

### BREVE INTRODUCCIÓN

*“Todo maestro de Gramática que no fuese gallego y erudito en lengua patria, se debe excluir de ser maestro de niños gallegos, aunque sea un Cicerón, un Quintiliano”.*

Pedro José García Balboa<sup>1</sup>, a quen coñecemos por Martín Sarmiento, foi unha figura capital da historia de Galiza e da propia España do século XVIII. A súa ilustración era amplísima; o seu saber, enciclopédico, permitíalle tratar nos seus escritos calquera temática: arqueoloxía, toponimia, xeografía, cultura clásica, arquitectura, matemáticas... Ese saber e a súa residencia en Madrid permitíronlle ter contactos cos máis ilustres persoeiros da época, mesmo chegando á corte rexia.

Na nosa intrahistoria como nación ten un rol senlleiro na súa fiel defensa do idioma galego e da súa introdución nas escolas. Prestaba unha atención especial aos cativos e á súa correcta educación<sup>2</sup>, perseguindo un método racional fronte ao método memorístico, que só reservaba para o catecismo do Padre Astete.

Esta defensa e interese polo propio de Galiza, que se pode abesullar na extensa obra que deixou<sup>3</sup>, levouno a ser un persoeiro de referencia polos primeiros grupos galeguistas. Xoán Manuel Pintos, por exemplo, prepararía a primeira edición das *Coplas*<sup>4</sup>, que saíran en 1859 na cidade de Pontevedra.

- 1 SARMIENTO, M. (1952): *Vida y viajes literarios de Fray Martín Sarmiento* (edición, prólogo e notas de Luís Viñas Cortegoso). Monterrey: Vigo. Páxina 34 e 35.
- 2 O nome completo era Pedro José García de Serage López de Figueroa Gosende Lorenzo y Baboa Sarmiento Quiroga.
- 3 Para ampliar ler a súa obra *La educación de la juventud* (1984, edición e estudo crítico de J. L. Pensado. Xunta de Galicia: Compostela).
- 4 O Proxecto Sarmiento, do Consello da Cultura Galega, traballa na edición e publicación do catálogo completo da obra de Sarmiento. Conta con web propia (<http://consellodacultura.org/sarmiento/>) onde acubilla unha importante obra dixitalizada vencellada a Sarmiento.
- 5 *Recopilación de muchas palabras, voces y frases de la lengua gallega hecha por el Romo. Padre Fr. Martín Sarmiento*. Imprenta de José Vilas: Pontevedra.



A partir de entón volveríase unha figura referencial para a tradición galeguista que, con maior ou menor presenza entre eles, foi xa continuada até os nosos días, dedicándolle o Día das Letras Galegas no ano 2002.

Pola contra, Martín Sarmiento, a pesar de ser un innovador en determinadas materias, noutras seguía sendo un “tradicionalista”, como na concepción da propiedade das terras, o poder da Igrexa ou o seu desexo de volver a un feudalismo primitivo nunha suposta relación *armónica* entre estamentos, mantendo as diferenzas entre eles. Porén non deixaba de adoptar posturas paternalistas de protección para os labregos ou mariñeiros que comprendían medidas favorábeis a estes a nivel fiscal. Éravos un monxe bieito de fondas crenzas relixiosas.

### AS VIAXES DE SARMIENTO A GALIZA

*“Tomé y llevé conmigo un libro en cuarto y en blanco para ir escribiendo en él mi Diario de todos mis viajes. Apunté todos los lugares por donde pasaba y todas las inscripciones con que tropezaba. También apunté todos los vegetables que veía con sus nombres gallegos de frutos y frutas, todos los pescados, conchas y mariscos, todas las aves y animales”.*

Martín Sarmiento fixo tres viaxes a Galiza dende que tomou hábitos. A primeira no verán de 1725, aproveitando a fin da súa estadía en Asturias. A segunda en 1745, xa procedente de Madrid, na que fai unha recolleita de datos no seu diario, datos que son base para a composición das *Coplas*. A terceira, en 1754 e de novo dende Madrid, cunha outra recolleita informativa. Estes dous diarios agrupaban corenta pregos.

Temos que entender estes diarios como un “caderno de bitácora”. Sarmiento, fóra das anotacións de interese intelectual, apenas fai mención á súa persoa, estado de ánimo ou descrições antropolóxicas. Non é un diario íntimo de vivencias.

As viaxes para Sarmiento supuxeron un paso adiante na súa instrución. Logo de longos e demorados estudos, lecturas de obras clásicas e contemporáneas; logo de se enchoupar coa información tradicional e libresca do seu entón, camiña cara un coñecemento máis experimental, empírico, de contacto coa flora, coa xente ou cos lugares. Unha experiencia instrutiva que defende para as escolas.

Sarmiento prestaralle moita atención á xeografía, á toponimia, á flora e á lingua galega. Toda esa información empregaría en diferentes traballos: *Onomástico latín-galego de los vegetables que vió el P. Sarmiento* (1756), *Borrón de varios nombres gallegos de vegetables* (1757-58), *Sobre el origen de las lenguas. Elementos etimológicos siguiendo el método de Euclides* (1766) ou a carta dirixida ao Padre Terreros co título *Sobre el origen de la lengua gallega y sobre la paleografía española* (1745), entre outras máis.

- 6 Referímonos, por exemplo, ao pagamento do dezmo, pactado no aforamento da terra, en proporción á colleita, ou prohibir o embargo dos apeiros de labranza nos casos morosidade.
- 7 SARMIENTO, M. (1952): *Vida y viajes literarios de Fray Martín Sarmiento* (edición, prólogo e notas de Luís Viñas Cortegoso). Monterrey: Vigo. Páxina 16.
- 8 Situamos a súa elaboración a finais de 1746 ou comezos do ano seguinte.
- 9 En Sarmiento as cartas acaban por converterse en verdadeiras disertacións e tratados culturais.

Na súa primeira viaxe (1745), Martín Sarmiento sae de Madrid un 9 de maio, chega a Vilafranca do Bierzo o 29 do mesmo mes e ao seu lugar de destino, Pontevedra, o día 11 de xuño. Aquí atoparíase co seu irmán, Francisco Xavier. Retornaría ao seu mosteiro de San Martín de Madrid o día 10 de febreiro de 1746. Polo xeral, viaxaba só (levou unha vida de escaso contacto fóra da súa cela) coa súa mula. Das poucas anécdotas que coñecemos, sabemos que sofre dúas caídas: unha na ida, en Valladolid, que o tería varios días doentes; outra na volta, preto de Ribadavia, que o tivo un día doente, tomando como medicina a carqueixa<sup>10</sup>.

A segunda viaxe (1754) faina tamén dende Madrid saíndo o 5 de maio e chegando a Pontevedra, a casa do seu irmán, o 25 do mesmo mes. Conta que aquí estivo hospedado sen saír da bisbarra de Pontevedra (Poio, Lérez, Tenorio, Castrove e Marín) até o día 20 de outubro. Logo xa iniciaría xeiras por toda Galiza. Volvería ao seu mosteiro o día 27 de santos de 1756. Co cal estamos ante a viaxe máis alongada no tempo que Sarmiento fixo a estas terras galaicas.

### SARMIENTO NO VAL MIÑOR

*“No me pesará saber qué motivo tuvieron los antiguos para llamar Insulae deorum a las islas de Bayona. Cuando hacia allí se colocaba la mansión o habitación de los dioses, tendría idea superior de aquel país”*.

Na primeira viaxe de Sarmiento ao Val Miñor hai unha recollida da toponimia e dalgúns datos que lle chamaron a atención ao noso bieito. Pola contra, na segunda, só temos datos respecto da matrícula da mariña en 1754<sup>11</sup>.

Emporiso, a memoria de Sarmiento era privilexiada e diferentes datos que fora arquivando mentalmente os poría en uso noutros traballos. Por exemplo, comenta arredor da orixe do topónimo de Baiona, en contraposición á opinión de Manuel Faria y Sousa, a quen ataca con dureza polo seu patriotismo luso antigalego:

*“Y para ridiculizar el sonsonete de las voces de que se valió Faria para disparatar sin ton ni son, propongo que Bayona no se llamó así hasta el año 1201, en que don Alonso de León la repobló, le dio fueros y le puso ese nombre de Bayona; y diciendo que su nombre antiguo era Erizana”*.

Deseguido imos reproducir, empregando a edición de José Luís Pensado<sup>12</sup>, o texto orixinal de Sarmiento sobre a súa recolleita de información na bisbarra do Val Miñor. Chegaría un xoves 16 de setembro, vindo pola costa, dende Vigo, Bouzas, Coruxo e Saiáns.

- 10 SARMIENTO, M. (2002): *Disertación sobre las eficaces virtudes y uso de la planta llamada carquesa, conocida en Galicia por el nombre de carqueixa*. (edición de Clodio González Pérez). ToxoSoutos: Noia. Páxina 22.
- 11 Colección Medina Sidonia, tomo XIII, 393 v.
- 12 Os seguintes: Baiona, 142 persoas e 9 barcos; Priegue, 14 persoas e 3 barcos; Panxón, 42 persoas e 12 barcos e A Ramallosa 1 persoa, 0 barcos. Galicia dende Salamanca, páxina 102.
- 13 Colección Medina Sidonia, tomo XVI, 234 v.
- 14 SARMIENTO, M. (1975): *Viaje a Galicia* (edición de J.L. Pensado). Salamanca: Universidad de Salamanca, pax. 108-110.

Lemos:

*“San Mamed de Priegue. Condado. A la marina hay la ensenadita de Priegue, que tiene al poniente el monte Ferro, detrás del, Ferro, Panxón.*

*San Félix de Nigrán. Ya entra el valle de Miñor. Legua. San Pedro de la Ramallosa. Puente, río y ría de La Ramallosa. Entra en la bahía de Bayona. Hace una eca y sube por unas llanadas después del puente hasta la capilla de la Junqueira. El río llaman de Mañufe.*

*Santa Cristina de La Ramallosa, feligresía distinta. Puete y río Sabariz. Pontenova. Calzada buena que va hasta Bayona. Ponte do Burgo. Bayona son tres leguas buenas desde Vigo; llegué a Bayona a hace noche. Bayona está en la marina que corresponde al valle Miñor cuyo medio riega el río de La Ramallosa, el cual nace hacia la feligresía de Vincyos, y se le junta el río Couxo, que viene de hacia Tui. Creen allí que Bayona es Valcagia y el Monte Real se llamaba Monte Boy.*

*El dicho Valle está entre la sierra de Montes que va a terminar en el cabo o punta o monte de Ferro (o de la Xermaña). Y la sierra de Montes, que va terminarse en el Monte Real. Y los dos cabos del Ferro, y el Monte Real hacen la boca de la bahía, concha, ría y río de Bayona.*

*Los nombres de los montes de la sierra de Monte Real vienen así de atrás. Montouto. Grova. Belesar, monte y feligresía. Baíña, lugar también. Varedo lugar también. Percevelleira. San Roque. Monte Real, aquí está la villa y castillo.*

*Enfrente del cabo, o punta o monte de Ferro, o de la Sermania, Xermania, Xermaña, hay dos isletas que llaman las Estelas de Bayona (acaso “stelas” columnas). Entre las dos, ni entre una y el cabo Ferro, no puede pasar navío mayor, y con dificultad los menores. Las Estelas abundan de perdices.*

*En la curvatura que hace el Monte Ferro (mirando a Bayona) está la feligresía, puertecillo de Panjón, y en menor sitio que Bayona. En Panxón y en el país se dice que hacia el arrenal de Panjón había antiguamente una ciudad llamada Gayfar y que se había arruinado.*

*El viernes por la mañana salí a visitar el Monte Real en donde están las fortificaciones. Es un monte alto y largo de norte a sur, y se junta con la villa por una garganta muy baja de tierra y que tenía casas; y se demolieron para despejar, y para la defensa; y es cortísima la distancia del golgo a la ría, y con facilidad se juntarían.*

*La ensenada que está en la disposición como el Orzán de La Coruña se llama Conchera y es vivísimo el mar pero de poca o corta capacidad dicha Conchera. La cual se comprehende entre la punta de San Roque, que es lo último del monte o loma en que está la villa, toda al norte, y la punta del Monte Real en que está la Torre del Príncipe.*

*Entre esta Torre del Príncipe, o punta del Monte Real, y la Estela, que sale más al mar, está la boca y barra principal del puerto de Bayona, y después, rodeando al norte dicho monte, y en el convento de San Francisco, entra por poniente en la concha grande, y se extiende en forma de ría hacia*

*La Ramallosa. Así desde el Monte Real se ve todo el valle Miñor y a una legua Gondomar, y allí la casa del conde.*

*Las fortificaciones son baterías. Señal de molino de viento y un solo mortero. Vi el pozo y la cisterna.*

*Desde el sitio de Bayona se ven las tres islas. Una vez parecen dos, otra tres, según el punto de visión. La que está hacia Pontevedra llaman la isla Filgueira y la Area o isla de Aguión. Acaso Aguión será por estar al Aquilón, y la mayor de todas. La del medio, aunque parece a la vista la menor, oí a un práctico, que era la segunda en magnitud porque entra mucho en el mar. Llámase Area de Roda, es la más habitable, y hay las ruinas de un monasterio. La tercera isla de Bayona y más austral, se llama la isla, o Area de San Martiño. También hay en ella ruinas de otro monasterio.*

*Todas tres islas se llaman hoy islas de Sías o Cías, y bien, pues en lo antiguo se llamaban Cicae y Insulae Deorum. El año 1420 se halla instrumento en Santa Clara de Pontevedra, y le leí, por el cual consta, que uno mandó en su testamento, que el día de San Benito de julio se diese tanta limosna a los frailes del convento de San Esteban de la islas de Sías.*

*Se debe averiguar si allí, como asimismo en las de Ons y en las del Tambo, hubo de tiempo antiguo monasterio; pues del mismo testamento consta que había religiosos en Tambo, Dons y Sías; y serían de nuestra orden. Leí algunas inscripciones en Bayona.*

*El día viernes 17 de septiembre después de mediodía salí de Bayona para La Guardia, todo a la orilla del mar, y es un mar bravísimo, que bate en unas altísimas montañas áridas y sin poblaciones.*

*De Bayona subí y corté la cadena de montes, en cuyo remate está en San Roque, ermita. Y así todo Bayona está en la sola ladera boreal de este monte.*

*San Roque, punta ensenada de mar bravísimo. Punta de Cela porque tiene una ermita de Nuestra Señora de Cela. Ensenada. Cabo célebre, y punta de Silleiro, o acaso Cilleiro; se avanza mucho al mar. Puerto de Ruidosos, sitio horroroso por el ruido del mar. Hay en lo alto garita. Mougás, feligresía una legua. Villa de Suso. Pedornes, lugar y monte. Hoya (San Mamed). Monasterio de Hoya, de bernardos. Está en un sitio lastimoso a la orilla del mar bravísimo. Punta de Hoya una legua. Piedra Cruz otra legua. Cima de Villa, a un lado Cibidáns. Guardia, villa, otra legua”.*

Máis adiante, nun apartado onde recolle datos verbo de inscricións, temos a seguinte información recollida por Martín Sarmiento da igrexa de Baiona:

*“Entré en la iglesia colegiata de Bayona y al entrar por la puerta traviesa, en el suelo, hay esta inscripción:*

**Ḃ Ḳ Ḏ Ḥ Ḟ Ḡ**

*Algo se parece ésta a la que se halla en Bergondo. Pero ni una ni otra entiendo. En la entrada de la iglesia principal puerta en lo alto y a la izquierda se halla ésta:*

*E M: CCCXVI: MS NB*

*Era MCCCXVI mensis aprilis, creio; en tres piedras distintas allí hay tres letras o sueltas E. S. ✠ señales que ponían los arquitectos a las piedras para su gobierno, como las vi en el castillo de Souto Mayor, y yo no lo entiendo.*

*Dentro de la misma iglesia en el medio de la nave derecha en lo alto de la pared hay ésta:*

*N+. E.ª CCC<sup>a</sup>XLIX OBITT MENSIS MAII ULTIMA F<sup>ª</sup>VIª.*

*Era 349. Obiit mensis maii ultima feria sexta.*

*En el Monte Real de Bayona en la entrada de la iglesia de los Padres de San Francisco en un peñasco hay esto:*

*EADCCCCLII*

*Creo, era 1252, y no sé a qué alude o si D es CC y significa 1352. Y en Bayona no vi más inscripción”.*

15 PENSADO, Ibidem 121.

## BIBLIOGRAFÍA

- SARMIENTO, M. (1952): *Vida y viajes literarios de Fray Martín Sarmiento* (edición, prólogo e notas de Luís Viñas Cortegoso). Vigo: Monterrey.
- SARMIENTO, M. (1975): *Viaje a Galicia (1745)* (edición y estudio de J. L. Pensado). Salamanca: Universidad de Salamanca.
- SARMIENTO, M. (1984): *La educación de la juventud* (edición e estudo crítico de J. L. Pensado). Compostela: Xunta de Galicia.
- SARMIENTO, M. (1999): *Galicia dende Salamanca. A viaxe de Fr. M. Sarmiento a Galicia en 1754*. Salamanca: Lectorado Galego de Salamanca / Xunta de Galicia.
- SARMIENTO, M. (2001): *Viaxe a Galicia (1745)*. Noia: ToxoSoutos.
- SARMIENTO, M. (2002): *Disertación sobre las eficaces virtudes y uso de la planta llamada carquesa, conocida en Galicia por el nombre de carqueixa*. (edición de Clodio González Pérez). Noia: ToxoSoutos. <http://consellodacultura.org/sarmiento/>

## *Os naufraxios do mar de Baiona*

**Xosé Lois Vilar Pedreira**

As causas dos naufraxios son moi variadas, van desde a deriva pola perda do goberno do barco, o incendio ou o accidentado da costa galega. A miña afección polos naufraxios vénme de pequeno cando lle escoitaba contar ó meu pai a historia dun iate, o “Thalassa”, o que lle chamaba o iate de Arnhild que viña dos fiordos noruegueses, co rico propietario a bordo, máis a tripulación e o primeiro oficial, Arne Karlsen traía a muller e ós seus dous fillos –Arnhild de dez anos e Erling de 9-.

Botaron seis días en Vigo en decembro de 1949, para facer víveres e combustible e de paso, descansar da longa viaxe. A xente aínda lembra a árbore de nadal que puxeron no barco e máis a música de acordeón que saía do seu interior. O “Thalassa” tiña 104tm de desprazamento, e medía 27’95m de eslora, 5’52 de manga e 2’87 de calado, cun motor de 400 cabalos. Estaba atracado no peirao do Náutico e decidiron saír o xoves 30, non sabemos se rumbo a Ecuador ou a EEUU, un día de mal tempo. Deixaron o porto de Vigo ás nove da mañá coa idea de faceren escala no Porto o día 31 e proseguir viaxe cara ás Canarias, pero o mal tempo fixolles dar volta á altura da Barra do Miño e guiados polas luces do faro de Cabo Silleiro enxurraron o barco de madeira entre O Corveiro e A Carral morrendo trece dos catorce tripulantes. Só se salvaría a nena Arnhild, que foi levada nas costas dun home da tripulación que morreu levado por un golpe de mar.

O soldado de garda da batería militar de Silleiro, non saía do seu asombro cando atopou a Arnhild, espida, berrando e chorando, e levouna cara ó cuartel, sendo atendida posteriormente polo médico de Baiona Sr. Viaño.

Arnhild ficou ó coidado do cónsul de Noruega en Vigo, Casimiro Durán, e días despois foi acollida no seo da familia Somme, empresarios noruegueses afincados en Vigo.

Outro terrible suceso correspondeulle a outro barco noruegués, desta volta foi un buque de carga, o “Aslaug-Haaland” que con 4.759tm de rexistro bruto, 80’62 metros de eslora, 16 de manga e 7’40 de puntal cun motor principal de 347 cabalos. Saíra o 11 de decembro de Reiquiavic cargado de bacallau e ía entregar un pedido de 500tm ó almacenista vigués Evaristo de Vicente, da rúa Colón.



A inexplicable manobra do buque fixo que vindo do norte e debendo entrar pola Porta Grande entre a illa de Monteagudo e o Cabo Home o fixese pola Boca Sur entre San Martiño e As Estelas topando na súa derrota cos baixos dos Carallóns na noite do 24 de decembro de 1924 e morrendo os 20 homes que compuñan tripulación, a pesar dun deles subirse a un pau do barco pedindo socorro aínda a primeiras horas da mañá do día de Nadal, pero engulido polo bravo mar.

Pero xa o luns 9 de setembro, tamén de 1929, o “Highland Pride” de bandeira inglesa, noutra inexplicable derrota bateu na Negra ó NO das Estelas un día de mar calmo segundo uns, e noite de néboa segundo outros. Saía de Vigo de cargar 573tm sobre todo de peixe salgado, conservas e viño, ademais dun pasaxeiro. Era un barco de considerables dimensións con 123’44m de eslora, 17’12 de manga e 10’59 de calado, cun desprazamento de 7469 toneladas brutas con parte das adegas refrixeradas e lugar para o transporte de pasaxeiros. Levaba bois sementais, becerras, ovelas e aves de curral. O buque perdeuse, foi despezado nos anos seguintes e deulle nome o lugar do afundimento: O Mar do Pride.

Na mesma zona, seis anos antes, tivo que ser desguazado o “T.H.Skogland” que o 20 de setembro de 1923, con carga xeral e pasaxeiros en ruta de Alemaña cara ó Brasil, rematou a súa singradura no medio dun forte temporal, entrando, o mesmo que o “Aslaug” pola Boca Sur, a pesar de proceder do norte. Xa á altura da Torre de Hércules perdera a gabarra que cargara en Le Havre. Dos seis tripulantes desta última só se salvou un, sen embargo non houbo vítimas mortais en Baiona grazas á axuda dos seus mariñeiros que salvaron á totalidade dos pasaxeiros e tripulantes. Serían logo agasallados con medallas de prata, bronce e con diñeiro pola Sociedade de Salvamento de Náufragos.

O “T.H. Skogland” desprazaba 4.197tms brutas, cunha eslora de 110m, 15’39 de manga e 7’65 de calado. Portaba bandeira norueguesa, matriculado no mesmo porto, Haugesund, que o “Aslaug-Haaland”.

A mercancía transportada polo barco consistía en pianos, balas de papel “couché”, teares ... que serían aproveitados polos veciños da zona en reiteradas visitas ó buque naufragado pero non afundido de todo.

Aínda podía citar o afundimento dun bergantín ruso en 1904 nas Laxes de Carracuido no que se salvaron todos, ou unha parella de pesqueiros que se abordaron entre si perto de Cabo Silleiro, sinistro no que morreron catorce mariñeiros. Pola súa banda, o grego “Assimacos” bateu no Outeiro Rosaleiro en Viladesuso en setembro de 1930, e non morreu ningún dos seus tripulantes. Pero os grandes naufraxios, como estamos a ver, seguen a producirse a pesar dos avances técnicos e de seguridade.

Quero facer unha mención especial a aqueles barcos históricos que sobreviviron, que se están a manter a flote (testemuña da historia mariñeira do noso país), a cargo de particulares que se mobilizan porque non o fan as autoridades. Teñen desaparecidos históricos pesqueiros, incluso barcos alxibe de Vigo, caso do “Hidria II”, equipado cunha máquina de vapor de 1901 e recuperado do desguace por unha parella do Grove lucindo a cheminea vertical propia dos antigos vapores.

O esquecemento das embarcacións históricas son naufraxios non traumáticos, pero que igualmente levan á perda de barcos.

## *A deleiba do patrimonio do Val Miñor e arredores*

---

IEM

O conxunto de bens e dereitos pertencentes a unha persoa , xa sexa esta física ou xurídica, considérase patrimonio. O patrimonio cultural é a herdanza cultural propia do pasado coa que un pobo vive e que se transmite ás xeracións futuras.

A “Convención para a protección do Patrimonio Cultural e Natural do Mundo” foi adoptada pola Conferencia Xeral da Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura (Unesco), o 16 de novembro de 1972, cuxo obxectivo é promover a identificación, protección e preservación do patrimonio cultural e natural de todo o mundo, o cal é considerado especialmente valioso para a humanidade.

Como complemento dese tratado foi aprobada pola Unesco o 17 de outubro de 2003, a “Convención para Salvagarda do Patrimonio Cultural Inmaterial” que definiu que:

Enténdese por “patrimonio cultural inmaterial” os usos, representacións, expresións, coñecementos e técnicas -xunto cos instrumentos, obxectos, artefactos e espazos culturais que lles son inherentes- que as comunidades, os grupos e, nalgúns casos, os individuos recoñezan como parte integrante do seu patrimonio cultural.

Este patrimonio cultural inmaterial, que se transmite de xeración en xeración, é recreado constantemente polas comunidades e grupos en función da súa contorna, a súa interacción coa natureza e a súa historia, infundíndolles un sentimento de identidade e continuidade e contribuíndo así a promover o respecto da diversidade cultural e a creatividade humana.

Encetamos este artigo definindo o que entendemos por patrimonio e os distintos tipos de patrimonio cos que nos podemos atopar en calquera lugar do mundo. A nós intéranos tentar aclarar os porqués dalgunhas desfeitas que se veñen dando no Val Miñor e a súa contorna.

Nos últimos anos o grande desenvolvemento “padecido” neste territorio do Val Miñor , levounos a ver como parte dos elementos que compoñen o noso PATRIMONIO se viron sustancialmente reducidos e/ou deteriorados. É un paradoxo que se dá , a pesares de vivir nuns tempos nos que máis se ten lexislado na defensa e





*Mullón de man aparecido nunha pista dos montes de Baiña despois de ser recheada con entullo de orixe descoñecida.*



*Trozo dunha pedra do dintel dunha porta romana ou castrexa gravada, aparecida nunha pista dos montes de Baiña.*

conservación do patrimonio, tamén se ten destruído máis ca nunca. Pode parecer esaxerado a utilización da expresión *máis ca nunca*, mais os feitos confirman que é unha realidade facilmente constatable cunha pequena análise detida dos nosos arredores.

Ante este exercicio de memoria non moi afastado no tempo, podémonos atopar con dúas visións contrapostas que é necesario aclarar.

Unha é a das persoas que ven a desfeita do patrimonio como algo necesario para avanzar. A súa consideración e valoración está moi supeditada ao interese focalizado no mal chamado expansionismo, que entende, simplificando, que o importante é que se desenvolvan novas infraestruturas, se constrúa e se cree riqueza con



*A fonte Santa de San Cosme, recuperada parcialmente despois de ser derruída e roubadas as súas pezas.*

ese movemento de capitais e de crianza de empresas e novos recursos, sen importar moito o feito con anterioridade. O sacrificio duns valores crea outros novos, e considérase que os máis recentes son mellores.

Outra sería a das persoas que teñen saudades do perdido, láianse das perdas de valores patrimoniais e lembran con agarimo vellas construcións, costumes e paisaxes.

Así, en xenérico, non estamos a concretar nada. A nosa intención é que a medida que imos lendo estas letras, calquera de nós faga o exercicio de memoria que lle permita repasar esas posibles perdas que todos podemos lembrar no percorrido dos últimos trinta ou corenta anos.

Para axudar imos indicar algunhas da nosa consideración, deixando as valoracións finais para un cadro resumo ao remate.

**O Tranvía a Baiona e Gondomar.** Era iste un patrimonio digno de protexer? Pode ter a consideración de patrimonio segundo entendemos o termo xeral? Sería hoxe en día de utilidade e pagaría a pena telo conservado? Tiraríamos proveito del e como?

O Pazo do Monte Boi en Baiona.

As Dunas de Gaifar en Panxón.

A Banda de Música de Vilaza.

Os Tendais do Caringa e de Maciel en Baiona.

Os petróglifos da Boaventura en Burgueira, Oia.

As Penisas en Baiña, Baiona.

O obradoiro cerámico romano da Madorra, Panxón, Nigrán.

A Ponte do río da Serra en Sabarís, Baiona.



*Recheo dun camiño lousado nas Penisas en Baiña, Baiona.*

- O campo das redes na Palma, Baiona.
- A ponte medieval da Ramallosa ( mal chamada Romana).
- Os petróglifos do río de Vilar, Pedornes, Oia.
- A mámoa da Cruz de Pao ou do Campo da Groba, Oia.
- O Foxo Pedriño, foxo de lobo nos montes de Burgueira, Oia.
- A Fonte Santa de San Cosme, Baiña, Baiona.
- O Cruceiro de Loureiro, Sabarís, Baiona.
- O Paseo do Monte Boi, Baiona.
- As telleiras de Nigrán.
- O arco suévico de Panxón.
- O Templo Votivo do Mar en Panxón.
- O Castro de Panxón
- A Torre de Méndez en Camos.

Poderíamos ir facendo unha listaxe sen fin de numerosos edificios, lugares, oficios, cruceiros, muíños, capelas, etc que por uns motivos ou outros desapareceron ou foron ou estan a ser danados. Sería difícil, por non dicir imposible, valorar nun común acordo todos eles, as circunstancias da súa desaparición ou deterioro, e o verdadeiro interese que poderían suscitar na xente que hoxe vive a carón deles ou onde eles estaban.

Deixando a un lado o aspecto máis sentimental, que nós consideramos ten tamén interese, e feito o exercicio primeiro de memoria individual cada quen ( a reflexión é o valor fundamental para a posterior valoración e protección final) imos amosar unha parte da realidade actual con exemplos reais.



*Dicksonia antarctica, recuperada por membros de ANABAM*



*Fentos arborescentes desaparecidos no río Vilar en Oia.*

## O PATRIMONIO NO VAL MIÑOR

Esta terra que habitamos está inzada de referencias patrimoniais do pasado, dende as máis afastadas no tempo até as de hai uns anos, suficientes como para formar parte do chamado patrimonio arqueolóxico, cultural e natural. A pesares das moitas leis que en teoría as protexen, estamos vendo como a cotío se están a producir desfeitas irreparables e atentados contra elas. As denuncias e as penas e/ou multas non son instrumento suficiente para parar a desfeita, e moitas veces impunemente séguese a desfacer o que noutros países se protexe con esmero e eficiencia, se valora e se promove, producindo riqueza, traballo e valor engadido cultural e educativo.

Nos últimos anos lévase esgazado e destruído máis patrimonio que nunca. Cada ano os parlamentos español e galego, a Unión Europea e a ONU elaboran e promulgan leis que, a pesares da súa especificidade, son incumpridas reiteradamente polos gobernos estatais e autonómicos, as deputacións e os concellos que, en teoría, serían os garantes do cumprimento das ditas leis.

No noso país, as distintas consellerías implicadas na protección e salvagarda do patrimonio serían as de Cultura, Medio Rural e a de Medio Ambiente. Cada unha delas ten o seu propio organigrama e pautas de funcionamento e, que nos conste, non hai entre elas un programa de coordinación nin vías de comunicación ante actuacións ou problemas que se poidan detectar. Imos describir tres casos que detectamos e se están a dar no Val Miñor e zonas limítrofes.

### As pistas forestais e os recheos nos montes

Estamos fartos de ver como se abren, anchean ou arranxan pistas nos montes sen unha análise previa das posibles afeccións ao patrimonio etnográfico, arqueolóxico e natural existente. O descoñecemento dos elementos catalogados ou inven-

tariados por parte das administracións, o desleixo e atrevemento dos concellos que, na maioría dos casos son a administración máis próxima aos administrados e aos executores das obras, levan a atoparnos con un panorama deprimente cheo de actuacións destrutivas. En paraxes naturais, non importa o seu valor, estanse a producir recheos con entullos de obras nos que se atopan restos de vidros, ferros, arames, plásticos, cementos, ladrillos, etc que pasan a contaminar en primeiro lugar a vista, en segundo o chan e en terceiro o subsolo e os posibles estratos e/ou áreas arqueolóxicas. Contaminan visualmente a paisaxe e as augas que arrastran eses entullos e restos cara outros espazos próximos, polas escorrentías naturais e as artificiais creadas co transformación do medio. Exemplos temos moitos perto. Un moi salientable é o que se está a dar na parroquia de Baíña, nas pistas e montes próximos á presa de auga da que se abastece a vila. Quen autorizou ditos recheos? Quen os controlou e supervisou? Que criterios se seguiron? Que fai ou fixo o concello, a Consellería de Medio Rural e a de Patrimonio?

### **As rozas, talas, plantacións e outras obras nos montes e nas ribeiras dos ríos e do mar**

No outono do ano 2006, despois da vaga de lumes do verán, as chuvias fortes do mes de outubro levaron polas abas abaixo dos montes, aos regatos e ríos, as terras desprovistas de mato e vexetación que as protexían, restos de árbores queimadas e pedras e rochas. Houbo daquela unha grande desfeita nos montes e nas canles dos ríos, ao producirse embolsamentos que coas enchentes produciron arrastres e derrubamentos de pontes, muíños, camiños e, incluso, algunha vivenda.

Pasadas unhas semanas, actuouse con urxencia e sen planificación axeitada, liberando as canles dos ríos e movendo grandes masas de pedras e terra nos propios leitos dos ríos e nas súas ribeiras. Cada administración pelexou por facer da traxedia un niño de captura de votos, uns no descontento e outros no favor da administración que acude axiña no socorro do que se queixa, con razón en moitos casos. Non se mirou o que había que facer, se non o que pedían que se fixera, e fíxose. Así nos foi e así nos vai. Case se destroza unha das mellores estacións de petróglifos que temos no país, pola súa singularidade, a do río de Vilar en Pedornes, ao lle pasar as maquinas de cadeas moi perto e mover grandes rochas do leito do río. Ninguén sabía que estaban alí os petróglifos? Alguén se preocupou de informar aos obreiros das cautelas que había que tomar. Non. Tiveron que ser os cidadáns interesados polo patrimonio os que valaron con cinta de obra os gravados e avisar aos maquinistas.

Máis abaixo, no mesmo río, un patrimonio natural moi singular, os fentos arborescentes *Dicksonia antarctica*, dos que só se coñecen no noso país dous lugares nos que se atopan, tivo peor sorte. A enchente levou por diante a maioría dos exemplares de fentos que alí se atopaban e os que non levou a enchente, leváronos as máquinas. Ninguén coñecía a súa existencia e a súa singularidade? Alguén se preocupou de ver os danos producidos nas poucas plantas que había?. Si. Os militantes no ecoloxismo e na defensa da natureza e o patrimonio de ANABAN, SOS Groba e do IEM, e tódolos particulares do país e de fóra que preguntaron por eles en foros de internet e en chamadas telefónicas aos que sabíamos deles. Alguén da administración ou de algunha das consellerías que terían que ser os seus protectores?. Non.



*Pared de Foxo Pedriño, foxo de lobo que sofre danos reiteradamente cada vez que se interven na súa contorna.*

Algunhas semanas despois viñeron as presas por sacar a madeira do monte, talar todo e deixar a paisaxe núa. Os poucos exemplares de árbores que podían terse recuperado do lume e outros que nin sequera foran afectados, desapareceron baixo a forza dos dentes das serras e as gadoupas mecánicas das máquinas. Os pequenos retallos verdes que coma oasis se erguían entre as negras cinzas, foron devorados polo devastador labor dos madeireiros e as súas máquinas. Os paxaros e os cabalos quedaron así sen ningún nicho no que se gozaran nos temporais do inverno. Fomos testemuñas do que contamos, e denunciámos perante as autoridades do momento o noso parecer e a nosa queixa.

Non remata aí a desfeita. Aínda houbo e hai máis e peor. A presa pola teórica reforestación das zonas queimadas, levou ás **Comunidades de Montes** e ás consellerías implicadas a unha carreira por arar o monte para, teoricamente, repoboar axiña. Como consecuencia, movéronse centos de toneladas de pedras que estaban fixadas ao chan dende hai miles de anos, fixéronse gabias removendo a terra e facilitouse o arrastre e a erosión. Nese movemento de terras e pedras, ademais de desfigurarse a paisaxe e o solo, racháronse laxas nas que había gravados rupestres, desfixéronse paredes centenarias como as do Foxo Pedriño, o maior foxo de lobo que temos no noso país, e outras que forman parte da paisaxe e da nosa historia e a dos nosos montes, como testemuñas doutros tempos, e que nos dan datos e información sobre o que foi o territorio antigamente, os seus usos e as súas dimensións sociais nunha paisaxe humanizada cargada dunha cultura milenaria amosada en pedras no chan.



*Petroglifo de Bonaval Burgueira antes da plantación de kivilis.*



*Petroglifo despois da roturación do monte para a plantación de kivilis en Burgueira, Oia.*

Noutros países, as paredes de pedra, os valados, peches ou tomadas, son conservados e postos en valor, sendo os propios veciños os que se encargan, as veces con axudas do Estado, de conservalos e mantelos en pé. Quen non lembra os valados de Irlanda e de Escocia que tanto aparecen nas imaxes da películas e documentais?. En Galicia? No noso país aproveitamos calquera movemento no monte ou escusa para ir desfecendo o que está aí, feito polos nosos antepasados con moito esforzo e sacrificio, como si quixeramos borrar as testemuñas das nosas raizames. E mentres que fan as administracións? Axudan a consumir a desfeita ou ollan impasibles para outro lado, mentres seguen publicándose no DOG cada día máis decretos e leis que eles mesmos non cumpren. Nesta acción que estamos describindo, teoricamente tiñan que intervir tres consellerías, a de Montes, a de Medio Ambiente e a de Cultura, e... de feito interviñeron axudando á destrución.



*O Cruceiro do Loureiro.*



*O Cruceiro do Loureiro antes das obras.*



*O Cruceiro do Loureiro despois das obras feitas ao seu carón.*

Só a esperanza de que as CCMMVVMC sigan o exemplo dalgunhas excepcións que temos no Val Miñor, e defendan e protexan o seu patrimonio como están a facer as Comunidades de Montes de Santa Cristina en Sabarís, que con un grande esforzo pola súa parte musealizou os petróglifos do Outeiro dos Lameiros; a de Borreiros co Castro da Pedra Moura; a de Vincios con importantes intervencións e repoboacións de frondosas e o seu proxecto de musealizar a estación de petróglifos de Agua da Laxe; a de Couso, con repoboacións de castiñeiros, eliminación de acacias e creación do roteiro dos Muíños de Couso e a intervención no monte do Castro.





*A ponte do río da serra en Sabarís.*

### **As obras promovidas por concellos, deputacións ou consellerías e empresas privadas e particulares**

Cando un particular quere realizar unha obra necesita previamente dunha autorización, que en moitos casos dependen de varias administracións. Nos concellos, que é a administración máis próxima ao cidadán, moitas veces prescínlese dalgúns dos pasos en aras dunha maior celeridade e axuda aos veciños ou para que os votos cativos non se perdan. Outras veces os propios veciños pasan dos permisos e van facendo con autorizacións verbais ou sen elas. É verdade que os concellos ás veces non teñen persoal especializado para chegar a tódolos lados, e tamén é verdade que seguindo este mesmo argumento aproveitan para facer a vista gorda e deixar facer.

En canto ás consellerías e deputacións, o argumento é todo o contrario, teñen persoal pero ineficaz no que se refire a prevención e protección do patrimonio por que, segundo a propia administración, non se pode chegar a todas partes e hai moito territorio e patrimonio para atender. Sendo certo en parte, o que si é verdade e que os recursos humanos e físicos dos que dispoñen as administracións

úsanse mal ou ineficazmente por descoordinación, afastamento da realidade e pouca operatividade. Onde está o maior problema? Na falla de coordinación e comunicación das administracións.

Si un particular detecta unha agresión ao patrimonio e tenta denunciar ou simplemente comunicar dita agresión a algunha autoridade, atópase con un grande problema. A quen llo comunica e como? Cando faga o intento de chamar ao concello, ao Seprona ou a algunha consellería, na maioría dos casos vai atopar escusas, desviacións de chamadas, atrancos e problemas que o van facer desbotar a idea de levar adiante a denuncia e a súa posible efectividade. Si persiste e consegue poñer a denuncia, con traballo e esforzo persoal, vaise atopar cun problema e molestias varias que aínda o farán dubidar unha vez máis antes de rematar o proceso. Pero, antes de chegar á denuncia do particular, que pasou? Non diciamos que había varias consellerías implicadas no tema, e varios funcionarios e administracións encargados do velar polo cumprimento das leis?. Imos pór un exemplo dunha das últimas desfeitas ou agresións ao patrimonio que o IEM ten detectado e denunciado.

Nun monte da parroquia de Burgueira, concello de Oia, na paraxe chamada O Sobral e A Boaventura. Dous bens patrimoniais inventariados, uns petróglifos gravados nunha laxe vertical de xisto e un xacemento romano. Unha empresa fai un movemento de terras e rotura todo o monte, mudando a paisaxe para pór unha plantación de kiwis, nunha segunda fase de outra próxima feita con anterioridade. Detectada a agresión, (rachárase a laxe do petróglifo e estaban os cachos da pedra cos gravados amoreados no lugar ) comunicaselle verbalmente ao presidente da Comunidade de Montes propietaria, que é tamén concelleiro de Obras no concello de Oia, e avísaselle de que hai que protexer os bens afectados para que o mal non vaia a maiores. Resultado final, o petróglifo rómpese e desaparece totalmente, remátase a plantación de kiwis e estrágase o xacemento romano con gabias profundas. As ordes de paralización da Consellería de Cultura e do Seprona non pararon a obra nin a desfeita, e o concello, nun primeiro intre négase a deter as máquinas. No momento de escribir este artigo, os kiwis teñen folla e están medrando para arriba, e para abaixo coas raíces entre os restos romanos.

Dous membros do IEM persoalmente están implicados na denuncia con nomes e apelidos, e tiveron que ver e escoitar ser aludidos por membros do concello de Oia. Quen defende o patrimonio e como? Quen o protexe? A costa de que e de quen? Por que se dan estes casos?

As respostas a estas preguntas sempre son as mesmas: descoordinación e falla de comunicación das administracións, falla dunha policía de patrimonio ou de atribucións concretas en funcionarios que xa existen e traballan no monte, maior sensibilidade por parte das autoridades e de educación por parte dos particulares e dos funcionarios.

A explotación dos recursos do monte, as obras novas, a creación de infraestruturas, son compatibles co respecto e a posta en valor do patrimonio. O patrimonio é un ben que hai que conservar e preservar e pódese facer creando riqueza, traballo e benestar para os territorios nos que se asenta. Só hai que educar á cidadanía e dar exemplo por parte das administracións, sendo rigorosos e eficientes na aplicación das leis, e coordinar accións e recursos.



## VALORACIÓNS FINAIS

Ante esa realidade que se repite por todo o país, con unhas administracións e con outras, debemos resumir nun decálogo as posibles solucións que nós achegamos como propostas para axudar a resolver o problema.

Catalogación dos bens do patrimonio arqueolóxico, etnográfico e monumental, paisaxístico e natural, por concellos.

Comunicación aos concellos do patrimonio que atesouran, e obriga de facer chegar ás parroquias, comunidades de montes, de augas e de veciños dos bens patrimoniais e de interese que teñen, e os deberes e obrigas ao respecto dos mesmos.

Comunicación entre organismos públicos dos catálogos anteditos e que poden ser da súa competencia. As distintas Consellerías, Deputacións e Concellos deben pór en común os seus catálogos e facer que estes estean accesibles, en primeiro lugar aos funcionarios de distintos niveis que poden ter atribucións ou competencias, e en segundo aos técnicos e particulares que necesiten ou desexen coñecerlos., xa sexan arquitectos, arqueólogos, peritos, mestres, profesores ou cidadáns en xeral.

Mellorar e actualizar os modelos de catalogación, dixitalizando as fichas e poñendo en rede a información para poder ser consultada por profesionais, investigadores e técnicos, sendo actualizadas e modificadas segundo se avance nos procesos de catalogación ou estudo e investigación, mellorando a accesibilidade dende calquera punto do país ou do estranxeiro.

Coordinar coas universidades do país e as empresas que traballan no mundo da arqueoloxía e o patrimonio a divulgación dos estudos e investigacións, facendo que os estudosos, profesionais e investigadores teñan acceso aos traballos que son financiados con fondos públicos nun tempo razoable, segundo marca a lei que non se está a cumprir.

Promover nos programas educativos e nos distintos niveis dos mesmos, unidades didácticas referidas ao patrimonio máis próximo, como referente de estudo e de valoración para o seu coñecemento e conseguinte respecto e protección.

Promover a conexión dos museos e de aulas, con concellos, colexios e universidades para optimizar recursos próximos referentes ao patrimonio e achegar, así, o gran mundo do patrimonio que nos rodea e que despreciamos por descoñecemento e ignorancia. Do local ao universal, sería o lema para escomenzar a facernos máis sabios todos, nenos e vellos, mozas e mozos, obreiros e enxeñeiros, mariñeiros e labregos, todos.

Divulgar e promover. Formar aos técnicos en turismo, concelleiros e animadores socioculturais que traballan nos concellos e nas asociacións para que potencien o coñecemento do patrimonio máis próximo, cunha formación axeitada e de calidade.

Protexer e inventariar o patrimonio etnográfico e o inmaterial dun xeito real e efectivo, promovendo dende as escolas e as universidades traballos de recollida e publicacións en coordinación co punto seguinte.

Creación de cátedras de Etnografía e de Toponimia nas universidades, nas que se potencien a especialización en ditos estudos e a coordinación co Museo do Pobo Galego e o ILGA, que ben precisan dunha maior atención e orzamentos por parte das autoridades para a posta en valor do seu traballo e a súa divulgación e achega á cidadanía.

## ESPECIAL ARTE

---

- *Armando Guerra, hoxe e na memoria.*  
X. L. Méndez Ferrín
- *O peso da espontaneidade.*  
Armando Guerra



## *Armando López Guerra, hoxe e na memoria*

---

**X.L. MÉNDEZ FERRÍN**

A memoria é dos vellos. Sempre conservei na retina o día no que Xavier Pousa me levou visitar a exposición de arte libre (e ao ar libre) da Praza da Princesa, Vigo. Alí había unha pintura en intensos azuis cuns farrapos texturais moito ben incorporados. O cadro, pequeno, revelaba un artista de corpo enteiro. Eu participei do descubrimento de Pousa. O autor era un artista noviño. Apuntei nunha libreta escusada e inmaterial que sempre levo comigo: Armando López Guerra, ollo. Por se o achado acababa por ser revelación. Esta, a pouco tardar, produciuse. Xurdiu un artista grande e el fíxose cun espazo propio no mundo e entre nós. Logo ese creador non figurativo figurou con rara intensidade (de trazo, de cor, de intención totalizadora).

Nun intre dado, Armando apousentouse coma meu colega de profesorado no Instituto de Vigo no que eu rendía os meus servizos. Foi, así, un querido compañeiro de traballo que andou ao meu lado os derradeiros moitísimos anos.

Dado que eu sempre quixen estar do lado dos gravadores a gozar do cheiro dos ácidos e das tintas, e dos tórculos e das sorpresas divinas da arte de estampar, celebrei de forma ben especial a dedicación de Guerra á Grande Obra Gráfica. E seguinlle a pista tamén por ese camiño.

Digo que lembrar é cousa dos vellos: na memoria consolámonos. Na miña acordanza aparece agora Armado Guerra cun logotipo perfecto no que se glosaba a idea de ROMPENTE. Iso foi en 1976 e é agora, tantos anos despois, cando evoco aqueles días de renovación e rexurdimento nos que o noso amigo tivo solidariedade, rexa presenza. Seguiuna tendo até o día de hoxe.




## *O peso da espontaneidade*

---

**ARMANDO GUERRA**

Gusto dunha obra que teña a espontaneidade do esbozo. Debuxo moito en todo tipo de cadernos, papeis..., pero sen pensar nunha obra concreta. Entendo que o esbozo está ben para racionalizar unha serie de cousas, pero ao chegar o momento de enfrontarte á tea, é necesario esquecerse diso. O que ten que saír é algo fresco que presente interiorizacións de todo o traballo realizado no papel, porque, á hora de pintar, necesito que o cadro mande ás veces, que respire en por si, para loitar con el. E nese momento, loxicamente, inflúen moitas cousas, o soporte, o material co que estás a traballar, as sensacións emocionais que tes nese momento...






O erro convértese nun acerto cando tes a capacidade de velo, de servirte del, pois un erro modifica o establecido, é dicir, supón atopar esquemas que te sorprenden e que podes empregar. Iso é o que permite que unha obra sexa distinta. As máis interesantes son aquelas que me sorprenden a min o primeiro, e aínda que non a entendas, non saibas o que pasou, observas que a obra está acabada e ademais..., funciona.



A transparencia das cores permítame non tapar o que fago, manter debaixo, á vista, o que fixen previamente. A transparencia é a capacidade de deixar pasar a luz que está alí, detrás, ao fondo. É o contrario dunha parede, dun muro. Alén áchase a incógnita, o interrogante, o misterio. Se parto dunha superficie branca, a cor, en transparencia, ofrece a súa máxima potencia e adquire unha vibración que perde na opacidade. A riqueza cromática dunha cor, as infinitas variacións e gradacións que hai nunha augada, é moi superior á que se consegue por paleta, por opacidade. No momento en que eu tapo, estou negando o propio fondo, o escenario onde todo sucede.






Arman to kreem 10

Traballo a prancha de metal dun xeito moi espontáneo, moi directo. O mesmo que na pintura, aproveito os inconvenientes, os azares que che ofrece o medio. Intento traballar coas oportunidades que depara o gravado e que se manteñen ata o instante mesmo en que retiras a estampa da prensa. O gravado é un medio xerador de sorpresas e moi agradecido nos seus resultados. As tintas, cando quedan aveludadas, posúen unha forza, unha sensualidade e unha frescura imposibles de conseguir por outros medios. Non sei por que, pero o gravado calcográfico ten unha calidade misteriosa.



Entendo o gravado calcográfico como unha obra orixinal, porque, na tirada, hai diferenzas e matices entre unha estampa e outra. O papel posúe distintos graos de humidade, a prancha non é a mesma a cada presión do tórculo nin leva sempre a mesma cantidade de tinta..., cada estampa é única.

A realización da tirada ten un aspecto mecánico, rutineiro e artesanal que me permite evadirme do acto de pintar, que non me obriga a tomar decisións continuamente como ante a tea, pero que, ao mesmo tempo, impulsa ideas e expectativas que alimentan un retorno fecundo á pintura.




*Somar lo bueno 10*









## O MEU VAL MIÑOR

---

- *Silencio de salitre.*  
Baldo Ramos
- *Docemente agreste.*  
Mirta Gozza Coll



## *Silencio de salitre*

---

**Baldo Ramos**

A primeira vez que pisei as terras do Val Miñor sería aló por volta de 1971, cando non tiña máis de oito meses.

Cando un neno respira a transparencia de certos espazos, a súa vida xa queda unida a esa experiencia orixinaria.

Teño para min que *orixe* é todo aquilo que nos permite medrar, que nos achega á raizame primeira da que beben todos os ríos que atravesan a nosa vida.

E a miña orixe tamén está neste lugar.

As primeiras lembranzas que conservo de Sabarís e de Baiona son de cando tiña cinco ou seis anos. Para un neno de interior, o mar supón o descubrimento da luz, e por riba de todo, do aire sandador que naqueles anos me receitara un médico de Vigo para mellorar os meus ataques de asma infantís.

E abofé que o conseguíu, xa que despois dos oito anos nunca máis volvíu sufrir tan incómoda doenza.

Polo tanto ese mar, para min, antes de nada foi saúde. Despois luz. E cos anos aprendín que neste lugar hai algo que me conforta antes que calquera outra cousa: o seu silencio de salitre.

Aínda que nos últimos anos a especulación turística teña feito medrar de xeito incontrolado esta comarca, o certo é que sempre que volvo a Baiona sinto unha paz que me fai pensar que esa maneira na que se mestura terra e mar na súa baía é o que provoca, nos que amamos e habitamos estas terras, o pracer dun sosego reparador e creativo.

Moitos dos poemas que teño escrito dende que a literatura ten entrado na medula da miña vida están escritos nas súas praias, nos seus recunchos máis tranquilos: no paseo da Concheira, na zona alta do casco vello, na marisma da Ladeira...

Por iso, gustaría de deixar nestas páxinas algúns dos textos que escribín en diferentes momentos da miña vida ao pé do monte das Cubichas e mais algunhas fotografías de libros feitos á man que aló polos anos 1998 e 1999, cando pasei un curso dando clases no IES Escolas Proval, confeccionei nas terras onde o Miñor escribe palabras de despedida.



escoita o inverno  
neste mar


pólas de auga salgada

o inverno  
manso  
en Sabarís  
cubriendo as praias do teu corpo esquecido

as súas augas

corpo que recupera a memoria  
do naufraxio de ser tempo  
apodrecido nas palabras

*(Praia Ladeira/ inverno de 1998)*



o silencio das mareas

a súa luz

solpor que medra  
nuns ollos que son tempo  
cortiza de sombras  
soidade na ausencia

a propia ollada é o poema

escoita a súa luz

*(A Ramallosa, Nigrán/ inverno de 1998)*





dende que conciencia o mar,  
fragmentado antecomezo.

ao seu ditado non respondeu  
a forza da inocencia,  
a constancia do tempo,  
a submisión do final.

dende a sentina do amencer  
acariñamos o ventre das fillas precoces,  
aspiramos a disolución da vellez,  
aceptamos o despotismo das mareas.

os espazos interiores fixéronse voces cálidas  
que nos facían medrar sen corromper fidelidades.

contamináronse da desposesión.

filtraron a luz precisa para seguir a respirar  
e confiaron ao salitre  
o paradoxo de saber  
sen ter antes posuído.

*(Praia Ladeira/ verán de 2010)*

## *Docemente agreste*

---

MIRTA GOZZA COLL

Cómo chegamos ó Val Miñor?

Foi un longo percorrido, que acadou un gratificante destino.

Desembarcamos en Vigo, unha mañá de sol brillante do ano 1976. Polo que despois nos dixeron, era o primeiro día asollado, despois dun mes de chuvia seguida. “Bos agoiros”, pensei eu. A ría gabábase co seu azul intenso, e o verde de Galicia brillaba para nós, unha vez que a chuvia lle limpou as lagañas do inverno. Era nas fins de marzo, e a primavera temperá asomaba esplendorosa aquel día.

Habitamos un piso en Vigo, mais o noso soño era vivir nunha casa de campo, como en Buenos Aires, de onde viñéramos. Nun primeiro intento, case conseguimos ir vivir a Nigrán, mais distintos atrancos, especialmente económicos, non o permitiron. E seguimos a soñar con iso.

Mais, unha casualidade levounos á fin ao Val Miñor, en decembre do ano 1978. Foi a oportunidade de mercar unha casaña vella, un pardiñeiro na Fraga de Couso, no concello de Gondomar. Que diferente ó de hoxe era o Gondomar que coñecemos daquela! Houbo unha sorprendente evolución en todo o concello.

Tardamos anos en restaurar a casaña, mais gozabamos a súa evolución pouquiño a pouquiño, percorrendo mentres tanto a contorna, que nos marabillaba en cada paseo ou excursión que faciamos polos montes.

Foi unha fermosa e inesquecible época, de churrascos na primavera, magostos no outono, aniversarios infantís, festas de Entroido e relaxados meses de agosto, na nosa enxebre cabana do monte. Cada fin de semana ou nas pontes, corriamos alá cos coches ategados cos fillos e cos seus amigos.

Mais a vida seguiu facendo virar a roda do destino e, en 1987, comecei a traballar en Nigrán, tamén por un casual. Anos despois, cara a 1992, a causa de cambios laborais tiña que botar máis horas en Nigrán que en Vigo. No camiño de ida, paraba en Patos para extasiarme diante do mar, sempre diferente. Ás veces, na súa excitación de espuma branca, outras dun xeito apracible, case melancólico, e outras adusto e aceirado, apenas suavizado por algún raio de luz que se coaba entre unha nube descoidada. Eses intres de relax e pracer permitíanme iniciar a miña tarde laboral con mellor talante.

E así, aos poucos, empecei a sentir a necesidade de converter o goce esporádico da casa do monte en algo permanente, vivindo todo o ano nesta terra. Con ese desexo empezou a odisea de buscar unha leira no concello de Nigrán, mais abouxada co sentimento triste de ter que vender a nosa casa de Couso. Aquilo foi o peor, representaba moito para nós e non resultou nada doado, mais, finalmente, decidímonos, mercamos en Nigrán e deixamos Couso.

Cando nos instalamos en Nigrán, hai agora 15 anos, eu xa levaba nove traballando aquí. Quizais por iso non sentín ningún desarraigo no cambio de lugar. Ó mudámonos, algúns amigos vigueses diciannos que Nigrán é ideal para o verán, pero triste no inverno, sobre todo cando chove. Ó meu ver, porén, é mais triste ver chover no asfalto, que contemplar a choiva sobre o verde ou escoitar o canto do vento na follaxe. Un pracer que aínda se pode gozar no noso Val Miñor é o de deleitarse cos sons da natureza, contemplar como o sol derradeiro lle dá a súa luz dourada ó Galiñeiro, producindo un fermoso contraste co verde que se ensombrece na súa aba, ou descubrir a lúa branca e redonda entre as árbores do monte veciño, nas claras noites de plenilunio. Son momentos máxicos, difíciles de gozar desde a fiestra dun piso de cidade.

Vivir no Val Miñor é un privilexio de gran valor. A súa variada paisaxe, o seu microclima, a xente sinxela, todo o fai especial. Ás veces, non somos ben conscientes do que podemos gozar, só con erguer a ollada. Noutros lugares, ver o solpor é un atractivo turístico máis, que bares e restaurantes explotan comercialmente. Aquí temos os solpores máis espectaculares do mundo, lentos poemas en movemento que se len unha e outra vez e son sempre diferentes. Unhas veces acesos de paixón e outras tímidas luces entre a néboa do mar e, nos veráns, rebuldeiras tardiñas xogando ás agachadas coas illas Cíes.

Por suposto, non todo nos comprace; hai cousas que nos contrarian neste fermoso lugar.

Mais, se ben é certo que aínda quedan cousas que deben mellorar, como a mobilidade, os servizos, as infraestruturas, etc., e que todo iso nos preocupa, é tamén certo que cada día imos tendo máis facilidades para esta comunidade. E se os tres concellos que a compoñen son quen de axuntar forzas e proxectos, poderemos conseguir moitas máis. E sobre todo, creo que deberíamos loitar para que este «docemente agreste» Val Miñor non perda a súa autenticidade en mans da especulación e do mal entendido progreso.

Como nos relacionamos no Val Miñor?

Pois, non sei se é cuestión de adaptabilidade persoal, pero pola miña banda, síntome coma se sempre vivise neste lugar. En realidade, sentínome máis estranxeira en Vigo que no Val Miñor. Aquí temos amigos entrañables con quen compartimos moi variadas diversións: excursións, cine, teatro, concertos, seráns, festas, conferencias, política, debates... ou simplemente tranquilas reunións.

Por todo iso, estou completamente convencida de que o feito de ter afectos verdadeiros, unido a vivir en tan espectacular natureza, son dous factores que melloran moito a calidade de vida de calquera persoa, a calquera idade.

En definitiva, Nigrán constitúe ese lugar no mundo que cando regresas dunha viaxe, sentes que é o fogar cálido e acolledor. E sen saíres del, sentes que aquí está o que verdadeiramente che fai feliz.

---

## RETRINCOS

- *Cum subit illius.*  
Demetrio López Garrido
- *Francisco Fernández del Riego.*  
Xilberte Manso



## *Cum subit illius*

---

**IEM**

*Para Carlos Méixome e Cruz Juárez esta composición ribeiras de río Negro (Nigrán) ao día seguinte de que as Brigadas dos Mártires de Al Aqsa, brazo armado do movemento Al Fatah, executaran a un mozo palestino acusado de “colaboración con Israel”, no momento en que o exército israelí comezaba a súa incursión en Ramala. O presunto colaboracionista, Raed al Liftawi, foi colgado polos pés na praza central da cidade autónoma cixordana, para mofa dos alí concentrados.*

que non  
que non son pombas que no parque acoden  
ao reclamo xentil desocupado  
os seus ollos

¡colaboracionista!

liftawi foi colgado polos pés  
na praza maior

unha foto estimulante  
a figura ao colocarse  
nun dos tercios  
a mirada no canto de pararse no centro  
desprázase por todas as cuadrículas

un xoven espétalle o coitelo no peito

tampouco  
tampouco son bubelas fedorentas  
a súa fronte maternal

cara o coitelo  
ao traveso do brazo que o empuña  
e de novo ao motivo o rostro ensanguentado

lúas e estrelas

nin os latexos  
nin os latexos segue da romántica lúa  
o seu corazón

¡colaboracionista!

e no primeiro termo o vistoso  
pano da cabeza  
tercio inferior esquerdo contribúe  
a dar profundidade  
de campo

o río negro  
o río negro da súa mente escarva  
galerías de toupa no xardín  
baixo a pía fiel dos hibiscos  
mais co cuspe primaveral do outono  
abrirá para ela os pétalos de fogo  
rosa de siria

nenos acantazando carros de combate

*Demetrio López Garrido*

#### NOTA

A elexía de Ovidio “Cum subit illius tristissima noctis imago...” tivo lecturas moi diversas –o que é normal– pero non sempre foi interpretada nos termos en que o poeta a concibiu. O punto de partida foi, efectivamente, a lectura do xornal *La voz de Galicia* nas ribeiras do río Negro, ese arroio que vai dar a praia América onde se xunta coas augas do río Muíños. Efectivamente, hai na composición catro puntos de vista: o periodístico, o político, o fotográfico e o poético, que coincide coa visión da nai do executado. Unha nai a quen aquel momento deixou valeira de sentimentos: nin ama (pombas), nin odia (bubelas) nin reza (lúa, a media lúa islámica): o único que fai é, como un autómatas, recoller o corpo do seu fillo e darlle sepultura na terra (xardín dos hibiscos con pía, onde no outono brotarán as rosas de Siria; entre as variantes dos hibiscos están as rosas de Siria, as rosas de Alexandría e as rosas de China).

## *Francisco Fernández del Riego*

**XILBERTE MANSO**

Facer loubanzas das persoas que xa non están con nós é un xeito de lembrar a súa memoria e, moitas das veces, un exercicio de cinismo ou hipocresía, pois dínse cousas dos ausentes que non se dixeron en vida e parece como si a morte fora unha amósega que marca os tempos para a benevolencia e os agasallos póstumos. As loas e os parabéns, as homenaxes hai que facelas cando os seus destinatarios poidan ouvilas e gozalas. Despois de mortos só fican na nosa memoria, pasado o tempo, os verdadeiros, os auténticos, os que si deixaron pegada nos nosos corazóns e no sentimento non finxido. Isto don Paco sabíu moi ben e de aí a súa derradeira lección ao ditar a súa última vontade e as ordes para deixar este mundo sen facer moito ruído, quixo irse sen enterro multitudinario nin velorios teatrais, nos que moitos actores viñesen a figurar nunha obra para a que el non deixou papel escrito. Ata niso foi quén de ser mestre e guía.

Poñer en letra as palabras xustas para agradecer a don Paco del Riego a entrega dunha vida enteira polo país, a lingua e a terra, resulta difícil despois de botarlle unha ollada a todo o que dil se leva escrito e dito nos últimos anos. Unha personalidade como a súa non se resume tan facilmente nin se pode limitar a gabar calqueira das súas angueiras a prol da Galiza que soñaron un día él e os que lle precederon dende o Seminario de Estudos Galegos, o Partido Galeguísta, Galaxia, a Real Academia Galega da Lingua... un home que o viviú e sentiú todo en plenitude, entregándose de cheo na defensa daqueles valores que sobordaban os intereses persoais e calquera outro egoísmo, tan naturais nas persoas que poñemos na nómina das mellores. Él, don Paco, foi todo entrega e xenerosidade, e aínda que pareza un tópico, e un dos vos e xenerosos, dos que levan na fronte unha estrela, dos que levan no bico un cantar... unha estrela que ha de alumar mentres exista memoria de país e Galiza exista, mentres fiquen no mundo poetas e vates que escriban e canten na nosa lingua nai.

No noso universo particular, entre a nómina dos que este país lles debe o seu ser, no paseo que habería que facer cos seus nomes fincados no chan, temos xa chantada a estrela de don Paco del Riego, a carón de Castelao, de Bóveda, Tobío,







Otero, Rosalía, Curros, Murguía... e tantos outros aos que lle debemos a memoria de ser quen somos.

No Val Miñor deixa Francisco Fernández del Riego unha pegada fonda, moi fonda, pois unha vez máis xeneroso, foi quen de agasallarnos con parte da biblioteca da súa casa de Lourido para que o Instituto de Estudos Miñoranos encetara e seguira adiante co labor de crear unha biblioteca e un arquivo que recollese todo aquilo que falase do Val Miñor, así como as especializadas nas diversas áreas ou seccións que, a imaxe do Seminario de Estudos Galegos, tentamos levar adiante dende a nosa fundación. Por problemas alleos a vontade de don Paco e do IEM, hoxe eses libros están na Biblioteca Pública de Nigrán, para a que esperamos un mellor e máis céntrico local, que satisfaga as necesidades dos seus usuarios e medre coma unha árbore que don Paco sementou de raíz para ollala ao lonxe vizosa e frondosa, con nenos e maiores gozando dos froitos depositados nos seus andeis á man de todos. A Biblioteca Francisco Fernández del Riego do Val Miñor.

Foi aló polo ano 1999, pouco despois da data da fundación do IEM, cando nos propuxemos facerlle como xesto de honra, ben merecido, unha homenaxe. Así foi como despois de iniciadas as xestións se chegou a solicitude formal que a Xunta de Goberno do Instituto de Estudos Miñoranos, na súa xunta ordinaria do 30 de agosto, acordou solicitar á Corporación de Nigrán e a seu Alcalde-Presidente o inicio do procedemento para nomear fillo adoptivo do Concello de Nigrán a don Francisco Fernández del Riego.

*Consideramos que se hai alguén no que se poden personificar os avatares da cultura e da lingua galega ao longo do século XX é na extraordinaria vida e obra de*



*don Francisco Fernández del Riego, entregada sen reservas ao engrandecemento cultural de Galicia. Así con estas palabras consta na acta da Xunta de Goberno do IEM do sete de setembro de 2002 .*

O 19 de outubro do 2002 o pleno da Corporación Municipal facía realidade o proxecto do IEM e posteriormente no Pazo da Touza en Camos, tivo lugar unha sesión de honra na que don Paco foi agasallado por amigos e veciños que o acompañamos. Despois de escoitar os discursos de homenaxe viñeron as súas verbas de agradecemento, sempre sinxelas e fuxindo de protagonismos dos que non gustaba. Entre outras dixo:

“...sinto unha profunda satisfacción pola identidade co país e pola representatividade que teño, non oficialmente senón consustancialmente, con Galicia.

Toda a miña vida lla adiquei a Galicia. Unha vez que me reencontrei e tiven sentido do que é o noso país, do que é a súa cultura, do que é a súa lingua, fixen profesión de fe, de actividade e traballo ao servizo deste ideal.”

Abofé que así foi. Que o seu exemplo nos guíe e nos permita tentar imitalo. Que a barca de Caronte o leve a bo porto e non lle cobre a portaxe, deixouna xa ben paga. Mentres os miñoráns, como el dicía, e toda Galicia, temos unha débeda por pagar para a que el deixou o primeiro prazo pago, ser máis respectuosos e amantes do noso . Con versos de Celso Emilio que el ben coñecía, o noso adeus e ata sempre don Paco, vostede xa é unha estrela que, como Castelao, brillará sempre no firmamento de Galiza .

*...berce da miña estirpe,  
Galicia, doce mágoa das Españas,  
deitada rente ao mar, ise camiño...*

Val de Miñor, novembro de 2010.

## AS NOVAS DO IEM 2009

---

*Textos:* Pilar Barreiro / Bruno Centelles (IEM)

- *Memoria histórica*
- *As tertulias do IEM*
- *I e II Premio de poesía Vitoriano Taibo*
- *Conferencias*
- *Celebración do Día Mundial do Medio Ambiente*
- *Congreso sobre educación e emigración*
- *Curso de verán da Universidad Internacional Menéndez Pelayo*
- *Proxección do documental “Es esa foto”*
- *Defensa e posta en valor de Patrimonio*
- *Día das Letras Galegas*
- *Exposicións*
- *Premio Nano Cambeiro*
- *Premio Roberto Vidal Bolaño*
- *Presentación De Libros*
- *Presentación Do Rem*
- *Xeiras*



## Memoria Histórica

---

IEM

O 13 de abril de 2009, arqueólogos do IEM inician a exhumación dos cadáveres dos nove veciños da comarca que foron vilmente asasinados, na Volta dos Nove, o 15 de outubro de 1936 “...atáronos, vendáronlles os ollos e fusiláronos... sen máis delito que seren membros de sindicatos agrarios ou mariñeiros; os nove homes foron asasinados en vinganza da morte dun garda civil a mans de dous republicanos que defendían a súa vida...” -así o contan os vellos, que recordan aquel 15 de outubro de 1936.

A represalia tiña que ser sonada, así que os falanxistas achegáronse ata o Frontón de María Berdiales de Vigo e escolleron nove homes, aos que levaron ao seu último “paseo”. Déronlles morte nunha das curvas da estrada de Baredo; dende entón, aquel lugar pasou a chamarse A Volta dos Nove; e malia os intentos de silenciar a matanza, nove cruces pintadas -unha e outra vez-, recordaban o acontecido. Os teimudos esforzos dos veciños foron os que conservaron ata hoxe o recordo daqueles nove que, como tantos outros, quedaron en gabias e foxas do país.

Eran Manuel Aballe Domínguez, Felicísimo Antonio Pérez Pérez, Elías Alejandro Gonda Alonso, Manuel Francisco Lijó Pérez, Modesto Fernández Rodríguez, Fidel Leyenda Rodríguez, José Rodríguez González, Manuel Barbosa Durán e Generoso Valverde Iglesias.

Catro cruces presiden actualmente a tumba colectiva coñecida como “A da Volta dos Nove”, que non ten ningún tipo de inscrición e onde os veciños adoitan depositar flores.

Tralo fracasado intento, acordouse, en reunión cos familiares, colocar unha placa cos nomes dos asasinados na Volta dos Nove no mesmo lugar no que foran soterrados. O acto ía ter lugar no cemiterio de Baiona o 17 de outubro de 2009; pero ante o noso abraio e indignación, o Concello -con Vázquez Almuíña á fronte- prohibe a colocación da placa na súa lembranza, no lugar que razoablemente lles correspondía.

Así que, ese día, celebramos, cunha ofrenda floral e doses de amargura, o setenta e tres aniversario dos asasinatos da Volta dos Nove “agardando que o goberno Muni-



Detalle dos traballos de exhumación.

principal reconsidera a súa actitude que non só incumpre claramente a Lei da Memoria Histórica senón que supón unha evidente afronta aos familiares e ás persoas que consideran un valor democrático o recoñecemento público das vítimas da sublevación militar fascista de xullo de 1936...”.

En abril de 2009, o labor dos nosos arqueólogos, permitiu confirmar o que era unha certeza oficiosa para a nosa entidade, descubrinto no concello do Rosal -a ambos os dous lados da igrexa parroquial de San Xián-, dúas foxas comúns nas que se localizaron os cadáveres de cinco vítimas da comarca miñoará.

As desta parroquia do Rosal foron as primeiras foxas comúns abertas en virtude do convenio de colaboración da Consellería de Cultura e do Instituto de Medicina Legal de Santiago, co que colabora o IEM ao amparo da Lei da Memoria Histórica (o que foi posible grazas ao intenso traballo efectuado por membros do noso Instituto en rexistros civís, arquivos históricos, mantendo contactos cos familiares...).

Os traballos de campo efectuados por un equipo de arqueólogos integrado por Xosé Lois Vilar, Roberto Rodríguez, Eduardo Méndez e Arantxa Getino (que contaron coa axuda doutros membros do IEM -Xilberte Manso, Carlos Méixome e Xosé María Bouzó-), procuraron determinar a identidade dos corpos atopados nas foxas -en colaboración co forense, doutor Fernando Serrulla.

Nunha delas estarían Abilio Araujo Barbosa (avó de Antón Araúxo -rexedor gondomareño naqueles momentos-) e Manuel Prudencio do Rosario (ambos os dous xornaleiros de nacionalidade lusa que casaran con veciñas de Gondomar); ademais dun mozo -que non estaba inscrito no rexistro- que se chamaría Manolo (do que se sabe que traballaba no forno de Laureana).

Os tres foran asasinados na madrugada do 11 de febreiro de 1937 (a causa de disparos da Garda Civil -segundo consta no rexistro civil do Rosal-). O día anterior,



Detalle dos traballos de exhumación.

foran detidos e trasladados ao cárcere de Gondomar (nos baixos do actual Concello). O que alí pasou só o saben eles, pero a súa tortura coñeceu en todo o municipio (golpeados con cadeiras e mesas, esa noite os berros sentíronse en todo Gondomar). Despois, foron conducidos ata San Xián -na estrada cara a A Guarda-. Alí foron asasinados. Os veciños, cunha escaleira, subíronos ata a capela onde os soterraron na foxa común.

O pecado que cometeran fora estar afiliados a sindicatos da comarca do Val Miñor; as súas ideas avanzadas despertaran as iras dos adeptos ao Movemento.

Os restos mortais dos homes soterrados na foxa situada á esquerda da igrexa apareceron enteiros -un boca abaixo, outro cara a arriba e outro de lado- e nun estado óptimo para lograr a súa identificación (o Instituto de Medicina Legal, con sede en Santiago, será o encargado de elaborar os informes definitivos).

Na foxa situada á dereita da igrexa, atopáronse dous corpos (ambos os dous cun burato na cabeza). Respecto da súa identidade, todo apunta a que un dos corpos sexa o dun veciño de Nigrán, concretamente o de Joaquín de la Iglesia Portela (de 64 anos, viúvo e casado en segundas nupcias con Dolores Portela; concelleiro electo en 1931, destituído polo goberno dereitista do Bienio Negro e repostado novamente polo voto cidadán no 36).

Había meses que Carlos Méixome -director do IEM- recibira unha chamada dun veciño da Ramallosa dicíndolle que mataran ao seu pai no 36 e que o enterraran en San Xián, á sombra dunha figueira.





Ofrenda floral no cemiterio de Baiona.



Público asistente á ofrenda floral.



Os nove nomes no lugar onde foron soterrados.

A investigación completouse tomando mostras de ADN dos familiares (aos que se interrogou para coñecer detalles dos seus antepasados que puidesen axudar na identificación).

Trátase dun proceso que levará uns cinco ou seis meses (os restos deberán ser sometidos a un proceso de secado; logo analizaranse para descubrir se houbo maltrato, deformación, golpes...; posteriormente procederase ao proceso de comparación de ADN e á identificación). Finalmente entregaranse os corpos aos seus familiares.

Para os descendentes, recuperar os corpos supón acabar co “estigma” sufrido durante anos...

*“A barbarie fixérona tan ben feita que ás propias vítimas inoculáronlles medo e terror de por vida, facéndoas sentir culpables, estendendo unha xustificación deses feitos, dicindo que o que pasara non tiña que ver co réxime franquista senón que fora motivado por desavinzas entre veciños. Quen mataba sabía moi ben por que. Asasinaban á xente máis comprometida e onde podían sementar máis terror...”* (Antón Arauxo).

## *As Tertulias do IEM*

---

PÍLAR BARERIRO / BRUNO CENTELLES

As tertulias do IEM –iniciadas no 2002- foron promovidas como intercambio de palabras (*porque a palabra é un lugar de encontro plural e amigable*), e coa finalidade de achegar á nosa comarca –para que compartisen con nós as súas experiencias- persoas que son un referente nas súas respectivas actividades profesionais, científicas ou culturais. Con esta actividade cultural (baixo o título *O autor e a súa obra*) conseguimos achegar ata o Val Miñor a moitas das personalidades culturais máis relevantes do país.

Na actualidade, a conferencia-coloquio mensual (a poder ser os primeiros venres de cada mes) ten lugar na nosa sede (Aula de Cultura Ponte de Rosas en Gondomar); a posterior cea co convidado ou convidada –onde se pode continuar o diálogo iniciado no coloquio- segue a ser no Pazo da Escola en Gondomar.

Neste 7º CICLO DE TERTULIAS (de novembro de 2008 a xuño de 2009) tiveron un peso especial os relatorios económicos e científicos, participando:

**Xavier Vence Deza** (catedrático de Economía Aplicada da USC) que centrou a súa intervención na actual crise económica “*A crise financeira e o fracaso do modelo liberal. Propostas e alternativas*”. Foi presentado por Xosé Manuel García Crego (técnico editorial e membro da Xunta de Goberno do IEM).

**Xosé Ramón Doldán García** (profesor de Economía Aplicada da USC e ex director do Instituto Enerxético de Galicia), que participou co relatorio “*A enerxía nun mundo en crise. Respostas desde Galiza*”. Presentou ao convidado o empresario Roberto Valverde.

**Carlos Pajares Vales** (catedrático de Física de Partículas e ex reitor da Universidade de Santiago). Compartiu con nós algunhas das súas experiencias –con 1.200 físicos de 105 institucións- intentando reproducir as colisións polas que pasou o primeiro instante do universo no acelerador de partículas –a cen metros baixo terra- en Suíza. Foi presentado por Salvador Rodríguez Muñoz (profesor de Física e Química).

**Marilar Alexandre** (Catedrática de Didáctica das Ciencias da USC). É tamén unha das escritoras galegas cunha obra máis consolidada e recoñecida –de literatura infantil, xuvenil e de adultos- (*A formiga coxa*, *A expedición do Pacífico* –Premio da Crítica de Galicia en 1995-, *Tránsito dos gramáticos* –finalista do Premio Xerais de Novela en 1992-, *Teoría do Caos* –Premio Xerais 2001-...). Ademais, colabora en



Xavier Vence Deza.



Xosé Ramón Doldán García.



Carlos Pajares Vales.



Marilar Alexandre.



Xosé Antón Fraga Vázquez.



Xoán Ramón Vidal Romaní.



Rosa Aneiros.

distintas revistas sobre cultura e literatura... Foi presentada pola profesora e poeta Marta Dacosta.

**Xosé Antón Fraga Vázquez** (doutor en bioloxía e director dos Museos Científicos Coruñeses) disertou sobre “*Darwin, historia dunha teoría científica revolucionaria*”. Esta vez, o convidado foi presentado polo profesor Xosé Ramón García.

**Xoán Ramón Vidal Romaní** (Doutor en Xeoloxía pola Universidade Complutense de Madrid; catedrático de Xeodinámica da Universidade da Coruña e director do Instituto Universitario de Xeoloxía Isidro Parga Pondal). A presentación estivo a cargo de Eduardo Méndez Quintas


**Rosa Aneiros** (Xornalista e narradora; investigadora da Sección de Comunicación do Consello da Cultura Galega; colaboradora habitual de distintos medios de comunicación). Como escritora, Rosa Aneiros é autora de novelas e de libros de literatura infantil e xuvenil (*Resistencia, Veu visitarme o mar, A pé do abismo, O xardín da media lúa, Os ourizos cachos e o gran río gris, Sol de Inverno, Ás de bolboreta...*).

A súa obra -traducida ao castelán e ao portugués- recibiu diversos recoñecementos (Premio Modesto Rodríguez Figueiredo -Pedrón de Ouro, 1998-; o Manuel Lueiro Rey -1996-; o Manuel Murguía -2001-, o Carvalho Calero -2001-, o Losada Diéguez -2005-, Premio Xerais de Novela 2009, Premio Fundación Caixa Galicia de Literatura Xuvenil 2009...).

## *I e II Premio de Poesía Vitoriano Taibo*

---

IEM



O IEM -en colaboración coa Entidade Local de Morgadáns- decidiu promover un certame literario que ademais de posibilitar a creación poética en lingua galega, servise ao mesmo tempo para honrar a figura de Vitoriano Taibo (escritor e intelectual profundamente comprometido coa nosa cultura), reclamando para él o posto que lle corresponde na historia da literatura galega.

Foi en Xuño de 2008 cando se convocou o *I Certame de Poesía Vitoriano Taibo* (para premiar textos poéticos -orixinais e inéditos-, escritos en lingua galega, de temática libre e cunha extensión non inferior a trescentos versos).

Ademais da cantidade económica de 3.000 euros, o premio ofrece unha escultura -creada por Fino Lorenzo para este certame- e a publicación da obra premiada.

O xurado estaría formado por persoas de recoñecido prestixio no ámbito literario (Marta Dacosta, Gonzalo Navaza e Araceli Gonda), ademais do presidente da Entidade Local de Morgadáns e o director do IEM.

No I Certame (que contou cunha alta cifra de participación e con traballos de elevada calidade) resultou gañador Carlos Negro (profesor de Lalín e escritor cunha interesante obra poética) coa súa obra *Cultivos transxénicos*. O acto de entrega do premio tivo lugar o 14 de novembro de 2008 nas Escolas de Guillufe en Morgadáns (dentro do programa de actos deseñado para honrar a figura de Vitoriano Taibo).

É en febreiro de 2009 cando se convoca o II Premio de Poesía Vitoriano Taibo (coas mesmas bases da edición anterior). Nesta convocatoria houbo tamén unha participación salientable.

O 31 de agosto o xurado anuncia os finalistas: *Road Movie*, *Antítese da Ruína*, *Cuarto Minguante*, *As crebas e República do Desacougo* e *Biografía da Multitude*.



Marta da Costa, M.A. Mourriño, C. Meixome e G Navaza.



Silvia Penas e Elvira Riveiro.



Urbano Esmerode, presidente da Comunidade Menor.



Mª do Carme Caramés.

Fotos: B. Centelles

Finalmente, a segunda edición do Victoriano Taibo de poesía, premiou dous poemarios e tres autoras, que se repartirían os tres mil euros cos que está dotado o premio. O xurado escolleu como vencedores ex aequo do certame, os poemarios *Cuarto mingunte* de María do Carmen Caramés Gorgal e *Biografía da multitude* escrita a dúas mans por Elvira Riveiro e Silvia Penas.

Sobre *Cuarto mingunte*, o xurado sinalou que “nos descobre a dor dunha nai frustrada pola morte prematura do seu fillo, a quen invoca e recorda durante todo o poemario con altura poética e sinceridade”.

De *Biografía da multitude*, o xurado destacou “a vontade de crítica ao sistema e a deconstrución estrutural para darnos unha visión deste presente que é, en realidade, un abismo que separa o pasado do futuro”.

O acto de entrega tivo lugar o 28 de novembro nas Escolas de Guillufe en Morgadáns.

## Máis novas do IEM

---

IEM

### CONFERENCIAS

Ademais dos tradicionais faladoiros (sobre o autor e a súa obra), o IEM organiza interesantes conferencias de variada temática. Durante o 2009 destacaron as seguintes:

“*Parques Eólicos na Serra da Groba, unha oportunidade para o desenvolvemento rural?*” (febreiro de 2009). Charla organizada en colaboración coa Plataforma SOS Groba e impartida polo profesor de Economía Aplicada da Universidade de Vigo Xavier Simón Fernández..

“*A Historia da Terra*” e “*Exploración paleontolóxica: unha chamada á aventura*”. Durante o mes de marzo, a profesora Purificación González presentounos ao xeólogo da Universidade Complutense de Madrid Francisco Anguita (experto en percorrer as eras xeolóxicas) que narrou como un rigoroso historiador diferentes aspectos do nacemento e a vida do planeta; e ao paleontólogo Juan Carlos Gutiérrez Marco, científico titular do Consello Superior de Investigacións Científicas que conseguiu entusiasmar ao público coas súas experiencias.

### CELEBRACIÓN DO DÍA MUNDIAL DO MEDIO AMBIENTE (XUÑO DE 2009)

Con motivo da celebración do Día Mundial do Medio Ambiente, organizáronse (en colaboración co Concello de Gondomar e a Comunidade de Montes de Peiteiros) diferentes actividades:



Foto: B. Centelles

O día 3 –na Aula de Cultura Ponte de Rosas– tivo lugar a proxección do documental de Manuel Garci sobre a vida das lampreas e dos salmóns nos ríos galegos; celebrándose, a continuación, unha mesa redonda -sobre este e outros aspectos do río Miñor- na que participaron o propio Manuel Garci (biólogo mariño e realizador subacuático), Alfredo López (biólogo e coordinador da CEMMA) e Manuel Angel

Pombal (biólogo e profesor na Universidade de Vigo que leva máis de vinte anos investigando o desenvolvemento das lampreas e o seu sistema nervioso).

O día 6 realizouse un paseo pola beira do río Morgadáns ata os Muíños da Serra (saída guiada por Alfredo López que explicou aspectos da flora e fauna do río).

## CONGRESO SOBRE EDUCACIÓN E EMIGRACIÓN NO CENTENARIO DA FUNDACIÓN DAS ESCOLAS PROVAL

O Instituto de Educación Secundaria no que hoxe estudan centos de alumnos/as, foi unha escola pioneira -moi innovadora na súa época-, na que recibiron educación varias xeracións de xentes da nosa comarca, promovendo un grande avance no nivel educativo da zona.

A construción do edificio foi posible grazas ás contribucións dos emigrantes canalizadas a través da Unión Hispanoamericana Valle Miñor.

No ano 1909 empeza a funcionar na Ramallosa unha escola fundada por emigrantes retornados de Arxentina e Uruguai integrantes das chamadas Sociedades de Instrución que trataban de formar á poboación para desprendela do atraso secular que representaba Galicia fronte á modernidade da sociedade americana (as Sociedades de Instrución abriron máis de 300 escolas en toda Galicia –ao Val Miñor tocáronlle dúas: a Proval en Nigrán e a dos Fillos de Morgadáns en Gondomar-).

Aquel pequeno colexio deu paso, en só seis anos, ás Escolas da Unión Hispanoamericana Valle Miñor que hoxe alberga o IES Proval. O centro utilizaba técnicas pedagóxicas de vangarda con clases prácticas, obradoiros, laboratorios diversos...

O IES Proval, para conmemorar o seu centenario –e recuperar a historia do instituto-, analiza aqueles acontecementos no I Congreso de Educación e Emigración en Galicia 1900-1936 en colaboración co IEM e mailo Arquivo da Emigración Galega celebrado do 29 de xuño ó 3 de xullo de 2009.

Neste congreso combináronse conferencias con proxeccións, exposicións (*Nós mesmos* -que resume máis dun século de historia do asociacionismo galego na emigración-; a *Aula de Indianos do Mupega*; a maqueta a grande escala do Edificio histórico das Escolas Proval...) e actos lúdicos (saídas, sesións de regueifas, recitados de cancións tradicionais e de poemas...). Non faltaron as testemuñas de antigos alumnos/as e unha mostra de fotografía que remitía aos primeiros anos de funcionamento do centro de ensino.

Profesores universitarios e de Educación Secundaria impartiron interesantes charlas:

Carlos Sixirei Paredes: *Mutualismo, beneficencia e instrución.*

Miguel Cabo Villaverde: *O movemento agrarista e as escenas de confrontación e de renovación ideolóxica en Galicia.*

Uxío Bregán Diéguez: *Xénese e evolución do nacionalismo no primeiro terzo do século XX. Educación, formación patriótica e soberanismo.*

Ruy Farias: *Papel dos centros galegos como difusores culturais na emigración: moito máis que instrución formal.*

Raúl Soutelo: *A emigración galega a América.*



**Prezo matrícula:**  
(Dúctil peñicón-corrivo)  
Normal: 40 €  
Estudantes e parados: 30 €

A ingresar no número de conta:  
2080 - 0035 - 11- 0040023076

Enviar os datos a:  
direccion@iemhor.org  
ou enviar boletín de matrícula á  
Aula de Cultura "Pronta de Rosas"  
Avda. de Feira 10, baixo  
Apartado 30, 36360, Gondomar

**Emigración e Educación (1900-1936)**  
I Centenario das Escolas da  
Unión Hispano-Americana Valle Miñor (1909-2009)

**Organiza:**

- IES "Escuelas Proval"
- IEM (Instituto de Estudos Miñoranos)
- Arquivo da Emigración do Concello da Cultura Galega

**Comité Científico:**

- Antonio Vaya Coomonte, Dpto. de Teoría de Educación (USC)
- Xosé Manuel Núñez Beiras, Dpto. de Historia Contemporánea e de América (USC)
- Xurxo Beramendi, Dpto. de Historia Contemporánea e de América (USC)
- Vicente Peña Saavedra, Dpto. de Teoría de Educación (USC)
- Hermenio Barreiro Rodríguez, Dpto. de Teoría de Educación (USC)
- Sabela Rivas Barrés, Dpto. de Pedagogía e Didáctica (UCG)
- Jesé Luis Iglesias Salvado, Dpto. de Pedagogía e Didáctica (UCG)

**Comité Organizador:**

- Carlos Méixome Quinteiro (IEM)
- Xosé Manuel Malheiro Gutiérrez (UCG)
- Miguel Martínez Méndez (IES Escuelas Proval)
- Xitarte Manza de la Torre (IEM)
- Xosé Manuel Cid Fernández (Unigo)
- Mar Lorenzo Méndez (USC)

**Colaboran:**

USC, IEM, Deputación de Pontevedra, UNIVERSIDADE DE COCUBA, MUNICÍPIO DE GALLICIA, CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**Congreso Emigración e Educación (1900-1936)**

I Centenario das Escolas da Unión Hispano-Americana Valle Miñor (1909-2009)

29 de xuño a 3 de xullo  
IES Escuelas Proval (Nigrán)

Pilar Cagiao Vila: *A muller na emigración.*

M<sup>a</sup> Xosé González Chamorro: *A experiencia aínda viva: ex alumnos e ex alumnas.*

Xosé M<sup>a</sup> R. Iglesias Veiga: *Os edificios escolares na evolución da arquitectura galega de finais do XX e primeira metade do XX.*

Carlos Méixome: *Eladio Ferreiro Otero (1905-1966). Notas biográficas sobre o educador.*

Álvaro Peralta: *Hijos de Morgadán e o seu proxecto escolar.*

Xoán Carmona Badía: *A economía galega do primeiro terzo do século XX.*

X. M. Cid Fernández: *As influencias pedagóxicas da intervención escolar.*

Antón Costa Rico: *Os mestres necesarios colaboradores do movemento renovador.*

X.M. Malheiro Gutiérrez: *A "Unión Hispanoamericana Pro Valle Miñor". As escolas da Unión Hispanoamericana.*

Rosa Pascual: *Dous benfeitores Manuel Losada e Manuel Lemos.*

Narciso de Gabriel: *O panorama educativo galego no primeiro terzo do século XX.*

Lourenzo Fernández Prieto: *A Galicia da Restauración (1900-1931).*

Dionisio Pereira: *Proletariado e loita de clases na Galiza de entreguerras.*

Miguel Cabo Villaverde: *O movemento agrarista. Escenas de confrontación e de renovación ideolóxica en Galicia.*

Miguel Santos e Mar Lorenzo: *Emigración e Inmigración na Galiza de hoxe: consecuencias para a educación.*

Ademais, o programa contou coa participación de Ramón Villares -director do Consello da Cultura Galega- que deu a lección inaugural co relatorio *Vellas e novas olladas sobre a emigración galega* e Xosé Manuel Beiras Torrado que impartiu a conferencia de clausura "Falando sobre emigración".



## CURSO DE VERÁN DA UNIVERSIDAD INTERNACIONAL MENÉNDEZ PELAYO

En colaboración coa UIMP organizouse –en maio de 2009- un curso de verán centrado na arqueoloxía -con especial atención ao patrimonio arqueolóxico do Val Miñor e Baixo Miño- no que participaron recoñecidos expertos no tema, tanto a nivel galego como a nivel estatal ou internacional.

O curso (*O Patrimonio arqueolóxico no Val Miñor e Baixo Miño: Modelos de aproveitamento sostible e didáctica ambiental*) estivo dirixido a estudantes, profesorado e profesionais interesados en ampliar a súa formación neste período histórico.



*Obradorio arqueolóxico dirixido por Xosé Valtierra.*



*Conferenciantes e organizadores.*



*Inauguración do curso de verán.*



*Conferencia de Antoni Canals Salomó.*



*Inauguración do curso de verán.*



*Conferencia de José Zilhao.*



*Obradorio de paleolítico medio impartido por Manolo Ledo.*

Os diferentes especialistas trataron a situación actual e as perspectivas de futuro do patrimonio arqueolóxico desta zona e tamén as experiencias que se están levando a cabo noutras partes do estado español e portugués (casos de Viladonga, Conimbriga, Atapuerca ou Foz Côa, por exemplo); descubriendo ademais as enormes posibilidades didácticas que nos ofrece o patrimonio histórico.

Os relatorios completáronse con obradoiros (de talla de sílex, de obtención do lume...) e propostas didácticas para aprofundar no coñecemento da Prehistoria e da investigación arqueolóxica.

Ademais visitáronse lugares de interese histórico (petróglicos de Agua da Laxe, monte e castro de Santa Trega, mosteiro de Oia, monumento da Volta dos Nove...).

Xosé Luís Barreiro Rivas (director da UIMP) pechou as xornadas e procedeu á entrega dos diplomas ás persoas asistentes.



Alvaro Peralta presentando o seu documental "Es esa foto".



Carlos Meixome, director do IEM, presentando a Alvaro Peralta e a Estela Colianeri.

## PROXECCIÓN DO DOCUMENTAL "ES ESA FOTO"

As proxeccións (de películas, documentais...) son outras das actividades culturais propias do IEM. Nesta ocasión trátase da longametraxe documental de produción independente do uruguaio Álvaro Peralta Techera –o seu guionista e director– baseado nunha investigación sobre a memoria e identidade de Héctor Castagnetto da Rosa, detido e desaparecido o 17 de agosto de 1971, en Montevideo. Con este relato o autor intenta dar conta dunha realidade complexa: os baleiros e temores que quedaron rexistrados na memoria individual e colectiva dos uruguaios, produto desta práctica do terrorismo de Estado).

*Es esa foto* gañou o Premio Alberto Mantaras –ao mellor documental uruguaio– outorgado pola Intendencia Municipal de Canelones, no Segundo Festival Internacional de Cine Documental do Uruguai ATLANTIDOC.

## DEFENSA E POSTA EN VALOR DE PATRIMONIO

No 2009 colaboramos coa Concellería de Cultura de Nigrán para poñer en valor monumentos significativos do concello a través de paneis informativos, libros e folletos que afondan na súa historia e nos personaxes históricos relacionados con cada un deles.

Nunha primeira fase incluíronse: os petróglifos de As Pinisas Pequenas en Panxón e As Requeixadas en Priegue; os asentamentos romanos na zona da Madorra; o Outeiro dos Mouros, base do desaparecido castelo de Santa Helena en Parada; o arco visigótico de Panxón; o Templo Votivo de Panxón, obra do arquitecto Antonio Palacios; os pazos de A Touza, Cadaval, Cea e Pías; o Cruceiro da Lama; a Torre de Méndez; a igrexa de Parada; as capelas das Angustias e San Campio; a casa abacial de Nigrán; a casa de Sueiro Iáñez e a ponte románica da Ramallosa.

O IEM encargouse da selección dos bens revalorizados (representando todos os períodos desde a Prehistoria ata o século XX) de escribir os textos dos paneis e de elaborar os folletos e libros explicativos.

Este proxecto estivo financiado cunha subvención de 25.000 euros da Concellería de Cultura. Nós consideramos que esta iniciativa que pon en valor as “marabillas” do patrimonio nigranense debería ir acompañada de labores de limpeza e recuperación dos monumentos, considerándose prioritaria unha actuación –para enxalzar o seu valor histórico e cultural- no arco visigótico de Panxón (escavación da zona, proxecto integral para rehabilitar o contorno...). Trátase dun arco xermánico case único no país -xa que hai moi poucas manifestacións artísticas xermánicas en Galicia- que se atopa nun evidente estado de abandono -a pesar de ter sido declarado Ben de Interese Cultural.

Este traballo foi coordinado polo director da sección de Arqueoloxía Eduardo Méndez.



*Carlos Meixome, director do IEM cos concelleiros Xosé Lois Gutiérrez e Anxo Valverde presentando o traballo Marabillas do Patrimonio de Nigrán.*



Xulián Moure presentando a Miguel Barros, Fernando Pérez Barreiro e Xosé Lois Méndez Ferrín.  
Fotos: B. Centelles

## DÍA DAS LETRAS GALEGAS

O Día das Letras Galegas é un día de exaltación da lingua de Galicia a través da súa manifestación literaria. Comezou a celebrarse o 17 de maio de 1963, coincidindo co centenario da primeira edición de *Cantares Gallegos* de Rosalía de Castro.

O 20 de marzo de 1963, tres membros da Real Academia Galega (Manuel Gómez Román, Xesús Ferro Couselo e Francisco Fernández del Riego) presentaron nesta institución a proposta de celebrar o día 17 de maio de cada ano como “*Día das Letras Galegas*” para “*recoller o latexo material da actividade intelectual galega*”.

*Estimaban que o libro rosaliano editado en 1863 “fora a primeira obra mestra coa que contou a literatura galega contemporánea... deulle prestixio universal á nosa fala como instrumento de creación literaria... e representou un fito decisivo na historia da renacencia cultural de Galicia...”.*

A Academia aprobou a proposta, por unanimidade; e dende aquela dedícaselle este Día a unha figura significativa da literatura galega, conseguíndose que esta celebración tivese un alcance e unha significación extraordinarios (sendo moi ben acollida non só a nivel literario senón tamén nos ambientes populares).

Como non podía ser doutra maneira, o IEM dedica tamén os seus esforzos a divulgar a vida e obra da personalidade homenaxeada cada ano no Día das Letras Galegas.

Con motivo do Día das Letras Galegas 2009 –dedicado a Ramón Piñeiro– o mércores 22 de abril organizamos -na Aula de Cultura Ponte de Rosas- unha mesa redonda sobre Ramón Piñeiro e a política na que participaron Miguel Barros Puente, Fernando Pérez-Barreiro Noia e Xosé Luís Méndez Ferrín. Este acto foi moderado por Xulián Moure.

Os convidados á mesa expuxeron as súas vivencias –na relación persoal mantida con Piñeiro– e déronnos a súa visión sobre esta figura das nosas letras.

Ademais, participamos na Semana das Letras 2009 organizada polo concello de Nigrán, impartindo unha conferencia -con Xosé Lois Vilar como relator- sobre toponimia costeira (acto que tivo lugar o 12 de maio de 2009).

## *Exposicións, presentacións e xeiras*

---

IEM

### **MOSTRA DISGRESIÓNS 2004-2008 DO ARTISTA MIÑORANO FINO LORENZO**

Primeira mostra artística organizada polo IEM na súa nova sede (de mediados de marzo a mediados de abril de 2009).

Exposición de arte abstracta de Fino Lorenzo -artista nacido en Sabarís- onde o autor mostra unha obra abstracta e conceptual que emprega novos soportes e novas técnicas, que sen dúbida sorprendería a quen xa apreciara as súas acuarelas e ilustracións.

Reúne nesta grande exposición o seu traballo dos últimos catro anos. Óleos sobre loneta, algodón ou liño, cheos de forza cromática; humildes caixas de cartón ou esculturas a xeito de inmóbiles móbiles unidos por un único e equilibrado punto de contacto, elaboradas con materiais pobres, dende anacos de tubo, tiras de cartón ou papel, arames ou variñas de madeira en formas improvisadas como nun só de jazz, do que tanto gusta o artista.

No acto inaugural interveu o arquitecto Antonio Soliño que fixo un percorrido pola traxectoria artística de Fino Lorenzo. No acto houbo tamén unha actuación do grupo 2US de jazz -un xénero que inspira ao artista.



157



## I MOSTRA DE EMBARCACIÓNS TRADICIONAIS NA COMARCA

Participamos nesta I Mostra de Embarcacións Tradicionais -na comarca- en colaboración co Concello de Nigrán e o Club Marítimo Marisma da Ramallosa (mostra que conta co patrocinio da Consellería de Pesca).

Unha dúcia de embarcacións tradicionais das Rías Baixas (dornas, un bote polbeiro, gamelas, buquetas e botes de Carril, Noia e a Ría de Vigo) expuxéronse –en marzo de 2009- no paseo da Ramallosa. Ademais, como complemento da mostra, organizáronse obradoiros didácticos (dirixidos por Xosé Valtierra) cos que se pretendía dar a coñecer a toponimia propia das zonas de costa e o traballo que desenvolven os mariñeiros.

O día 28 –no marco de dita mostra- presentamos dous libros relacionados co mar de Xosé Lois Vilar Pedreira: *Talasonimia da costa sur de Galicia e Os nomes do mar de Baiona e Panxón* (dirixidos ao público adulto e infantil respectivamente).

## DAS COLECCIÓNS PRIVADAS I (do 29 de abril ao 6 de xuño de 2009)

Exposición formada por obras procedentes de coleccións privadas, nomeadamente do Val Miñor. Entre elas figuraban pezas de artistas tan relevantes como:

Eduardo Arroyo, Juan Navarro Baldeweg, Leopoldo Nóvoa, Antoni Clave, Din Matamoros, Fernando Casás, Francisco Leiro, Xuxo Vázquez, Armando Guerra, Berta Cáccamo, Luís Gordillo, Antonio Saura, Lodeiro, Silverio Rivas, Rafael Baixeras, Fino Lorenzo, Laxeiro, Rosana Cásano e Anke Blau.





### VÍCTOR LORENZO/ESULTURAS (do 17 de xuño ao 24 de xullo de 2009)

Este escultor miñorán compaxina esta actividade coa militancia no grupo PsicoPornoRock *Doctor Harapos*.

Do seu traballo interesáronnos especialmente as pezas máis espontáneas e frescas; e -salvo excepcións- realizadas en madeira (constante presenza do material sen disfrazar, labrado sempre de xeito intencionadamente rudo e directo).

Ante estas presenzas hieráticas e silenciosas, chamaba a atención a relación obsesiva e dependente que Víctor Lorenzo mantén coa figuración. Necesítaa. É unha referencia imprescindible, ata o punto de construír as súas figuras atendendo á escala real (as que quedan por debaixo desta escala, mostran unha feitura máis esquemática e expresionista).

Presentamos obras que Víctor Lorenzo non expuxera anteriormente; pezas que, nun momento de dúbidas e titubeos do autor, abrían camiños por seguir, territorios por explorar...





## EXPOSICIÓN DO MUPEGA (AULA DO PRIMEIRO TERZO DO S. XX)

Durante o mes de agosto tivemos exposta na Aula de Cultura Ponte de Rosas a reprodución dunha aula educativa do primeiro terzo do século XX (pupitres, mesas, materiais educativos...) preparada polo Museo Pedagóxico de Galicia. Non se trataba só de reproducir unha aula típica dos anos corenta do pasado século, senón tamén de recoller a memoria educativa do pasado inmediato e do presente. Mudan aulas e métodos, pero non a necesidade de aprender...

## PREMIOS DE ARQUITECTURA GRAN DE AREA

En setembro de 2009, acollemos na nosa sede -en Gondomar- a exposición dos Premios Gran de Area de Achea á Arquitectura 2008 (instituídos pola delegación viguesa do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia).

Estes premios -promovidos con carácter anual- teñen como obxectivo resaltar a calidade arquitectónica dos proxectos e as obras de edificación (tanto de nova planta coma de reforma, xa sexa restauración, rehabilitación ou ampliación). Nesta edición, cinco dos proxectos expostos -en distintas fases de construción- localizábanse no Val Miñor.

No acto inaugural do 11 de setembro interviñeron Salvador Fraga -presidente da delegación viguesa do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia-; Antonio Soliño -que fixo posible que esta exposición chegase ata o Val Miñor- e dous dos arquitectos premiados (Nuria Campos e José Luís Varela Alén) por obras realizadas no Val Miñor (unha vivenda en Morgadáns e outra no Ceán).






### PINTURAS E GRAVADOS (1972-2009) DE ARMANDO GUERRA

De mediados de outubro a mediados de novembro do 2009, tivemos expostas obras deste pintor e gravador pioneiro da abstracción galega.

Armando desenvolveu -durante máis de corenta anos- un traballo continuo e coherente do que se desprende unha fe cega nas posibilidades da pintura.

Baixo a aparencia dun lirismo exultante, a obra deste artista (caracterizada pola frescura e luminosidade das cores vibrantes, as lixeiras transparencias que descubren as texturas e relevos da tea, a súa xeometría ondulante e orgánica na que se albisca unha afastada orixe figurativa, o inmediato do firme trazo...) agocha un intenso rigor construtivo, razoado paso a paso, froito dun intenso cara a cara coa pintura. Armando interésase polo proceso de construción. Todo o tempo que necesitou a obra para realizarse está aí, condensado sobre a tea, ante os nosos ollos. Todas estas consideracións son válidas tanto para a pintura como para o gravado -campo no que Armando Guerra sobresaee sen discusión-. Respectados críticos sinalárono como fundamental no devir do gravado galego en calquera das súas variantes e posibilidades. Os seus traballos condensan unha expresividade desbordante coa meticulosidade e sabedoría do máis hábil artesán.





### MAQUETAS DE XUXO VÁZQUEZ

Expoñer as maquetas que Xuxo Vázquez constrúe habitualmente como preámbulo á súa obra pública, constituíu unha gran lección, por ser un dos obxectivos máis desexados dende o inicio das programacións.

Algunhas das maquetas expostas (construídas en aceiro, ferro, madeira, plástico ou metacrilato) corresponden a obras xa realizadas. Outras –inéditas– eran aínda proxectos en busca dun espazo... Nelas, Xuxo Vázquez -partindo de figuras e conceptos moi simples- ofrécenos complexas e minuciosas engrenaxes, torsións insólitas e desenvolvementos sorprendentes...





## EXPOSICIÓN DE FOTOGRAFÍAS “COUSO NO TEMPO”

En decembro de 2009, a Asociación Cultural Novos Aires da parroquia gondomareña de Couso -en colaboración co IEM e coa Comunidade de Montes da parroquia- organiza a presentación do libro *Memoria de Couso* e a mostra de fotografías antigas *Couso no tempo* (ambos os dous traballos permitiron aos veciños e veciñas recordar os seus antepasados, así como os costumes perdidos hai décadas).

Xosé Antón Araújo -vocal da Asociación que preside Daniel Dios-, iniciou, hai dous anos, a recollida de imaxes na veciñanza, conseguindo reunir unhas duacentas instantáneas (datadas –as máis antigas- en 1890).

A selección de fotos ofrecía imaxes do traballo no campo, das festas patronais, das vodas, reunións familiares e paisaxes irrecoñecible na actualidade (a importancia do papel da emigración na historia recente de Couso tamén quedaba recollida na mostra):

*“Moitas das imaxes pertencen a emigrantes que, hai case un século, eran os únicos que podían permitirse ter unha cámara fotográfica e retratar escenas da parroquia para levalas consigo a América...”.*



## PREMIO NANO CAMBEIRO

Premio establecido polo Instituto de Estudos Miñoranos en memoria do xornalista e amigo Nano Cambeiro (un dos principais fundadores, animadores e directivos do Instituto).

O Premio Nano Cambeiro recaeu na súa sexta edición en Antonio Valverde Alonso pola súa serie de relatos breves *“Cruceiro de San Campio”*.

A Xunta de Goberno do IEM decidiu, por unanimidade, galardoar os escritos deste vigués de orixe miñorá, *“polo carácter de lembranza, de memoria das xentes e das paisaxes dun Val Miñor que foi...”*

Trátase dun conxunto de relatos costumistas, de lembranzas de xentes do Val Miñor que o autor coñeceu directa ou indirectamente, e que foron e seguen a ser publicados baixo o rótulo de *“Cruceiro de San Campio”* na web [www.valminor.info](http://www.valminor.info) dirixida por Pedro Telmo Rodríguez Castro (que merecera no seu momento o mesmo recoñecemento do premio Nano Cambeiro).

Galería de personaxes singulares protagonistas dunha época –arredor aos anos 50 do século pasado-, e que nalgún momento protagonizaron algún feito insólito que circulou de boca en boca.

*“Mergullou na vida das xentes sinxelas, populares no Val, xentes que os nosos avós atopaban na rúa ou traballando un oficio, ou vendendo peixe na praza, esperando o tranvía, contando contos ou dando clases...: O Cristo Loureiro, A Coxa, o Bardo de Baiona; os Terribles de Donas, Latino Salgueiro...”* (Carmen Parada –no prólogo do libro-).

As páxinas, ilustradas polo debuxante Alfredo López Fernández –Tokio-, convértese na memoria da comarca, unha memoria persoal do cotián.



Os relatos xurdiron como afección para manterse ocupado despois de xubilarse e ao mesmo tempo deixar constancia -para o futuro- dos feitos que ocorreron na súa infancia. Valverde comezou a súa serie de *“Cruceiro de San Campio”* sen pretensións, pero con moito agarimo: *“Quixen recompilar unha serie de lembranzas daqueles personaxes que eu coñecín, dignos de aparecer nun pequeno relato...”*

O vencello de Valverde coa comarca miñorá é moi forte, xa que, aínda que naceu en Vigo, pasou a súa infancia entre a cidade da oliveira e o Val Miñor, para logo asentarse a súa vida profesional en Madrid –aínda que sen perder de vista a súa querida comarca.

Valverde é neto de Manuel Alonso Pérez (que fóra secretario do concello de Gondomar e un dos artífices administrativos das Escolas Proval) e do mestre de obras Ángel Valverde Saines, da Cabreira, (ao que se lle debe o legado de casas tan singulares como a casa onde está a farmacia da Ramallosa).

Para Antonio Valverde, recibir este premio significou *“unha gran ledicia... nunca pensei que puidera acadar cos meus simples escritos un honor tan importante e tan bonito, ademais, porque foi establecido por xentes que se preocupan extraordinariamente do que sucede neste Val Miñor...”*

No acto de entrega do premio (que tivo lugar o 27 de marzo de 2009 na Aula de Cultura Ponte de Rosas) interviñeron –ademais do premiado- a profesora Pilar Barreiro –como presentadora-; Miguel Anxo Mouriño –que falou do contido do libro; Tokio –como ilustrador- e Fernando Casás –autor da peza escultórica que se entrega aos premiados-.

Na reunión ordinaria do 22 de setembro de 2009, a Xunta de Goberno do IEM acordou, por unanimidade, conceder o premio -nesta sétima edición-, ao Suplemento *Mensual A Peneira do Val Miñor* -do xornal *A Peneira*-; tanto polo seu esforzo na difusión e análise da realidade miñorá realizado ao longo destes dous últimos anos, como por incardinarse na iniciativa xornalista do xornal *O Miñor* que impulsou Nano Cambeiro, unha das mellores mostras de prensa local que houbo no país. Agora o esforzo da empresa editora de *A Peneira* vén retomar e continuar o labor que Nano Cambeiro iniciara.



## PREMIO ROBERTO VIDAL BOLAÑO

O Instituto de Estudos Miñoranos recibe –nun acto celebrado o 20 de xuño do 2009– o VI PREMIO ROBERTO VIDAL BOLAÑO (galardón anual que entrega a ASOCIACIÓN REDES ESCARLATA, “recoñecendo publicamente persoas e institucións que se distinguen na loita pola emancipación de Galiza e das súas clases populares”).

Para a Asociación Redes Escarlata, o IEM –un dos símbolos do labor da cultura de base de Galicia– é merecente deste premio “*polo traballo intenso e frutífero que este colectivo desenvolveu nestes últimos tempos a favor da cultura galega, a partir das súas investigacións multidisciplinares na vella Terra de Turonio*”.

O xurado (integrado por Xurxo Martínez, Carme Hermida, Elvira Riveiro, Xosé A. Laxe Martiñán e Xosé L. Méndez Ferrín) destaca que o IEM “*está ao servizo do conxunto da sociedade sen exclusións, propiciando, desde posicións de independencia, o consenso das diversas forzas sociais, culturais, económicas e políticas, a prol do eixe principal da súa actuación: o estudo, divulgación e protección do patrimonio*”, procurando ademais “*a salvagarda e promoción da nosa identidade, do noso idioma e a nosa cultura, entendendo a realidade miñorá como integrada no ámbito xeral da sociedade galega*”.

Durante o acto –conducido por Anxo Angueira–, Elvira Riveiro –en representación da Asociación Redes Escarlata– fixo un fermoso discurso, O BOSQUE DO COMPROMISO, sobre o que o IEM representaba:

*Velaquí o bosque, velaquí a fronde miñorá. Velaquí a espesura do compromiso intenso, fondo, a vexetación do desexo que devén movemento ou forza transformadora. Velaquí o bosque.*

*As árbores deste bosque chantan as súas raiceiras nun humus tan nutritivo como brioso. A súa cofia extrae da terra a presenza dos que foron semente: Volta dos Nove, fosa de San Xián, Memoria.*



Carlos Meixome recibindo o premio Anxo Anqueira.



Forte aperta de Méndez Ferrín e Meixome.



Anxo Anqueira.



Elvira Riveiro autora da peza agasallada ó IEM.

*(Aparte 1: O sistema pseudodemocrático en que vivimos, herdeiro directo do fascismo, teima en non recobrar a lembranza dos asasinados, teima en manter monumentos aos asasinados. O Instituto de Estudos Miñoranos ponse manifestamente á beira dos silenciados, dos que aínda non recuperaron o lugar que lles corresponde).*

As árbores deste bosque acariñan a pedra labrada nos tempos en que a historia se escribía esbocando nas laxes: Chan do Cereixo, Outeiro dos Lameiros, Monte Tetón, Auga da Laxe... O que fomos. O que somos.

*(Aparte 2: Hai quen na súa catividade só alcanza a ver o beneficio fácil e depre-dador, hai quen quere vendernos ao tizaro capital que ignora e destrúe o patri-monio común con aspas e sen elas. Doutra banda, o Instituto de Estudos Miño-ranos recupera, pon en valor, defende, difunde un patrimonio material e inmaterial dunha fertilidade extraordinaria e única).*

As árbores deste bosque gorecen nomes que nos cinguen ao caudal colectivo: Xosé M<sup>a</sup> Álvarez Blázquez, Francisco Fernández del Riego, Lois Tobío, Victoriano Taibo...





Xosé Lois Méndez Ferrín disertando na Volta dos Nove.

*(Aparte 3: Nun momento en que o liberalismo atroz, o neofascismo revestido cun sorriso tan permanente como falso, acomete a infame tarefa de desposuír á multitude da súa historia, dos dereitos máis fundamentais, dos logros conseguidos con décadas de sangue, da lingua dos avós que temos mortos... O Instituto de Estudos Miñoranos honra a aqueles que empeñaron a vida en rescatar e dignificar a nosa historia, a nosa lingua, a nosa literatura).*

A sombra das ponlas vigorosas deste bosque teima en custodiar as arterias que nos ligan á terra... SOS Groba. Somos a Groba. Somos Monteferro. Resistencia. Reinsistencia.

Nesta espesa foresta acubíllase o recoñecemento e a difusión do labor daquelas que no presente contribúen coa escrita á rica biomasa da lingua de noso. De aí o premio de xornalismo Nano Cambeiro, o premio de poesía Victoriano Taibo: a palabra rutilante.

Estamos a falar dun bosque pródigo en especies, polivarietal, polícromo, polifónico... mais unido no comunal esforzo de fortalecer a varcia vizosa do idioma: “Talasonimia da costa sur de Galicia”, “Os nomes de Gondomar”... Porque non é só o idioma o que está ameazado, senón a nosa propia capacidade lingüística.

Xeiras multitudinarias, faladoiros, publicacións, conferencias, presentacións, homenaxes... a fraga miñorá é, tal como reloce no verso indócil, un remanso altivo e coroado de quimeras.

O VI Premio Vidal Bolaño, que hoxe entregamos, pretende ser un recoñecemento público daquela persoa ou colectivo que destaque polo seu compromiso coa emancipación das clases populares, na súa diversidade de expresións de loita e resistencia, e coa construción da República Galega, coa



Intervención de Pepe Crego no Restaurante Rocamar.

súa cultura, coa súa lingua. Así se pode ler nas súas bases. Así mostramos hoxe a nosa solidariedade co valiosísimo traballo multidisciplinar que nos últimos dez anos vén desenvolvendo o IEM.

Así honramos este fecundo bosque, porque

*É neste bosque onde os límites acordan e  
se confunden de vértice e se amparan...*

Nesta xornada, todos e todas puidemos gozar do recitado de poemas efectuado por poetas mozos das Redes Escarlata.

Participaron tamén no acto alumnos/as e profesoras do CEP da Cruz (colexio no que temos colaborado nalgúns dos seus proxectos didácticos), ofrecéndonos unha representación (con imaxes proxectadas) sobre a historia da lingua galega.

Rematado o acto houbo unha comida de confraternidade no Restaurante Rocamar. Despois de xantar visitamos o Monumento da Volta dos Nove e efectuamos un percorrido pola Serra da Groba.

Os responsables do IEM acollemos o galardón con orgullo; primeiro polo recoñecemento que se fai ao noso labor; pero tamén, “*por vir de quen vén*” -un premio da xente da cultura galega- e polo persoeiro que dá nome ao premio -Roberto Vidal Bolaño- (polo que significou para o teatro e a cultura galega).

Sentímonos satisfeitos por ter sido capaces de manter unha actividade continuada ao longo destes dez anos de andaina, o que foi posible grazas “*a un grupo de persoas comprometidas que consideran que o estudo e coñecemento do Val Miñor paga a pena*”; “*grazas á militancia cultural dun conxunto de persoas que traballamos desinteresadamente en defensa dunha cultura e unha lingua que está diminuída...*”



## PRESENTACIÓN DE LIBROS

Unha actividade destacable –entre as promovidas polo noso Instituto-, é promover espazos e lugares de encontro para entrar en contacto coa cultura dos libros (ao longo destes anos procuramos que narradores, poetas, investigadores, editores... puidesen ter acubillo aquí, no Val Miñor, para poder presentar e falar das súas obras máis recentes).

Varios foron os escenarios nos que se realizaron estes encontros (Casa da Cultura de Gondomar, Biblioteca Municipal de Baiona, Pazo de Mendoza, Pazo da Touza, Capitanía Marítima de Baiona, Aula de Cultura Ponte de Rosas...).

Este “amor” polos libros queda fielmente reflectido no artigo *Morreu un poeta* que escribiu Xilberte Manso –membro da Xunta de Goberno do IEM- en homenaxe ao poeta Antón Tovar:

*“Morreu un poeta. Todos días morre un poeta. Pero este era o meu poeta, amigo e mestre sen el sabelo. Si. Foi o meu mestre de galego na escola libre das lecturas da xuventude e da adolescencia. Antes que Rosalía, Curros e Celso Emilio, que chegaron despois. E foino porque era meu veciño de barrio, que andaba a pasear o can polos mesmos recunchos do barrio onde eu xogaba, polas mesmas rúas e vagantíos nos que xogabamos ao fútbol, ás bolas, ás chapas e ás buxainas. Alí onde comeza a ladeira do Montealegre –onde nacín- e que máis adiante foi patria común dos amores mozos, eses que duran sempre.*

*Foi o meu poeta de cabeceira co seu libro “Arredores”, meu primeiro libro en galego, moito antes de que, xa no COU, tiver que facer lecturas obrigadas e facer traballos para aprobar a materia de literatura.*

*Vino nunha noticia do xornal coa súa foto e entón descubrín que aquel home da gorra e do cigarro sempre na boca, que andaba a correr detrás dun can, era el, o poeta Antón Tovar...*

*...“Arredores” de Antonio Tovar... Estaba alí, no escaparate da librería da praza maior de Ourense, debaixo dos soportais. Vino moitas veces e sempre dubidaba, ata que un día xuntei as corenta pesetas e decidínme a entrar e mercalo. Foi un tesouro barato. O meu veciño de barrio, aquel que fumaba tanto, era poeta, poeta en galego; e falaba nos seus versos das cousas que pasaban nas rúas de Ourense e no seu pobo. Falaba dos tollidos, dos tolos, dos vellos, das margaridas, da lúa, de Galiza, da chuvía, do viño do ribeiro, do outono... Aqueles poemas foron a miña escola de galego escrito e a punta do fío do nobelo que dende aquela ando a debandar para tecer un traxe que lle acaia ao meu corpo de galego inxel que procura non destacar na paisaxe, pero si ser parte dela...*

*Morreu o home, máis quédanos para sempre o poeta...*

*Eu vou, de cando en vez, ás páxinas dos seus libros, a mergullarme nesa fala que coma el, durante tantos anos, está a morrer e non morre. A buscar a nenez e as paisaxes onde aínda canta o eixo do carro cargado de feo, onde se albiscan os solpores máis belos do mundo e se soñan futuros amenceres cheos de esperanza...*

*Amigo Tovar, tira xa a caxata e vai indo polas veigas florecidas dos poetas inmortais. De vez en cando, cando te lembres, deixa caer para esta terra que tanto amaches unha raiola de esperanza na boca dun novo poeta que beba o zume dos teus versos e sexa quen de crear regos na sementeira da nabeira que ti araches...*

*¡Ai dos que levan na fronte unha estrela, ai dos que levan no bico un cantar!*



### A REVOLUCIÓN DOS GLOBOS (de Alfonso Álvarez Cáccamo).

O 12 de marzo de 2009, na Aula de Cultura Ponte de Rosas, o profesor Henrique Porto presentou ao autor desta obra editada por Galaxia (unha novela que se desenvolve en Gurzonía, un país que non existe, que só se alicerza na creatividade do mundo infantil).

### GUÍA DAS PLANTAS DE GALICIA (do profesor Xosé Ramón García)

Ademais do autor, estiveron presentes Fran Alonso –pola editorial- e Xilberte Manso –que presentou o libro-, destacando esta guía como un instrumento imprescindible para o coñecemento básico da flora de Galicia, xa que permite identificar as especies que os estudosos e afeccionados poden atopar nas súas saídas ao campo.



### PRESENTACIÓN REM

Un dos obxectivos do noso Instituto é a publicación dunha revista de periodicidade anual dedicada á análise da realidade comarcal. Esta publicación adoita incluír investigacións rigorosas; un apartado sobre arte e outro de literatura de opinión e creación (baixo o epígrafe O meu Val Miñor), e a sección *As novas do IEM* –na que se recollen as actividades organizadas pola entidade cultural durante o ano.

## XEIRAS Guiadas por X.L. Vilar e Xilberte Manso



### NAÚTICAS

Dentro do programa das Xeiras, tiveron un papel destacado as XEIRAS NÁUTICAS (saídas a bordo do Nauja -organizadas en colaboración coa CEMMA- por lugares de interese da costa do Val Miñor -cantís de Monteferro, Illas Estelas, Costa de Cabo Silleiro, Serralleiras, Illas Cíes...-).

O Nauja é un barco de madeira -tipo motoveleiro- construído en 1930 en Dinamarca (cunha eslora de vinte metros, unha manga de cinco, e dous mastros cos seus correspondentes panos). O barco posúe unha ampla e despexada cuberta, estando completamente equipado para unha navegación segura e á vez clásica (mantendo ese ar que desprenden os barcos antigos -como así o demostra a súa inconfundible figura-).

Este barco fora apresado en augas de Almería con sete toneladas de droga a bordo. Concedida a cesión de uso e custodia á SEC -Sociedade Española de Cetáceos-, no mes de setembro de 1999 inicianse os traballos de restauración por parte de membros desta organización.

O obxectivo foi preparar o barco para poder realizar campañas de investigación e educación ambiental (desenvolvendo estas actividades no Mediterráneo ata o ano 2001). O Nauja foi, finalmente adquirido por Acquavisión (desenvolvendo agora en Galicia as súas actividades).



A bordo do Nauja nunha xeira náutica

Estas xeirias náuticas serviron para observar, dende o mar, singulares enclaves (algúns deles incluídos na Rede Natura 2000 e mesmo no Parque Nacional das Illas Atlánticas)

Durante as travesías, tivemos a oportunidade de achegarnos á fauna mariña mediante a observación de aves e de cetáceos (toniñas, arroaces, golfiños...).

Aproveitamos tamén para “ilustrarnos” sobre a toponimia do mar (os nomes con que os mariñeiros recoñecen os lugares de pesca e identifican as *marcas* utilizadas para orientarse na navegación).

Unha das xeirias realizouse coa comunidade escolar de Camos (dentro do proxecto de traballo OS NOMES DA TERRA. OS NOMES DO MAR que foi merecente do Premio Antonio Fraguas do Museo do Pobo Galego).

Sen dúbida estas xeirias (efectuadas maioritariamente no 2008 e 2009) foron moi divertidas, instrutivas e emocionantes.

## OUTRAS XEIRAS



*Combinación circular monumental do Monte Tetón.*



*Charla de Xosé Lois Vilar no Centro Cultural de Pedornes.*



*Xilberte Manso alumeando un petróglifo nunha visita nocturna.*



*Abundante público no petróglifo da Laxe das Sombriñas en Tourón (Pontecaldelas).*



*Contemplando a escena de caza do petróglifo do Nabal de Martiño (Tourón, Pontecaldelas).*



*Nun petróglifo da área arqueolóxica do Outeiro dos Lameiros (Sabaris, Baiona).*



*Detalle da Pedra do Labirinto de Mogor (Marín).*



*Xeira pola Portavedra (Mañufe, Gondomar).*

*Xosé Luis Vilar nunha xeira nocturna.*





*Detalle das armas do petróglifo de Auga da Laxe.*



*Eduardo Méndez explicando o petróglifo da Auga da Laxe.*



*Xosé Ramón García dirixindo unha xeira diurna.*



*Xilberte Manso e Xosé Ramón García quitando unha xeira pola Serra da Groba.*



*Xilberte Manso falando na visita ás Abelas (Mañufe, Gondomar).*



*Na Caseta do Montouto.*



## ÍNDICE DE COLABORADORES E COLABORADORAS

---



**GOZZA COLL, MIRTA LUZ**

(Bos Aires, 1946)

Estuda Secretariado e tamén fai un curso na empresa IBM, que lle permite traballar durante máis de 10 anos en “Goodyear”, no departamento de Procesamento de Datos, nos inicios da informática nas empresas. Mentres tanto, obtén o diploma de Proficiency in English, no Liceo Británico de Bos Aires. No ano 1976, trasládase a Vigo co seu home e un fillo de dous anos e traballa durante dous anos en Citroen, no departamento de Informática. Seguidamente empeza a impartir clases de inglés nunha academia en Nigrán e posteriormente abre a súa propia academia de linguas, tamén en Nigrán. O ensino, a súa segunda andadura profesional, resúltalle moi gratificante, pois goza intensamente das relacións coa xente nova e moi especialmente coas nenas e nenos do lugar. Actualmente xubilada, atópase completamente integrada na sociedade galega e participa activamente no BNG de Nigrán.

**LÓPEZ GARRIDO, DEMETRIO**

(Baños de Molgas 1944)

Licenciado en Filosofía e Letras pola Universidade Complutense de Madrid. Profesor de Lingua e Literatura Castelás no IES nº 1 de Vigo. Na actualidade reside en Nigrán. No nº 3, 2003 da Revista de Estudos Miñoranos recolléronse os seus poemas “Carpe diem” e “Elexía”.

**MANSO DE LA TORRE, XILBERTE**

(Ourense, 1958)

Realizou os primeiros estudos e o bacharelato no Colexio Cardeal Cisneros de Ourense, onde era director Xaquín Lorenzo Fernández “Xocas”, que deixou nel unha fonda influencia. Licenciado en Filosofía e Ciencias da Educación, especialidade de Psicoloxía, pola Universidade de Santiago de Compostela. Profesor no ensino secundario no IES Escolas Proval de Nigrán noutra das especialidades as que lle dedicou unha parte importante da súa vida, a Educación Física e o deporte. Adestrador de varias modalidades deportivas, dirixiu Escolas deportivas e Clubs de Ourense e Vigo no deporte do Hocquei Herba, nos que ligou, hai xa vinte e cinco anos, a Psicoloxía ao deporte, por aqueles tempos algo novo no noso país. Ten participado no asociacionismo veciñal ourensán. Retirado do deporte competitivo, participa no asociacionismo cultural dende a xunta do goberno do IEM e das seccións de Arqueoloxía, Etnografía e Ciencias Naturais. Reside en Panxón, Nigrán.

**MARTÍNEZ GONZÁLEZ, XURXO**

(Vigo, 1984)

É licenciado en Filoloxía Galega pola U. de Vigo e elabora a súa tese sobre o xornal *La Oliva* (1856-1857) integrado no equipo de investigación GAELT. Publicou estudos de diferente materia (*La Oliva*, Sarmiento, Villar Ponte, Luís Soto...) en revistas como *A Trabe de Ouro*, *Grial*, *Glaucofis*. *Boletín do Instituto de Estudos Vigueses*, *Boletín Auriense* ou en *Arraianos*. Colaborou en *Vieiros*, n *A Peneira*, *Novas da Galiza* e actualmente escribe en *Galicia Confidencial* e *Altermundo*. En 2007 publicou *Fuco Gómez* (AGER) e neste ano sairá do prelo *Luís Soto. A xeira pola unidade* (Edicións Xerais). Preside o Colectivo Cultural A Nave das Ideas (<http://anavedasideas.blogaliza.org/>) e é autor do blogue *O marmurio das ondas* (<http://omarmuriodaonda.blogaliza.org/>).

**MAURE RIVAS, XULIÁN**

(Vigo, 1941)

Doutor en Filosofía e Letras. Foi profesor de Lingua e Literatura castelás e no IES “Val Miñor” de Nigrán do que foi director durante varios anos. Presidiu a Asociación de Tradutores Galegos (ATG), onde dirixiu a Biblioteca Virtual [www.bivir.com](http://www.bivir.com), promovida por el no ano 2000. Foi fundador de Edicións Xerais de Galicia (1978-1983); primeiro Subdirector Xeral do Libro, Bibliotecas e Patrimonio documental da Xunta de Galicia (1983-1984). Publicou diversos estudos, en revistas especializadas, sobre o mundo editorial galego e sobre os problemas da lingua escrita; entre outros *Galicia sen libros. Informe sobre o libro galego* (1987), e a súa tese doutoral

*Para unha escriptoloxía da lingua galega*. Reside dende hai tres décadas en Nigrán. É membro da Xunta de Goberno do Instituto de Estudos Miñoranos.

**MÉNDEZ MARTÍNEZ, GONZALO**

(Pontevedra, 1958)

Gonzalo Méndez, doutor en Xeografía (USC, 1992, premio extraordinario de doutoramento) e Técnico Urbanista (INAP-MAP, 1987), é profesor titular de Xeodinámica Externa na Universidade de Vigo.

Centrou a súa actividade investigadora na relación medio ambiente-territorio, así como na cartografía (con especial atención á cartografía antiga) e a xeoloxía mariña e litoral, focalizándoas territorialmente en Galicia. Nestes temas participou en máis de 60 proxectos e contratos de investigación, con resultados reflectidos en máis de 200 publicacións. Dirixe o grupo de investigación interdisciplinar sobre Avaliación Ambiental Estratéxica da Universidade de Vigo.

Respecto da cartografía antiga, é autor de diversos traballos entre os que se poden destacar “Cartografía antiga de Galicia” (Deputación Provincial de Pontevedra, 1994, primeiro premio europeo FEST) e “Cartografía de Galicia, 1522-1900” (Universidade de Santiago, 2000, primeiro premio Ministerio de Cultura).

### OJEA VIDAL, JOSÉ RAMÓN

Natural de Pontearreas, reside desde 1977 en Nigrán. Adquire a súa formación informática na *Escuela Oficial de Informática en Madrid* e na sede de *IBM España*. No seu campo profesional desempeñou diversos cargos en empresas como COREN, PESCANOVA e INDUGASA. Actualmente é director de Sistemas de Información do Consorcio da Zona Franca de Vigo. As iniciativas seguintes encóntranse entre as súas responsabilidades máis destacadas

*Ardan* ([www.ardan.es](http://www.ardan.es)) Servizo de información de negocio desenvolvido polo Departamento de Servizos Avanzados Consorcio da Zona Franca de Vigo. Creado desde 1989, a súa principal misión é achegar ó público en xeral información empresarial con alto valor engadido.

*Gaelic* nace en 2001 como PRAI (Programa de Accións Innovadoras), baseado na estratexia da Unión Europea de Lisboa de marzo de 2000, conducido polo consorcio Zona Franca de Vigo. Co obxectivo de mellorar o acceso aos mercados de empresas galegas desenvolveu máis de 40 iniciativas para os sistemas de produción pesqueira e pedra natural. Foi desenvolvido en colaboración con vinte asociacións empresariais, administración rexional, administración central cinco corpos intermedios, tres bancos, tres colexios e cinco profesionais de Galicia.

*Lignum facile* ([www.lignumfacile.com](http://www.lignumfacile.com)). Rede promovida polo Consorcio, en colaboración con outras partes interesadas, creada para promocionar os valores diferenciais no uso e aproveitamento da madeira.

### RAMOS, BALDO

Nacido en Celanova en 1971, cultiva a súa vocación artística dende os 17 anos, cando comeza a escribir poesía. Remata a carreira de Filoloxía Hispánica na USC no ano 1994, na que tamén cursa o Doutoramento en Literatura Española e Hispanoamericana. Na actualidade dedícase á docencia no instituto de Valga e no curso 2000/01 foi profesor no IES *Escolas Proval* de Nigrán.

Como poeta ten publicado os seguintes libros: *Raizames* (2001), *A árbore da cegueira* (2002), *Los ojos de las palabras* (2002), *El sueño del murciélago* (2003), *Diario de una despedida* (2005), *Escura e transparente* (2005), *O ourego e o compás* (2006), *Branco sobre negro* (2007), *Monólogo do calígrafo* (2008), *Palimpsesto* (2009), *Palabras para un baleiro* (2009) e *A ferida de comprender* (2011).

Ten recibido os premios *Celso Emilio Ferreiro*, *Rosalía de Castro*, *Concello de Carral*, *María del Villar Berruezo*, *Ciudad de Tobarra*, *Arcipreste de Hita*, *Fiz Vergara Vilarino* e un accésit do Premio de Poesía Iberoamericana Víctor Jara.

Ten exposto individualmente en galerías de Galicia, Portugal e Madrid. É autor de máis de douscentos libros de artista de exemplar único.



### REINERO GONZÁLEZ, DAVID

(Nigrán, 1979)

É xornalista especializado en infraestruturas e ordenación do territorio. Licenciado en Xornalismo e Máster en Relacións Internacionais, traballou en *Atlántico Diario*, no departamento de comunicación da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e actualmente en *Xornal de Galicia*. Colabora co Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional (Igadi) e a Fundación Plácido Castro.

Gañador da III edición (2004) do Premio de Xornalismo Nano Cambeiro, que organiza o Instituto de Estudos Miñoranos.

### RÍOS, XULIO

(Moaña, 1958)

Licenciado en Dereito pola USC, é director do IGADI (Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional). Artífice de entidades como a Fundación Plácido Castro, o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade ou o Observatorio de la Política China, as súas últimas obras son *Nós no Mundo* (Galaxia, 2010) e *China en 88 preguntas* (La Catarata, 2010). Colabora con diversos medios de comunicación de diversos países, entre eles, os diarios *El País* ou *La Vanguardia*, *Brecha*, de Uruguai, ou *Cankao Xiaoxi*, diario chinés con máis de tres millóns de tirada. Dirixe *Tempo exterior*, revista galega de análise e estudos internacionais.

### SOUTO GONZÁLEZ, XOSÉ MANUEL

(1956, Vigo)

É doutor pola Universidade de Santiago de Compostela e Profesor de Xeografía e Historia do Ensino Secundario. Foi asesor de formación permanente do profesorado, profesor colaborador de formación inicial nas universidades de Alacante e Valencia. Tamén ten dirixido programas de formación sindical en CC.OO-PV. Os seus intereses concéntranse na didáctica da xeografía e na ordenación do territorio e urbanismo en Galicia. Sobre estas cuestións ten publicados varios libros e artigos como pode verse no seu amplo currículo (<http://www.ub.edu/geocrit/souto.htm>). Con Marta Souto publicou en 1991 *O Val Miñor, entre as transformacións rurais e as innovacións urbanas*, editado pola Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación de Vigo. Actualmente é tamén profesor na Universidade de Valencia e dirixiu varias memorias de licenciatura e teses doutorais nas universidades de Valencia, Sevilla, Lisboa e Vigo.

### TÁBOAS VELEIRO, MARÍA TERESA

(Cidade de México, 1961)

Filla de emigrantes ourensáns, nace e fórmase na cidade de México, onde remata a súa carreira de Arquitectura, na que se considera discípula de Luis Barragán, un dos máis importantes arquitectos mexicanos. Cando remata a carreira ven traballar a Galicia e intégrase durante seis anos no estudio do arquitecto galego César Portela. En 1990 abre o *Teresa Táboas Estudio de Arquitectura*, dende o que vén desenvolvendo numerosos proxectos de Edificación e Urbanismo. A súa tese de doutoramento trata o tema da cor na arquitectura e está publicada en Edicións do Castro (1991). Tamén publicou *Emigración y Arquitectura* (Deputación Provincial de Pontevedra, 1999). Ademais, colabora habitualmente con artigos en revistas especializadas e prensa como o *Xornal de Galicia*. Desempeñou varios cargos directivos: presidenta do Colexio Oficial de Arquitectos de Pontevedra (1999-2003), membro da Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, decana-presidenta do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, conselleira do CSCAE (Consello Superior dos Arquitectos Españóis), representante do Consello Superior de Arquitectos de España ante o CAE (Consello de Arquitectos Europeos con sede en Bruxelas). Foi Conselleira de Vivenda e Solo da Xunta de Galicia entre 2005 e 2009 e na actualidade é membro do Parlamento de Galicia e militante cualificada do BNG.

### VILAR PEDREIRA, XOSÉ LOIS

(Baiona, 1965)

Licenciado en Historia pola USC aínda que se dedica á venda de froita en tendas e feiras. Como arqueólogo escavou castrexo en Portugal, neolítico nas Campurras (Santa Baia, Gondomar), represaliados da represión franquista en San Xián (O Rosal) e Baiona. Con Eduardo Méndez musealizou o conxunto de petróglifos no Outeiro dos Lameiros e O Grichouso. Con Roberto Rodríguez recolleu os nomes do mar desde Salcidos (A Guarda) ata Priegue (Nigrán) que serviu de base á súa obra: *Talasonimia da costa sur de Galicia* (2008). Cunha visión eminentemente divulgadora considera que a información recollida sobre petróglifos, talasónimos, non é para gardar nas gabetas polo que ten participado en numerosas exposicións, charlas, visitas guiadas, diúrnas e nocturnas, e asistido a congresos. Neste labor de difusión ten publicado tamén *Os nomes do mar de Baiona e Panxón* (2008, con ilustracións de Pepe Carreiro) dirixido á xente miúda. É subdirector do Instituto de Estudos Miñoranos (IEM) e membro da Asociación Galega de Onomástica e da Asociación SOS GROBA.



